

F. Martín Sarmiento

Sarmiento

Anuario Galego de Historia da Educación

Nº 14 · Ano 2010



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo



Sarmiento

Anuario Galego de Historia da Educación

Comité de redacción

Herminio Barreiro Rodríguez, *Universidade de Santiago (director)*
Carmen Benso Calvo, *Universidade de Vigo*
Narciso de Gabriel, *Universidade da Coruña*
J. Luis Iglesias Salvado (*secretario*)

Consello editor

Herminio Barreiro Rodríguez, *Universidade de Santiago*
Carmen Benso Calvo, *Universidade de Vigo*
M^a Dolores Cotel Guerra, *Universidade da Coruña*
Xosé Manuel Cid Fernández, *Universidade de Vigo*
Antón Costa Rico, *Universidade de Santiago*
Narciso de Gabriel, *Universidade da Coruña*
Eugenio Otero Urtaza, *Universidade de Santiago*
Carmen Pereira Domínguez, *Universidade de Vigo*
Angel S. Porto Ucha, *Universidade de Santiago*
Vicente Peña Saavedra, *Universidade de Santiago*
José Luis Iglesias Salvado, *Universidade da Coruña*
Sabela Rivas Barrós, *Universidade da Coruña*
José M^a Sánchez Pernas, *Universidade da Coruña*

Consello asesor

Denice B. Catani, *Universidade de São Paulo (Brasil)*
Héctor Rubén Cucuzza, *Universidade de Luján (Arxentina)*
David Hamilton, *Umea. University (Suecia)*
Agustín Escolano Benito, *Universidade de Valladolid*
Giovanni Genovesi, *Universidade de Parma (Italia)*
José María Hernández Díaz, *Universidade de Salamanca*
Dominique Julia, *ESHESS (Francia)*
Antonio Nóvoa, *Universidade de Lisboa (Portugal)*
Julio Ruiz Berrio, *Universidade Complutense (Madrid)*
Mária João Mogarro, *Universidade de Lisboa (Portugal)*
Frank Simon, *Universidade de Gent (Bélxica)*
Mercedes Vico Monteoliva, *Universidade de Málaga*
Antonio Viñao Frago, *Universidade de Murcia*

*Este volume publícase cunha subvención da Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia.*

Sarmiento. N^o 14. Outono, 2011

Coordinación editorial: J. Luis Iglesias Salvado

Edición Técnica: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

Editan: Servicios de Publicacións das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

SARMIENTO inclúese sistematicamente, entre outras bases de datos, en CIRBIRC (CSIC), ISOC, FRANCIS e REBIUN.

ISSN: 1138 - 5863

D.L.G.: VG 829-1997

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ESTUDOS

- * **Castelao, educador da nación** 13
Narciso DE GABRIEL
- * **O Seminario de Estudos Galegos: laboratorio dun plan pedagógico para Galicia**..... 27
Antón COSTA RICO
- * **O problema da galeguización do ensino superior na Galicia de preguerra**... 51
Xosé FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
- * **Historia de la Enseñanza de la Historia de la Educación en Brasil: hermenéutica y heurística de una investigación (1930-2000)**. 67
Decio GATTI JUNIOR
- * **Breve biografía de Veneranda Manzano (1893-1992)**..... 81
Benjamín RIVAYA
- * **El proyecto de Universidad gironiano para la clase trabajadora y su sistema de estudios** 89
Patricia DELGADO GRANADOS
- * **A educación das mulleres no pensamento feminista galego de finais do século XIX e comezos do XX: a perspectiva de Emilia Pardo Bazán** 109
Belén GARCÍA CABEZA
- * **Acerca de la naturaleza y de la patria del Padre Sarmiento**..... 125
José SANTOS PUERTO

DOCUMENTOS

- * **Unha ducia de cartas de Manuel B. Cossío a Francisco Giner dende San Victorio (Bergondo). Nadal de 1895**..... 135
Eugenio OTERO URTAZA

NOVAS 157

* **De Galicia e máis alá:** Noticias de Galicia(*Antón Costa Rico*); Rogério Fernandes: cidadão e historiador da educación (1933-2010)(*Margarida Louro Felgueira*); A História da Educação em Portugal, 2009-2010(*Maria João Mogarro*); O espazo histórico-educativo luso-brasileiro (Subsección para Brasil)(*Diana Gonçalves Vidal*)

* **Reseñas:** J.M. DOMÍNGUEZ GARCÍA: Cátedra de Gramática y Educación en Galicia siglos XVI y XVII(*Antón Costa Rico*); A. COSTA RICO : D'abord les enfants. Freinet y la educación en España (1926-1975)(*Anxo S. Porto Ucha*); J.A. CARIDE GÓMEZ e F. TRILLO ALONSO: Diccionario Galego de Pedagogía(*Antón Costa Rico*); R. CUESTA y A. MOLPECERES: Retazos, memorias y relatos del Bachillerato. El Instituto Fray Luis de León de Salamanca (1931-2009) (*Antón Costa Rico*); J. RUIZ BERRIO: El patrimonio histórico educativo. Su conservación y estudio(*Eugenio Otero Urtaza*); J. VERGARA: La educación política en la Edad Media: El Tractatus de Morali Principis Institutione de Vicente de Beauvais (1262/63). Una apuesta prehumanista de la política(*Antón Costa Rico*); J. GONZÁLEZ-AGAPITO (ed): Escoltisme, autoformación i ciutadania activa. Un balanç de cara al futur (*Antón Costa Rico*); O. NEGRÍN FAJARDO: Memoria histórica y educación en Canarias (1936-1942). Depuración y represión del magisterio en la provincia de las Palmas(*Anxo S. Porto Ucha*); C. SANCHIDRIÁN y J. RUIZ BERRIO (coords): Historia y perspectiva actual de la educación infantil (*Antón Costa Rico*); J. MAINER BAQUÉ: La forja de un campo profesional. Pedagogía y didáctica de las Ciencias Sociales en España (1900-1970)/ Inventores y sueños. Diccionario bioprofesional de pedagogos y didactas de Geografía e historia hacia 1936 (*Antón Costa Rico*); N. DE GABRIEL: Elisa y Marcela. Más allá de los hombres (*Víctor Juan Borroy*)

In Memoriam



Foto de Ramón Escudero

In memoriam

HERMINIO BARREIRO: “A EDUCACIÓN É O CAMIÑO DA LIBERDADE”

En poucas verbas

O pasado 6 de novembro finou, próximo aos 74 anos de idade, o profesor Herminio Barreiro Rodríguez, un dos máis notables profesores da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, e director de *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*.

A súa vinda á Universidade de Santiago e á Sección de Pedagogía en Outubro de 1976 (fixémolo a un tempo, el dende Madrid, e eu desde Salamanca) significou a chegada dos discursos, dos textos e das orientacións da pedagogía socialista. Con el accedíamos a un notabilísimo coñecemento do marxismo, desde as súas sempre ben dominadas lecturas; desde a comprensión dos textos, que sempre facía gustar ao alumnado das aulas de Historia da Educación. Canda el viña o arrecendo do grupo Brais Pinto, o dos galegos revoltados nos anos sesenta para a democracia na Universidade de Madrid; viñan o *Manifesto pola Escola Pública* do Colexio de Doutores e Licenciados de Madrid, a loita dos Profesores Non Numerarios, experiencias de vida, ideas, compromisos sociais, políticos e sindicais, lecturas interpretadas;...todo, facendo unha unidade que entregaba de seguido ao alumnado, que así o apreciaba, e aos seus compañeiros.

Herminio Barreiro, Profesor Titular da Universidade de Santiago e dende había seis cursos Profesor Emérito, era o grande coñecedor e estudoso do intelectual e pedagogo republicano Lorenzo Luzuriaga, sobre quen nos deixou estudos cumpridos. A Rousseau, pedra central da nova pedagogía, adicoulle por igual abondosas horas de estudo e lectura, que lle permitiron captar, quizais como ninguén entre nós na actualidade española, algunhas das febras intelectuais máis finas do escritor. Herminio Barreiro foi deixando textos de autor en ben cuidados artigos (*Historia de la Educación, Sarmiento, Revista Galega de Educación, A Trabe de Ouro, Tempos Novos, Galicia Hoxe...*) e en varios e valiosos libros, o último deles, de memorias, *Recordar doe*.

Deixa, pois, unha estela moi notable, como docente e como investigador, tal como sinalaron moitos testemuños ciscados polos medios de comunicación e pola rede. Tiña, ademais, un encanto singular no uso cultivado da palabra. A revolución socialista, a revolución cubana (que el puido ver nalgún dos seus mellores días hai tempo), o Portugal dos cravos,

a loita pola escola pública e democrática, a IIª República sempre, sempre Rousseau, ás veces Platón, e Luzuriaga como gran reformador pedagóxico, estiveron no centro da súa observación e lecturas, mentres cultivaba un laicismo de profundas conviccións, ademais da palabra amable, comasí se puxo de relevo no acto civil de despedida a un amigo, a un camarada, no cemiterio de Sisán (case *cimetière marin*) que o acolle, cabo da súa nai, hai pouco tempo falecida, e do seu pai, quen con 103 anos aínda pode ir cabo del, para levarlle unha flor lene e de mañá e darlle conta de como andan as cousas deste lado.

...e con algún engadido:

Atrás da vinda a Santiago, como docente universitario, quedaban a memoria virxinal dun neno de aldea, fillo de mestres de acentos republicanos e socialistas, que xogaba, contaba e cantaba, como outros, na fermosa lingua; un neno en Meilide, a paisaxe para sempre nos seus ollos, un neno a correr subido sempre nunha bicicleta, e que ás veces tiña que ir ver ao seu pai...na cadea da Parda por republicano, e tratar de entender.... Quedaba o bacharel de Pontevedra, que oíra as fermosas aulas de Filgueira e outros. Quedaba atrás o estudante universitario de Madrid, o estudante de Románicas, antes que de Pedagogía, o estudante que amaba a literatura, máis tamén os estudos sociais... Un dos compoñentes do “rompente” e “agadañado” Brais Pinto (alí deixou escrito páxinas de ouro, en *Recordar doe*). Quedaban as reunións políticas, a primeira militancia comunista, algún paso polas comisarías grises, e a estadía francesa como profesor de español, na compañía de Mercedes, a dona, e dos fillos aínda como pitos. Contóunolo en *Recordar doe*, un fío de memoria que trouxo ata as portas de Compostela. Pedímoslle que continuara, máis dixo que non.

A docencia e o exercicio do ensaio interpretativo, así como as intelixentes e constantes lecturas, singularmente relacionadas coa contemporaneidade, e especificamente co século XX, xunto co diálogo socrático cos estudantes, máis que os “papeis vellos” de arquivo, marcaron a súa traxectoria vital, profesional e intelectual. Materialista dialéctico, irreconciliable teoricamente co positivismo e co funcionalismo. Racionalista crítico, máis non popperiano. Con aprecio polo Dewey máis próximo á reforma social, que non todo Dewey, nin todo o pragmatismo, nin tampouco ningún aprecio, xaora, polo condutismo. Desconfiando do liberalismo burgués, por máis que xeneroso na valoración dos homes e mulleres que promoveron o movemento internacional da Escola Nova. Sempre Marx e Engels, con marcas gramscianas non sempre evidentes. Máis clásico e *harnequiano* (con Chile e o querido Presidente Allende no fondo do corazón) que *francfurtiano*. *Althusseriano*. Algo distanciada da pedagogía crítica e nada dado a hermenéuticas postmodernistas, para ben ou para mal. Cun punto de frecuente acomodación epicúrea ao complexo vivir de cada día, coas súas circunstancias.

A historia, a historiografía? A dos *Annales* case sempre (os da primeira xeración). A historia, a social dos marxistas ingleses, Hobsbawn, sen dúbida, e de Francia, Soboul, os días da *Revolución* que cambiaron para sempre Europa. E a historia cultural, para ben ou para mal, un enredo, un algo de “petis récits”. Cultivador de ideais, pero non idealista, nin

hegeliano, outro modo idealista. Apreciaba a idea estatal de Platón; apreciaba o valor que Platón lle concedía á educación pública, e creo que nada máis apreciaba en Platón. De Aristóteles apreciaba o que aquel tiña de alumno de Platón. De Agostiño (ao Santo nos referimos)...tomaba en conta ás *Confesións* logo retomadas polo seu amado Rousseau. E o querido Comenio: “ensinar todo a todos *in totto*”, a utopía; isto é, tamén o soño dos días felices da zafra, combinada coas campañas da alfabetización, a sementeira dos fillos da Revolución, logo dispersos por Angola, polos ambulatorios de sanidade do escenario bolivariano,... en pugna coas realidades escuras e indesexables que escurecían as mellores esperanzas do socialismo, provocando un chisco de crecente desesperanza. Isto é; falamos dos tempos máis achegados ao presente.

Nunha longa vida de docencia e de diálogo socrático houbo anos e anos...Uns máis felices ca outros, coma sempre nunha longa e fértil vida. A primeira longa década foi moi fermosa: había que oílo, que ben falaba, como manexaba citas, como se aparecía un título de cine, a escena dun filme, Passolini, *L'enfant sauvage* de Truffaut, recordando os esforzos educadores de Itard, o Plan Languewin-Wallon da postguerra europea, co esforzo construtor e creador de *les Compagnons*, Giner, Luzuriaga, a Montessori e na nosa casa María Barbeito, Rodolfo Llopis, a quen foi a entrevistar en Francia para mellor falar da Epopea; os libros da bonaerense Losada, as cartas coa filla de Lorenzo Luzuriaga, as formulacións sólidas contra o revisionismo histórico de cheiro neo-franquista, e sempre a memoria e o tempo presente...polos “garridos” ciscados desde Rusia (a “madre Rusia”) ata México; e Freire, coa causa da educación popular...Era como orballo en terra a modo. Mollaba e sementaba. Era bo e sempre comprensivo, ollos para a esperanza,.. e moi querido. Aínda que logo virían días máis ríspetos para todos, nos que o orballo non atopaba do mesmo xeito terra tan a modo. Con conciencia de mestre, “mestre de mestres (e de mestras)” se lle veu chamando abondosamente nestes días, puxo as columnas da *Voz* nun libro, *Retallos para un tempo distinto* (1992), e continuou a docencia neste País doce/amargo, aínda que a “racionalización universitaria” e o mercado, o neo-liberalismo, as “avaliacións de produtividade científica” (CNEAI) e as “axencias intelixentes e expertas”, foron poñendo paos nas rodas, que cousas!, roubándolle forza de vida ás palabras. Temos falado diso. Da maré trangalleira invadindo, embrutecendo, asolagando, colonizando, facendo apalpar a crueza do tempo, e obrigando a buscar algún refuxio. Ás veces, con mentes de construír cabanas de protección, máis tamén de avance sobre o terreo.

A lectura, por exemplo, e a escrita, coidada sempre. Testemuños: a edición de *La escuela única* de Luzuriaga (2001), o exame do nacional-catolicismo en relación coa educación (1996, 2005), a introdución á *Pedagogía Social* de Luzuriaga (brillante, 1993), a mestría nos comentarios de texto, a educación entre Rousseau e Napoleón (*Sarmiento*, 1997), as orixes da educación pública europea (1990, 1991, 2007), as raíces históricas da educación para a cidadanía (*Sarmiento*, 2008), Luzuriaga e a educación republicana (1984, 1989, e moitos máis), o legado de Rousseau (1994), a introdución á edición galega do *Emilio* (2006), co pan da lingua de Harguindey, e os textos publicados na *Trabe de Ouro* ou en *Historia de la Educación* dende os primeiros anos oitenta sobre os asuntos anteriores, deitados con finura e algunha firmeza, sobre os que coma el non habería outro

que escribira cabo de nós. Hai tamén un Herminio memorialista dos amigos (Valenzuela, Lueiro, Patiño, os Brais Pinto, Ferreiro, ...), ou dos amigos de intelixencia e corazón (Carlos Lerena, José Martí, Voltaire co seu *Cándido*). Un Herminio director de media ducia de teses e doutras tantas tesíñas de licenciatura. Un *passer* bibliófilo e cultural ben informado. Cando lle pediron letras en *Tempos Novos*, na *Revista Galega do Ensino*, o na *Revista Galega de Educación* (máis de vinte anos membro de Nova Escola Galega), case sempre acudiu; sempre en *Galicia Hoxe* na compañía de Antón Lopo (hai aí moito “disperso” a reunir). E quedan varios capítulos de libros. E “pezas raras”, todo literatura, como *O solar dos Camoens*. E a dirección, compartida e colexiada, deste *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*.

Os amigos e as amigas fixeron elexía e pranto á morte do amigo: Sergio Vences recordou os “libros malditos” lidos noutrora; Narciso de Gabriel, seu exalumno querido, falou da forza da palabra e da rigorosa preparación das aulas e da xenerosidade do tempo de atención; Pilar Sampedro falou da humanidade do vello profesor; Chiño Barral da súa militancia leal e da súa basta formación: “era quen de debater sobre poesía, teatro, escultura ou filosofía”, que confiaba nas enormes posibilidades da persoa; do “descubridor de lecturas” (Farrington, Kovaliov, Mondolfo) aló polos oitenta, falou Xosé Abilleira; e Manolo Area e Manolo Bragado, a acordar, por igual, naquelas clases de historia da educación. E máis: Loly, Luís, Vicente, Sabela, Anxo, Carme, Uxío...

Pola Residencia paseaba un humanista; de Santiago falamos. Un poeta, por veces, axudado dun perfil menos corrente. Un ilustrado, bo, sabio e prudente, dixo Ferrín, seu *compagnon*, na hora do adeus en Sisán. Unha “boa persoa e entrañable” dixeron os correos electrónicos naqueles días vindos de diversos lugares da pel de touro, coñecedores da noticia; un notable intelectual. Queda un suco, a súa pegada. As congostras de Meilide seguen mantendo os tons verde país de sempre, e aínda que xa non cantan os carros, a lingua é a da patria. Máis, a Residencia está máis apagada sen a presenza do *institucionista* que era Herminio Barreiro. Aínda así, a historia segue e non hai fin (que saibamos). Continuamos.

Antón Costa Rico

Cando está a chegar o Nadal de 2010

Estudos

Castelao, educador da nación

Castelao, educator of the nation

Narciso DE GABRIEL

Universidade da Coruña

[Necesitamos] unha educación de nación, para que Galicia sexa dona de si e señora de se afirmar ou de se negar, como tan expresivamente ten dito Uxío Novoneyra nese canto á autodeterminación que son os seus Alalás encadeados" (Herminio Barreiro en "Refundar a esquerda", 5 de xuño de 2010)

RESUMO: Castelao criticaba o sistema de ensino existente en Galiza polo seu carácter imperialista, e defendía, con criterios políticos e pedagóxicos, a necesidade de que incorporase a cultura e a lingua galegas. Mentres este propósito non se conseguía, os galeguistas, encabezados por Castelao, convertéronse en educadores da nación.

PALABRAS CHAVE: ensino, Galiza, cultura, lingua, Castelao, galeguismo, educador, nación.

ABSTRACT: Castelao criticized the educational system in Galicia because of its imperialist nature and he championed, based on political and pedagogical criteria, the need for it to incorporate the Galician language and culture. Although, this proposal was not achieved, the defenders of Galician language and culture, headed by Castelao, became the educators of the nation.

KEY WORDS: education, Galicia, culture, language, Castelao, "galeguismo" promotion of the Galician language and culture, educator, nation.

O propósito destas páxinas é expoñer e analizar a posición de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) verbo do sistema de ensino da súa época, así como o proxecto educativo que reivindicaba para a Galiza soñada, que era, en boa medida, a antítese do realmente existente.¹ Para estes efectos, servirémonos fundamentalmente da súa princi-

¹ Entre as biografías que poden consultarse sobre Castelao citarei dúas: a de Valentín Paz Andrade (*Castelao na luz e na sombra*, Sada, Edicións do Castro, 1982) e a de Henrique Monteagudo (*Alfonso Rodríguez Castelao*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2000). Para unha caracterización do tempo histórico de Castelao, véxase Ramón Villares, *Figuras da nación*, Vigo, Xerais, 1997, páxs. 85-99. Unha análise do sistema educativo da época pode lerse en Antón Costa Rico, *Historia da educación e da cultura en Galicia*, Vigo, Xerais, 2004.

pal obra ensaística, o *Sempre en Galiza*.² Mais antes de entrar en materia, convén deixar constancia da súa concepción da identidade galega, pois tanto a crítica ao existente como o proxecto de futuro aséntanse na convicción, profunda e sentida, de que Galiza é unha nación. Se esta se define, seguindo a Stalin, como unha comunidade estable e historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflectidos nunha comunidade de cultura, daquela Galiza é unha nación, por reunir todos e cada un destes trazos, e ten dereito, xa que logo, á autodeterminación (páxs. 40-41).³

O sistema de ensino existente en Galiza ten, para o noso autor, un carácter imperialista, pois unha das súas funcións consiste en impoñer a cultura de Castela ás outras tres nacións existentes no Estado: Euskadi, Galiza e Cataluña, cuxas singularidades son negadas e degradadas.

A institución á que presta máis atención é a escola primaria, que experimentará unha notable difusión precisamente no período histórico en que emerge e se desenvolve o nacionalismo galego, como tamén os outros nacionalismos subestatais. Será tamén daquela cando o Estado se preocupe por imprimirlle unha orientación máis uniformista ao ensino, evidenciada tanto na prohibición expresa de utilizar outra lingua que non sexa a oficial como na introdución de determinados contidos e prácticas de carácter nacionalizador.⁴

Castelao centra a súa crítica na exclusión do idioma galego das escolas, nun momento en que era absolutamente maioritario a nivel social. Carecermos de estatísticas ao respecto, porque o Estado, moi interesado en explorar determinados parámetros a través da pescuda estatística, consideraba que idioma e relixión lexítimos só había un, o castelán, e unha, a católica, de modo que non estimou necesario, nin sequera conveniente, indagar o comportamento lingüístico e as crenzas relixiosas dos españois, tal como advertían os responsables do censo de poboación de 1887.⁵ Esta carencia era aproveitada por algúns intelectuais españois para cuestionar o peso do galego. Así o fixo Miguel de Unamuno no debate que se produciu cando se redactou a constitución de 1931: “No creo que en una verdadera investigación resultara semejante mayoría [de galegofalantes, como sostíña Castelao]. No me convencen de eso.”⁶ Mais se na época non se facían estatísticas, a lectura retrospectiva das actuais non deixa lugar a moitas dúbidas. Abonde rexistrar, a este respecto, que, segundo datos de 1992, o 81,8 % dos que naceran antes de 1927

² Utilizamos a edición crítica, coordinada por Ramón Máiz, da publicada en 1961 (Santiago de Compostela, Universidade de Santiago e Parlamento de Galicia, 1992). As citas cuxa páxina aparece referenciada directamente no texto proceden desta edición do *Sempre en Galiza*.

³ Sobre o concepto de nación en Castelao, pode consultarse, entre outros, o traballo de Ramón Máiz, *A idea de nación*, Vigo, Xerais, 1997, páxs. 265-336.

⁴ Véxase o monográfico de *Historia de la Educación* (núm. 27, 2008), coordinado por María del Mar del Pozo Andrés. Neste monográfico pode lerse o artigo de Antón Costa Rico, “Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo. Escuela y deslegitimación etnocultural en Galicia”, páxs. 245-266.

⁵ *Censo de la población de España según el empadronamiento hecho en 31 de diciembre de 1887*, Madrid, Imprenta de la Dirección General del Instituto Geográfico y Estadístico, 1892, t. II, pág. V.

⁶ Citado por Henrique Monteagudo, *Castelao. Defensa e ilustración do idioma galego*, Vigo, Galaxia, 2000, pág. 48. É ben curiosa a historia: cando o galego era a lingua absolutamente maioritaria, ninguén se preocupaba por cuantificar o seu uso, mentres que hoxe, cando decae, todo son recontos.

tiveran o galego como lingua inicial.⁷ Con todo, o castelán xa conseguira no século XIX o seu “primeiro triunfo” entre as clases acomodadas urbanas: “Xeneralízase no lingoaxe corrente dos elementos burgueses; pero nin chega até os artesáns nin traspón os lindeiros da cidade” (páxs. 105-106).

E dado que a pedagogía postulaba que o ensino debía discorrer na lingua propia dos alumnos e alumnas, Castelao, como outros dos seus irmáns na causa do galeguismo, recorre a argumentos pedagóxicos para facer valer as súas aspiracións:

Hoxe os máis destacados educadores de Europa propoñen que o ensino se dea sempre na lingua materna dos nenos, deica o desenrolo completo da súa personalidade, porque así quedarán en condicións de deprenderen a segunda lingua, como asignatura. Este aisioma pedagóxico fúndase na comprobación de que a suma de coñecimentos adequiridos por un neno instruído na súa lingua materna, é dobre da que adequiriría n-unha lingua allea. A esplicación está dada por moitos pedagogos: Cando non se utiliza nas escolas a lingua materna dos nenos, prodúcese unha atrofia na facultade do lingoaxe, i esta perturbación déixase sentir fatalmente no aprendizaxe da segunda lingua. Estas conclusións parez que non chegaron ao coñecimento dos nosos estadistas (páxs. 108-109).

Así pois, o ensino que se imparte nunha lingua que non é a propia resulta menos eficaz en termos didácticos, e penaliza aos que non están instalados no idioma oficial, é dicir, á inmensa maioría da poboación escolar da época. Castelao apela á propia experiencia para poñer de manifesto esta circunstancia:

Eu tamén son fillo do povo e fun á escola sen entender ben a lingua do mestre, e tamén vin cómo tres compañeiros de fala castelán eran os máis adiantados, e non porque tiveran máis talento, según comprobei máis tarde, senón porque falaban a lingua do mestre. Qué neno galego non sofreu esta mágoa! (páx. 110).

Como tamén fixeran outros rexionalistas e nacionalistas, subliña, procurando gañar así adeptos para a súa causa, que a utilización da lingua propia de Galiza nas escolas favorecería ao mesmo castelán, pois dada a proximidade entre unha e outra lingua “é imposible corromper a nosa fala sen corromper, ao mesmo tempo, a lingua imposta, e un galego chegará a falar corretamente o idioma de Estado cando éste se lle poda ensinar valéndose do galego” (páx. 109).

Cando a escola se pronuncia nun idioma alleo aos alumnos e alumnas só pode producir unha aprendizaxe superficial e carente en boa medida de significado: “O neno deprende a decir moitas cousas sen saber ben o que dí e sen comprender ben o siñificado das verbas que pronuncia” (páx. 109). Así as cousas, as aprendizaxes escolares resultan escasamente duradeiras: “O resultado final é que a lingua imposta ‘non fecunda o campo das ideas’ e que os galegos aldeáns van perdendo, pouco a pouco, os coñecimentos escolares. E dispóis de saberen ler i escribir trócanse, moitas veces, en analfabetos” (páx. 110). A obriga de expresarse nun idioma extraño limita a súa orixinalidade e creatividade, tanto

⁷ Mauro Fernández Rodríguez e Modesto Rodríguez Neira (coords.), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega-Seminario de Sociolingüística, 1994, páx. 40.

oral —“O neno perde a expresión espontánea do pensamento” e “aquela orixinalidade verbal que conservan os analfabetos intelixentes. Resulta inferior a un analfabeto”— como escrita: “O neno galego, aínda dispóis de chegar á idade adulta, endexamáis deixa n-unha carta o cuño do seu carácter e da súa personalidade” (páxs. 109-110).

A falta de correspondencia entre a lingua escolar e a social produce un distanciamento dos nenos e nenas verbo da escola, que Castelao reflicte nalgunha das súas *Cousas da vida* e ilustra cunha anécdota moi similar na súa intención á descrita por Manuel Murguía no seu libro *La primera luz* (1860), destinado ás escolas primarias:

Chega un mestre andaluz a unha escola galega. O mestre non entende a fala dos nenos, e os nenos non entenden a fala do mestre. O mestre dibuxa unha cunca no encerado e pergúntalle a un neno: “¿Cómo se yama lo que acabo e dibujá?”. O neno non contesta. Entón o mestre andaluz quer axudalo: “Te a ta; seta a sa...”. E o neno contesta: “Cunca”. Entón o mestre, que non sabe o que dixo o rapaz, ceiba unha gargallada... Esta gargallada, de aparente inocuidade, é, non embargantes, un tiro que o neno recibe no centro máis nobre do seu espírito, unha ferida cicáis incurable (páx. 110).

Esa era, sen dúbida, a ferida máis profunda provocada pola escola, e Castelao sóboa diagnosticar con precisión: inculcar o convencemento de que “falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben” (páx. 42). A escola primaria, malia fornecer un coñecemento limitado do idioma oficial, que polo demais tiña escasa repercusión fóra das aulas, contribuía, xunto con outras instancias, á desvalorización da lingua propia, creando nos seus falantes a conciencia de seren portadores dun idioma degradado e degradante.

Alén destas consideracións de carácter psicopedagóxico, existen razóns políticas para criticar a exclusión da lingua galega do sistema de ensino, que Castelao non agacha. Se a lingua é un dos trazos básicos da nación, o seu “atributo máis esencial” (páx. 297), quen aspirase a gobernar Galiza tiña a obriga de reivindicar a súa oficialidade, pois o autogoberno xustifícase e lexitímase —e convén subliñalo especialmente hoxe— en virtude da existencia dunha cultura e lingua específicas que debe contribuír a cultivar e desenvolver: “Se Galiza non reclamase a oficialidade do seu idioma e o dereito a usalo como lingoa vehicular no ensino, ¿podería presumir de capacitación política para rexir a súa vida?” (páx. 108).

Se o ensino en castelán afoga a capacidade creativa de nenos e nenas, tamén afoga a do grupo étnico do que forman parte, como se pon de manifesto cando se compara a cultura da nación galega coa da portuguesa, que tiña un estado para promovala:

Desgraciadamente as posibilidades creacionistas de Galiza están afogadas pol-o ensino oficial —non gratuito, mais sí, obrigatorio— que lle dá o Estado hespañol, en servizo do imperialismo de Castela: pero é que o povo galego, con ser educado para que renegue da súa personalidade, non sóo soupo manter en constante tensión as forzas defensivas do carácter e soupo gardar en constante alarma o herdo espiritual dos seus maores, senón que para renascer abóndalle con calquera lampo de esperanza (páx. 348).

Porque Castelao sabía que o problema das linguas era, en última instancia, un problema político, e se non o sabía, aprendeuno cumpridamente durante a II República. Esta aprobou, ao pouco de se proclamar, o decreto de bilingüismo para Cataluña, e aínda que no seu articulado se prevía facelo extensivo a outras “lenguas peninsulares que se juzguen y se las juzgue con idéntico derecho”, nunca tal ocorreu. Castelao reclamouno repetidamente, mais sen éxito:

Un decreto menos ambicioso foi reclamado para Galiza, e un mesmo *Ministro de Instrucción Pública* enganounos dúas veces —unha o ano 1931 e outra en 1936— con promesas que non foi capaz de cumprir. Isto demostra que as concesións outorgadas a Cataluña non teñen o seu orixe n-unha estimación dos dereitos que lle corresponden como povo diferenciado. Foron outorgadas como privilexio. Pode decirse que o feito político de Cataluña eisixía solucións inaplazables e que a oficialidade do idioma catalán non podía demorarse; pero é que os problemas do bilingüismo existen en Valencia, Baleares, Euzcadi e Galiza. ¿Por qué non se consagrou na Constitución o dereito de todol-os hespañoes a usaren a súa lingua materna? E fora do problema nacional da cultura, ¿qué razón pode aducir un *Ministro de Instrucción Pública* para non estimar o problema pedagóxico que plantea o bilingüismo nos povos de fala non castelán? Porque a solución do problema pedagóxico era tan inaplazable en Cataluña como en Galiza (páx. 107).

Se entendemos a nación como unha realidade obxectiva, que existe con independencia da vontade dos cidadáns que a configuran, tal como sostíña Castelao —“as nacionalidades son seres creados pol-a natureza e independentes da vontade dos homes” (páx. 297)—, daquela Galiza era tan nación como Cataluña, polo que as súas linguas respectivas debían recibir un tratamento similar. Non foi así: atendéronse as demandas dos nacionalistas cataláns e desatendéronse as dos galegos. Porque en Cataluña, ademais de existir un feito diferencial obxectivo, existía un nivel de conciencia da súa propia singularidade e unha vontade de facer valer os seus dereitos nacionais moi superiores ás que se rexistraban en Galiza. O decreto de bilingüismo, máis que un privilexio, foi unha conquista, que se conseguiu en virtude da necesidade de resolver un dos problemas políticos fundamentais aos que se enfrontaba o Estado e non un problema pedagóxico. É por iso que o autor do *Sempre en Galiza* sostén que o decreto de bilingüismo “carece de espontaneidade e non podemos estimalo como prescripción pedagóxica” (páx. 109).

Unha das funcións que os estados nacionais asignaron aos sistemas educativos por eles creados foi a difusión da lingua consagrada como oficial, o que supuña erosionar e degradar o resto das linguas:

En primer lugar, el Estado nacional se manifiesta como el factor principal de unificación lingüística: cada nación, un Estado, y en cada Estado, una lengua. Ciertamente que en buena parte la lengua nacional se ha impuesto por el prestigio que otorga a la persona que la domine, pero ello no es óbice para echar en saco roto que la unificación lingüística se ha llevado a cabo por coacción, habiendo sido la escuela pública su principal instrumento. La función principal de la escuela fue, y sigue siendo, educar a la población en la lengua nacional. La generalización de la enseñanza pública a toda la población, uno de los pilares

del Estado social, entronca directamente con el afán de unificación lingüística, propio del Estado nacional.⁸

Certo é que esta política de unificación lingüística non se realizou da mesma forma en todos os estados. O francés despregou unha política moi agresiva, propugnando expresamente, desde a mesma Revolución de 1789, a destrución dos denominados “dialectos” ou *patois*. Fronte a unha asimilación lingüística de carácter “evolutivo”, practicada anteriormente, a Revolución francesa inaugura unha asimilación de carácter violento:

Denantes da Revolución francesa, ningún Estado civilizado considerou en perigo a súa existencia e unidade pol-o feito de que no seu territorio se falasen varias lingoas e viviran varias costumes xurídicas de tipo privado. O asimilismo xurídico e lingoístico compriase de modo natural, pol-o prestixio d-unha cultura sobor das demais ou por influxo da rexión en que se asentaba o poder do Estado. O proceso asimilista era evolutivo e raramente se apelaba á violencia. Foi a Revolución francesa quen cortou aquel tránsito pacífico, poñendo a natureza e as súas obras por debaixo dos sistemas pantasiosos do home. Perante o poder do Estado non eisisteu, dende entón, máis que o individo abstraito, é decir, o “cibdadán”. Foi así como se inaugurou, por razóns filosóficas, a violencia asimilista sobor dos povos diferentes do núcleo central (páxs. 441-442).

O Estado español foi menos agresivo nas súas declaracións de intencións, e semella que confiou en boa medida ao Progreso —“A guerra ao galego agravouse no século XIX, pol-a inflación burocrática do réxime de provincias e por certas supersticións do progreso...” (páx. 105)— a consecución dos seus obxectivos asimilistas e uniformistas.

No Informe Quintana (1813) —amplamente inspirado nos textos franceses, nomeadamente os de Condorcet e Talleyrand—, que está na base no sistema de ensino liberal, afirmase que “debe pues ser una la doctrina en nuestras escuelas, y unos los métodos de su enseñanza, a que es consiguiente que sea también una la lengua en que se enseñe, y que esta sea la lengua castellana”. Pero o castelán non se opón neste texto ao galego, ao éuscaro ou ao catalán, que nin sequera son nomeados, senón ao latín, o que permite utilizar argumentos pedagóxicos para xustificar esta decisión: “La lengua nativa es el instrumento más fácil y más a propósito para comunicar uno sus ideas, para percibir las de los otros, para distinguirlas, determinarlas y compararlas.” Claro está que os liberais, a diferenza dalgúns ilustrados, como é o caso de Sarmiento, só percibían unha lingua nativa en España: o resto eran dialectos, polo que a primeira batalla que tivo que librar o nacionalismo galego foi a de reivindicar e dignificar a lingua propia, que é precisamente unha das tarefas que se impón Castelao no *Sempre en Galiza* e no conxunto da súa obra artística e literaria.⁹ En todo caso, fronte a un Talleyrand que asignaba á escola primaria a función de facer desaparecer a morea de “dialectos corrompidos” que se falaban na Francia da época, tal como demandaba “a forza das cousas”, Quintana conténtase con que a

⁸ Ignacio Sotelo, *El Estado social. Antecedentes, origen, desarrollo y declive*, Madrid, Editorial Trotta, 2010, páx. 109.

⁹ M^{re} Pilar García Negro, “A obra de Castelao, consagración da normalidade monolíngüe”, en *Castelao na Galiza do século XX*, A Coruña, ASPG e UDC, 1999, páxs. 29-38.

escola corrixa “los malos hábitos de pronunciación y de frase adquiridos” polos alumnos “en su educación domestica, o propios de la provincia en que ha nacido.”¹⁰ Destruir fronte a disimular: a diferenza non é menor.

Durante todo o resto do século XIX, e sen que o Estado ditase disposicións específicas a este respecto, dáse por suposto que a lingua escolar debía ser, naturalmente, o castelán. Por se acaso, os inspectores de ensino primario lembrábanlles de cando en vez aos mestres e mestras que esta era a doutrina oficial. Así o fixo o inspector pontevedrés Vicente Alcañiz cando visitou unha escola do concello de Salvaterra de Miño, advertíndolle ao seu mestre que “se valga única y exclusivamente [*sic*] de la lengua nacional o sea española, mejor conocida por castellana, que es la oficial, limitándose a emplear el dialecto del país en los casos en que no fuese comprendida por los niños o bien para darles a conocer las palabras correspondientes del idioma patrio.”¹¹ Lingua castelá, lingua española, lingua nacional, lingua oficial fronte a dialecto galego, cuxa utilización só se xustificaba cando os nenos e as nenas non comprendesen o idioma lexítimo. E a realidade sociolingüística facía que esta práctica non fose en absoluto inusual, como advertía o noso autor no discurso parlamentar pronunciado o 18 de setembro de 1931: “Los maestros lo emplean [o idioma galego] como inevitable recurso pedagógico, al margen de toda legalidad, en las escuelas de Primera enseñanza”, e outro tanto se vían obrigados a facer os xuíces, os notarios e os empregados da administración pública.¹²

No primeiro terzo do século XX, e nomeadamente durante Ditadura de Primo de Rivera, publicáronse diversas disposicións legais prescribindo a obrigatoriedade do ensino en castelán e ameazando con sancións aos mestres e mestras que se desviasen da legalidade, que podían concretarse no traslado a un territorio sen idioma de seu e mesmo na separación do maxisterio.¹³ Estas disposicións represivas estaban motivadas máis que nada polo feito de que en Cataluña se sobordaban as marxes de permisividade que o Estado estaba disposto a tolerar.

O decreto de bilingüismo de 1931 deroga todas as disposicións ditadas ao longo da Ditadura contra uso do catalán nas escolas, e establece que nas maternais e de párvulos se utilizará a lingua materna dos nenos e nenas, o mesmo que nas primarias, onde se ensinará o castelán a partir dos oito anos. Este decreto supón unha conquista para Cataluña e o recoñecemento dun fracaso por parte do Estado que se viu na obriga de ditalo e que non estaba disposto a facer máis recoñecementos dos estritamente necesarios. A responsabilidade deste fracaso, é dicir, de que en España existise un problema nacional, recaía, en parte, na febleza histórica do sistema educativo. Así o afirmaba Manuel Azaña

¹⁰ A procedencia das citas literais especificase en “La Revolución francesa, Condorcet y la educación española”, estudo introductorio a Condorcet, *Cinco memorias sobre la instrucción pública y otros escritos*, Madrid, Morata, 2001, páxs. 28-29.

¹¹ Citado en *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada, Edición do Castro, 1990, pág. 362.

¹² Henrique Monteagudo (ed.), *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos*, Santiago de Compostela, Fundación Castelao, 1996, pág. 106.

¹³ María Pilar Freitas Juvino, *A represión lingüística en Galiza no século XX*, Vigo, Xerais, 2008, páxs. 204-211.

en 1939, que explicaba a vitalidade do catalán e do catalanismo en virtude do escaso poder o Estado e das “poucas escolas” que había en Cataluña.¹⁴

Castelao subliñará este fracaso nacionalizador do Estado español, aínda que llo apoiará, máis que á febleza do propio Estado, á fortaleza da cultura galega —“Galiza sigue falando galego porque ten unha cultura máis forte que a dos casteláns” (páx. 241)—:

Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Espulsáchedes o galego das eirexas, facendo que os representantes de Cristo esplicaran o Evanxeo no idioma oficial, que o povo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego ante os Tribunaes de xusticia e chegáchedes a castellanizar bárbaramente as toponimias galegas. ¿E de qué vos valeu? Porque dispóis de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados (páx. 42).

Que esta política asimilista practicada pola Monarquía fose continuada pola República, na que tantas esperanzas se depositaran, resultaba especialmente doloroso para os galeguistas:

A nosa xenerosidade podía ser tan sublime que aturásemos o sistema nivelador do ensino, coma nos tempos máis recuados da monarquía borbónica; pero non ademitimos que a República democrática siga inzando a nosa Terra de mestres forasteiros, que descoñecen a fala dos nenos que deben educar e instruír (páx. 110).

O centralismo monárquico podería persistir na teima de corromper e assimilar a alma dos povos da periferia, valéndose de escolas disociadas do ambiente e disociadoras da vontade colectiva; pero esta nosa República, que retrasa canto pode a liberdade política dos idiomas rexionais, non ten dereito a retrasar a solución do problema pedagóxico planteado nos povos bilingües de Hespaña, porque é un problema que afecta ao mesmo castelán (páx. 108).

Castelao láíase reiteradamente da resistencia da República a conceder o decreto de bilingüismo a Galiza, e reproduce unha das respostas que recibiron as peticións dos galeguistas: “*Este Ministerio estudia con sumo interés el caso que ustedes le plantean*” (páx. 242). E non foi esta a única demanda denegada. Tampouco se atendeu a solicitude de crear cátedras de galego nas Escolas Normais de Galiza: “Eu recibín, por tres veces, a promesa de que se crearían Cátedras de galego nas Escolas Normas de Galiza, e na derradeira conquerín autorización para comunicalo á prensa; pero eran promesas falsas” (páx. 242). Outro tanto sucedera anos antes coa petición dunha cátedra de lingua e literatura galego-portuguesa para a Universidade de Santiago, que si foi creada na de Madrid (páx. 242). Destas e doutras frustracións tira a seguinte conclusión: “Galiza sóio merecerá respecto cando abandoemos a nosa mansedume, dispóis de saber o que fomos, o que deixamos de ser e o que seríamos con vida independente” (páx. 387).

¹⁴ Citado por Juan Pablo Fusi, *España. La evolución de la identidad nacional*, Madrid, Ediciones Temas de Hoy, 2000, páx. 164.

Ademais de criticar a escola por utilizar unha lingua allea, tamén o fai por non prestar atención á cultura galega. Por exemplo á cultura literaria, que, malia as súas limitacións, coñecera un notable rexurdimento desde mediados do século XIX:

Pois ben: en ningún grado do ensino primario, secundario ou universitario, se lle concede atención á nosa língoa e á nosa literatura. Así, un galego pode, sen sair de Galiza, conquistar un título universitario, exercer unha profesión liberal e iñorar que existiu Rosalía de Castro (páx. 106).

Este descoñecemento supuña unha desvalorización da cultura propia, contra a que se rebelaron os galeguistas. Xosé María Álvarez Blázquez conta que, aos tres anos de se proclamar a II República, o Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes publicara unha pequena escolma da poesía peninsular destinada ás escolas primarias, que unicamente incluía un poema en castelán de Rosalía, cuxa biografía só ocupaba tres liñas, fronte ás dúas, tres ou catro páxinas dedicadas a outros poetas.¹⁵ Xosé María indignouse e fíxollo saber a Alexandre Bóveda, que o animou a denunciar esta postergación, como así fixo. Escribiu un contundente artigo titulado “Outro aldraxe”, acusando aos responsables ministeriais, “espritos cativos e ruins”, de aldraxaren “c-un silencio satánico e unha intenzón de cobra, a santa figura da gran Rosalía”.¹⁶ Como ben pode apreciarse, non lles faltaban folgos a estes nosos galeguistas.

O mesmo acontecía co ensino da historia, que ofrecía unha imaxe unitaria e unitarista, e escurecía, desvirtuaba e deturpaba a identidade e a traxectoria histórica de Galiza, esluíndoa nunha España eterna:

[Os nacionalistas] non queren, poño por caso, que dende as escolas se siga decindo que os hespañoes somos da mesma raza, da mesma língoa, da mesma cultura e civilización, e que nos xuntamos amorosamente n-unha patria única para conservar e transmitir este herdo ancestral, porque semellante mentira ten por obxecto a castelanización de Galiza, Euzcadi e Cataluña” (páx. 297).

Porque Hespaña non é unha nación. Puido chegar a selo, mais non o é, pois un Estado que “en varios séculos de política asimilista, non foi capaz de disolver as diferencias culturais e lingüísticas do seu territorio, non ten dereito a ser considerado como unha nacionalidade” (páx. 442). O seu proxecto nacionalizador fracasou, a diferenza do de Francia, “o país máis homoxéneo de Europa” (páx. 443). Hespaña é unha realidade plurinacional e plurilingüe formada por catro nacións e catro linguas: as de Castela, Cataluña, Euskadi e Galiza. E só así entendida, e apóndolle un ache maiúsculo, pode ser asumida polos nacionalistas que carecen dun aparato estatal para faceren valer os seus dereitos. A mellor forma de artellar politicamente esa realidade era o federalismo, incluíndo, se posible for, os irmáns portugueses. A autonomía non deixaba de ser unha concesión insuficiente e falta das necesarias garantías. A independencia era un horizonte aberto que só se clausuraría

¹⁵ Xosé María Álvarez Blázquez, *Alexandre Bóveda*, Vigo, Ir Indo Edicións, 1992, páxs. 24-25.

¹⁶ *A Nosa Terra*, 26 de maio de 1934.

cando Hespaña asumise os dereitos das nacións que a integraban ao seu autogoberno, nun réxime de soberanía compartida.

A II República, malia verse obrigada a facer concesións, non asumiu esta realidade plurinacional. Tampouco a nivel educativo. Castelao criticaba a “camada centralista que monopolizaba o ensino dende Madrid” por esas datas, porque os seus integrantes esterilizaban “os xermes de todo posible rexurdimento da alma hispana, ao negaren a variedade de culturas e imporen un soio módulo” (páx. 232). Neste sentido, desconfiaba da modelo pedagóxico da “escola única”, non por ser contrario ao seu afán de democratizar o acceso ao sistema de ensino, que compartía, senón polas súas posibles derivas uniformistas:

Escola unificada para lograr que todol-os hespañoes conquiran un mínimum de coñecimentos para loitaren na vida e para trocárense en elementos útiles â coletividade, está perfectamente ben; pero escola única como sistema de política asimilista, para lograr unha cultura uniformada, matando as variedades culturaes —que é riqueza de todos—, eso é un feito feixista. Eso nunca. Escola que non garante a cultura de creación, escola que non utilice o idioma materno dos nenos, como xeito pedagóxico indiscutible, escola para Galiza igual que para Castela, eso nunca (páx. 111).

Esa escola galega debía prestar unha especial ao medio rural, que era onde vivía e traballaba a maioría da poboación. Castelao, que non era un teórico da educación, non afonda nas características das escolas rurais, como farán Vicente Risco e outros autores.¹⁷ En calquera caso, subliña que deben ser diferentes ás das vilas e cidades, acomodar o seu calendario e horario aos ritmos da vida labrega e estar a cargo de mestres especializados, para evitar que se convertan en “lugares de tránsito para escolantes señoritos ou para mestres que se afogan nos climas labregos” (páx. 111).

O noso autor sabía que na Galiza da época existía un notable interese pola escolarización. Así se puña de manifesto nos edificios escolares que en moitas parroquias construían os veciños pola súa propia conta, máis modestos que os promovidos polos emigrantes, pero que obedecían á mesma ansia de mellorar a instrución e a sorte dos seus fillos e fillas. E cando se recorría ao aluguer, que era o usual, escollíanse, segundo afirmaba Castelao na intervención parlamentar realizada o 22 de decembro de 1932, “las [casas] mejores entre las pocas disponibles, y conozco algún caso en que un propietario, realizando un acto de abnegación y desinterés, en bien de la cultura de sus convecinos, cede la casa en que vive para destinarla a escuela, y se va a habitar a otra vivienda más modesta.”¹⁸ Este interese pola instrución debería se aproveitado no futuro, cando o goberno galego asumise as competencias en materia educativa: “A función escolar tamén debe corresponder â Xunta de Galiza, estimulando âs parroquias para que axuden a construíren escolas e ademitindo a prestación persoal, porque beneficia â propia entidade, libertándoa d-unha carga” (páx. 122).

¹⁷ Sabela Rivas Barrós, *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico (1900-1936)*, Vigo, Xerais, 2001, e *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas*, Sada, Edicións do Castro, 2002.

¹⁸ Henrique Monteagudo (ed.), páx. 126.

A maiores, sería necesario crear “escolas de formación campesiña, que diñifiquen a comunidade aldeán, fomentando o espírito comunal, inculcando o apego á terra nativa e creando a base d-unha ampla cultura técnica e agraria” (páx. 111). Tamén se precisaban escolas superiores de agricultura, pero previamente debía promoverse a investigación e a experimentación agrícola, pecuaria e forestal, pois o ensino agrícola só contribuíría ao desenvolvemento agropecuario se os principios da ciencia agronómica se adaptaban ás características da nosa terra, como xa se estaba a facer na Misión Biolóxica de Galiza:

Temos ouvido decir, en actos de propaganda, que Galiza necesita Escuelas de Agricultura, e temos visto cómo as xentes do agro abrían os ollos e mostrábanse agradecidas. Mais nós preguntámonos: ¿Qué poderían enseñar hoxe esas Escuelas aos nosos labregos? ¿Qué poderían divulgar i enseñar, como non fosen os principios fundamentaes da ciencia agronómica? Non; o que necesitamos primeiramente son centros técnicos de investigación i experimentación agrícola, forestal e pecuaria (páx. 130).

A instrución primaria, profesional e técnica eran necesarias para vivir na Galiza e para favorecer o seu desenvolvemento, mais tamén para afrontar a experiencia emigratoria, á que estaban convocados moitos galegos e galegas. Fronte aos que criticaban os galeguistas por reivindicaren a incorporación ao ensino dun idioma que abría menos portas que o castelán, Castelao retrucaba, primeiro, que aspiraba a converter a emigración nunha experiencia optativa e non obrigatoria, e segundo, que os que emigrasen debían facelo coa formación necesaria para se desenvolver debidamente nos países de destino: “A superioridade non está no idioma que se fala; está no que se sabe, no que se di e no que se fai” (páx. 43).

Aínda que a súa atención se centra nas “escolas casteláns que o Estado mantén no país galego” (páx. 447), tamén fai algunhas reflexións sobre “a Universidade castelán, que o Estado hespañol sostén en Sant-lago de Compostela” (páx. 357). A escolarización primaria estaba camiñando daquela cara a súa universalización, polo que as súas consecuencias desgaleguizadoras resultaban particularmente nocivas, ao afectaren á principal seiva nutricia da cultura galega, é dicir, ás clases populares, nomeadamente as que vivían do traballo na terra e no mar, mentres que o ensino universitario tiña un carácter fortemente elitista. En todo caso, a Universidade vivía tan de costas á cultura galega como as escolas de primeiras letras, funcionando unha e outras como “axentes desgaleguizadores” (páx. 105). Castelao cita neste sentido a Vicente Risco, segundo o cal na nosa Terra se podían “obter os máis outos grados e os máis outos cárregos sen saber ren de Galiza. O Estado concede gratuitamente o dereito a iñorala” (páx. 358). Precisamente para combater esta ignorancia, os galeguistas puxeron en marcha o Seminario de Estudos Galegos:

En 1923 fúndase o “Seminario de Estudos Galegos” para centralizar os traballos de investigación e inaugurar en Galiza unha solidariedade centífica que supla as deficiencias da Universidade. Este Seminario publica numerosos traballos en galego e colócase á par dos mellores Centros similares de Hespaña” (páx. 107).

Os nacionalistas galegos nunca tiveron o Estado da súa parte. A súa foi unha loita á contra. E como non tiñan un sistema educativo educativo á súa disposición, convertéronse

eles mesmos en educadores da nación. Constituíronse en escolanía de cidadanía galega, na que Castelao oficiou como escolante maior.

Porque a nación necesitaba ser “educada”, malia ser “un feito e non unha idea” (páx. 39). E necesitábalos porque Castelao sabía que era moito máis que unha “fatalidade biolóxica” (páx. 294). Era tamén un sentimento, que tiña a súa mellor expresión no amor á Terra: “Aos galegos pode faltarnos a vontade de crear un ser político independente; pero non hai povo hespañol que nos aventaxe en amor á terra natal” (páx. 45). Para ser operativo, ese sentimento precisaba transformase en idea: “Foi en Galiza onde primeiramente xurdeu un compendio doutrinal de autonomismo [da man de Alfredo Brañas], para converter o sentimento en idea política” (páx. 202). Unha idea que tiña que encarnarse nunha vontade colectiva, á que lle correspondía completar a obra iniciada pola natureza: “Eu [...] confío na soberanía natural de Galiza, que sóo agarda por unha rexa vontade colectiva para facerse respetar” (páx. 35). Esta vontade colectiva, á súa vez, convertería a Galiza nunha nación “perfeita”, resultado da suma de soberanía natural e de soberanía política: “Galiza, pois, conta con todo-los atributos hestórico-naturales que caracterizan ás verdadeiras nacionalidades; pero fáltalle algo moi importante para ser perfeita: fáltalle a independencia política, o goberno propio, que toda sociedade humana necesita” (páx. 447). E o único camiño lexítimo para acadar o autogoberno era convencer á cidadanía dos beneficios, individuais e colectivos, morais e materiais, que del se derivarían: “Porque a conciencia da propia personalidade e os anseos de salvar a imponderable riqueza do seu espírito son a garantía moral que Galiza ofrece para merecer a liberdade” (páx. 108). Eis a razón de ser do proxecto político-pedagóxico do galeguismo. Un proxecto en boa medida inédito, porque “os nosos devanceiros políticos [...] non popularizaran as súas doutrinas nin orgaizaran a forza que debía difundilas” (páx. 200). Así pois, a conciencia da propia singularidade e a vontade de afirmala importaban, e moito.

A soberanía política mesmo era necesaria para conservar a soberanía natural. Algúns dos trazos que a configuraban non eran asimilables, como a Terra, “doce de formas porque é moi forte de entranas” (páx. 44), xa que Estado centralista nunca podería “converter o noso territorio en planura castelán” (páx. 46). Mais se o corpo da nación é inmortal, o seu espírito é perecedeiro. Os “síños espirituais da nacionalidade galega”, malia permanecer vivos, “puderon morrer asimilados” (páxs. 45-46), do que se deduce que poderían morrer no futuro, se as circunstancias seguían a ser adversas. A lingua era o exemplo mais contundente e alarmante.

Que estaba viva ben se ouvía, pois era a fala que tiñan como propia as clases populares, nomeadamente as instaladas no medio rural. Ocorría, porén, que “os aldeáns falan galego sempre coa mesma sinxeleza con que cantan os xilgaros, sen decatárense da frescura do seu cantar” (páx. 106). Peor aínda, o seu cantar era considerado rústico e primitivo por parte das clases acomodadas, que abandeiraban o proceso de substitución lingüística, e os propios galegofalantes remataron por interiorizar esas mensaxes. O proceso de substitución lingüística estaba, xa que logo, aberto, e continuaría progresando de non se lle poñer remedio, polo que a soberanía natural, que tiña na lingua o seu principal

atributo, se erosionaría gravemente de non se acadar un certo grao de soberanía política que permitise reconducir ese proceso. Dito doutra maneira, a lingua necesitaba non só do ruralismo, que daba acubillo ao cantar espontáneo dos xílgaros, senón tamén do galeguismo, que permitiría tomar conciencia da fermosura dese cantar, dignificalo e poñelo en valor. A vontade implícita que a conservara debía transformarse na vontade explícita de lle dar continuidade.

Os galeguistas aplicáronse esforzadamente e con escasos medios á tarefa de afirmar e difundir a nosa cultura e a nosa lingua, para o que crearon “institucións de cultura galega, ao marxe do Enseño oficial, impulsadas por unha superación do vello rexionalismo político”, que “non sóio galeguizaron o clima intelectual da nosa Terra senón que, ademáis, ergueron orgullosamente o natural galeguismo do noso povo” (páx. 359). Institucións culturais como o xa citado Seminario de Estudos Galegos, a revista *Nós*, o xornal *A Nosa Terra* ou as editoriais Céltiga, Lar e Nós. E institucións político-culturais como as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista, que difundiron o seu ideario non só a través da letra impresa, senón tamén da palabra: conferencias, discursos, mitins, excursións ou xantares de irmandade.

Nesta tarefa Castelao desempeñou un papel de especial relevo. Como afirmará nun discurso pronunciado en sé parlamentar en 1931, “yo no soy más que un artista que ha puesto su arte al servicio de una bella causa: la de despertar el alma de Galicia”.¹⁹ Porque, como advertía Ramón Cabanillas en *Da Terra asoballada*, esa alma estaba adurmiñada e era necesario espertala:

¡A alma galega dorme,
a santa Idea está morta
e tés de ir porta por porta
encendendo os corazóns!

Castelao foi, certamente, un artista, mais tamén un político, como el mesmo subliñará en 1944, cando se lle rende unha homenaxe en Bos Aires co gallo da publicación do *Sempre en Galiza*. Se os debuxos trazados pola súa man “conmovían el corazón de las gentes”, as ideas expresadas no *Sempre en Galiza* “conmueven la conciencia gallega”.²⁰ Unha vez morto, a súa obra, e tamén a súa vida, seguirán a conmover os corazóns e a espertar as consciencias. Foi, sen dúbida, un dos máis sobranceiros educadores da nación, se non o máis.

¹⁹ *Ibid.*, páx. 105.

²⁰ *Ibid.*, páxs. 242-243.

O Seminario de Estudos Galegos: laboratorio dun plan pedagóxico para Galiza

The “Seminario de Estudos Galegos”: The Laboratory for an educational platform in Galicia

Antón COSTA RICO

Universidade de Santiago

De Nova Escola Galega

*Para Isaac Díaz Pardo, o máis mozo dos vellos,
e para os mozos máis novos*

RESUMO: O Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923, constituíuse en importante plataforma cultural galeguista, entre os anos 1928 a 1936, momento no que foi clausurado polas novas autoridades franquistas. Con máis de 170 socios activos, o SEG abriu diversas parcelas de estudo da realidade social, histórica, económica, e cultural de Galicia, o que se expresou nalgúns moi notables traballos de investigación, en xeiras de difusión cultural, no intercambio científico e de información con entidades académicas españolas e internacionais e na edición de libros. No SEG participaron algúns profesores atentos á problemática educativa de Galicia, e a través da Sección de Pedagogía, desde 1933, desenvolveron varias iniciativas. É o que se analiza na presente contribución, situando as súas achegas, tanto no panorama das demandas de reforma educativa española, como no contexto das orientacións educativas trazadas pola corrente ideolóxica do galeguismo. A Sección podería ter sido um Laboratório de pensamento educativo, pero *de facto* non chegou a sê-lo, e procúranse aquí as oportunas explicacións.

PALABRAS CHAVE: Pedagogía, Galeguismo, realidade educativa, ideoloxía, propostas e programa de intervención.

SUMMARY: The “Seminario de Estudos Galegos”, established in 1923, became an important cultural Galician nationalist platform, between 1928 and 1936, at which time it was closed down by the new Francoist authorities. With more than 170 active members, the SEG opened several fields of study related to the social, historical, economic and cultural reality in Galicia. These were brought to light in the wide variety of outstanding works of investigation, in areas

of cultural diffusion, in the exchange of scientific knowledge and data with other national and international academic organizations and in the publication of books. Also participating in SEG were teachers interested in the educational problems in Galicia, and through the “Sección pedagógica” (Pedagogical department), began to develop a number of different initiatives as of 1933. This article presents an analysis of these facts, placing emphasis on contributions from the demands of educational reform in Spain and on the context of educational orientations laid down by Galician nationalist ideology. The “Sección” could have been a “Laboratorio de pensamento educativo” (laboratory of educational thinking) but this in fact did not occur. This article explores the pertinent explanations.

KEY WORDS: Pedagogy, Galician nationalism, educational reality, ideology, proposals and intervention program.

Realidade, símbolo e semente

O Seminario de Estudos Galegos (en diante, SEG), que en 1923, puxeron a andar un pequeno grupo de estudantes e profesores universitarios compostelanos, tiña como pre-tensión realizar o estudo da realidade de Galicia nos seus diversos aspectos constitutivos, encamiñado ao mellor desenvolvemento social e cultural e á incorporación de Galicia ao escenario internacional dos pobos e das culturas, facéndoo con conciencia colectiva e con voz propia.

Nacía o SEG porque existía un contexto que favorecía a consolidación de dinámicas rexionalizadoras que contrapesaban, sen dúbida, a tendencia unitarista e española, coa que se estaba a fraguar o Estado español.

Facíao, igualmente, grazas á existencia de sectores intelectuais e de vertentes políticas rexionalistas que, entre nós, se acolían baixo a expresión ampla do galeguismo. Podemos recordar que no mesmo ano de 1923 morría Manuel Murguía, o grande e erudito historiador (*Historia de Galicia*, 1885), o home de Rosalía de Castro e primeiro presidente da Real Academia Galega, fundada en 1906, mercede a impulsos unidos dos galegos de América. En 1907 fundáranse *Solidaridad Gallega* e o periódico *A Nosa Terra* (que hoxe seguimos lendo). En 1916 constituíranse as *Irmandades da Fala*. En 1920 fundárase a importantísima revista cultural *Nós*, e aínda en compañía do SEG aparecerán: a *Escola do Insiño Galego* da Coruña (no mesmo 1923) e de seguido ás Editoriais *Lar* (1924) e *Nós*, a que desde 1927 impulsará tamén Anxel Casal¹.

Nacía, así, o SEG cando existía una recoñecida rede galeguizadora, por máis que non estivera consolidada por completo. O SEG escolle como fórmula organizativa nuclear a de Seminario², a que era a dominante como metodoloxía de investigación e de formación nas

¹ Anxel Casal, impulsor tamén da *Escola da Coruña*, foi asasinado en 1936 sendo o alcalde da cidade de Santiago. Era destacado militante do Partido Galeguista.

² Cunha ordenación interdisciplinaria para potenciar os resultados das investigacións.

universidades alemáns da época, quizais o mellor espello intelectual daquel tempo. Seguíanse, por outra parte, os pasos encetados por Cataluña en 1907, ao crearse alí o *Institut d'Estudis Catalans*. E deixárase sentir alguna influencia da 'JAE', o organismo creado pola Administración Española para o impulso da política científica, coa denominación de Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas.

Nacía, por fin, como atributo amoroso ao Padre Sarmiento quen, por volta de 1771, falara da necesidade de que se reuniran en Compostela una dúcia de *Alethophilos*, amantes dos saberes, para proceder ao estudo da realidade de Galicia, a fin de compoñer os precisos libros das diferentes temáticas do país, para que puidesen servir aos nosos escolares.

A través dunha paulatina incorporación de homes e de mulleres (estas con menor presenza), case sempre de vencello universitario, chegaron a formar parte do SEG uns 170 socios, coa compañía dun amplo número de socios colaboradores e protectores (no senso social e económico). Polo que o SEG fixo (ata 1936), e polo que comezaba a simbolizar, chegou a acadar un apreciable recoñecemento social, institucional e académico. Nunca Galiza tivera una instancia colectiva coma esta, un cerebro intelectual vivo en intres de muda e cando o País se predispónía a encetar o réxime político autonómico.

O 36, tamén aquí supuxo a desfeita e a interrupción das enerxías culturais acumuladas. Como sinalou Francisco del Riego: "A obra do SEG foi interrompida violentamente no momento máis fecundo e prometedor da súa política cultural"³.

Aínda así, a memoria do que fora o SEG perdurou. Como memoria fértil serviu para promover novas iniciativas culturais, tanto por parte dos exilados políticos republicanos galegos en América, como na mesma Galiza. De alí, podemos recordar as varias coleccións editoriais e editoras bonaerenses (Atlántida, Nova,...), ou a *Historia de Galicia* de 1963, entre outras iniciativas⁴; de aquí, cómpre lembrar a creación das editoras Galaxia e Monterrey (1950) e do Castro, a creación do Museo do Pobo Galego (1975), que mesmo incorporou nos seus fondos una pequeniña parte do que foran fondos do SEG, ou a creación do novo SEG en 1978⁵.

Por iso é que, ademais de ser una realidade precisa, o SEG serviu de semente e é hoxe considerado un símbolo, una magnífica representación do pulo creador e galeguizador, encadrada no contexto do brillante momento cultural hispano que actualmente coñecemos como *Idade de Prata*.

³ DEL RIEGO, F., "Testemuños", in CUADERNOS DO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA, *Testemuños e perspectivas en homenaxe ao SEG*, O Castro, Sada, 1978, p. 27.

⁴ Vid. CUPEIRO VÁZQUEZ, B., *A Galiza de Alen mar*, O Castro, Sada, 1989; NUÑEZ SEIXAS, X. M., *O Galeguismo en América, 1879-1936*, O Castro, Sada, 1992; SIXIREI PAREDES, C., *Galeguidade e cultura no exterior*, Xunta de Galicia, Colec. A Nosa Diáspora, Santiago de Compostela, 1995.

⁵ Nun amplo acto celebrado no aínda recente Salón de actos do Museo do Pobo Galego, onde se elixiu nunha Comisión Xestora, da que fomos parte, como instancia previa á pronta constitución definitiva, co máximo impulso a cargo do creador e intelectual Isaac Díaz Pardo, e a participación de destacados referentes do vello SEG.

Unha institución científico-cultural

Expresouno en precisas e adecuadas palabras Alfonso Mato, quizais o seu mellor estudoso:

“O SEG foi una institución científico-cultural ligada á Universidade compostelá que durante os seus trece anos de vida (1923-1936) integrou no seu seo profesorado e alumnado universitario, intelectuais galeguistas da xeración Nós e das Irmandades da Fala e membros salientables dos distintos cenáculos da erudición local galega. Estruturado en 14 seccións, que abarcaban boa parte das disciplinas científicas da época, sobre todo do campo das Letras, chegou a ter máis de 200 socios e socias activas.

Na súa sede do Colexio de Fonseca reuniu unha importante biblioteca e un pequeno museo, no que estaban expostas as súas coleccións arqueolóxicas, etnográficas e artísticas. Pódese dicir que o SEG foi unha institución que pertenceu á mesma árbore xenealóxica que iniciou en 1876 a Institución Libre de Enseñanza e que inspirou as mellores empresas culturais da España do primeiro terzo do século XX, como a Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907), o Institut d'Estudis Catalans (1907) ou a Residencia de Estudiantes (1910). De xeito parello ás institucións citadas, o Seminario axudou á formación dunha elite cultural que, de non ser pola ruptura de xullo de 1936, semella que estaba destinada a desempeñar un papel importante en Galicia”⁶.

Faremos unha breve glosa. O 12 de outubro de 1923 un grupo de mozos universitarios, coa aquiescencia dos profesores universitarios Armando Cotarelo Valledor, que foi nomeado primeiro Presidente, e Salvador Cabeza de León, que tamén sería electo Presidente posteriormente, constituiría simbólicamente este SEG logo dunha camiñada ata Ortoño, a casa natal de Rosalía de Castro, no fermoso e fértil Val de A Maía.

O SEG nacía vencellado á Universidade de Santiago, e a esta institución permanecería ligado..., o que contribuíu para abrir a Universidade á galeguización da formación. Así o recolleu o periódico *A Nosa Terra*⁷, ao informar sobre o nacemento da iniciativa. E, en efecto, foron numerosos os universitarios, tamén de ciencias, os que se ían incorporando ás súas actividades diversificadas entre: a formación de investigadores (a través das accións das diversas seccións), e a difusión cultural (neste caso, a través da publicación de

⁶ MATO, A., *O Seminario de Estudos Galegos*, Edicións do Castro, Sada, 2001, pp. 116, 131 e 132.

⁷ “Na Universidade compostelá. Seminario de Estudos Galegos”, *A Nosa Terra*, nº 195 (I-XII-1923), p. 3: “Afecta á sección de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, creouse un Seminario de Estudos Galegos, do que é presidente o noso distinguido amigo e ilustre catedrático D. Armando Cotarelo Valledor. Este Seminario promete ser un centro de gran importancia para o fomento e cultivo non sómente da literatura rexional senon tamén para as ciencias históricas e para o desenvolvemento da vida galega nun amplo orde cultural. Na Cruña ven funcionando tamén un Instituto de Estudos Gallegos. Mais, francamente, parécenos que nen a súa orientación nen a intensificación do seu traballo fará gran cousa en ben de Galicia. O de Santiago, sí: o de Santiago, ademais de estar presidido por un home cultísimo, de verdadeiro valer e fundamento galeguista, ten entre os seus socios de todas crases o máis frorido da mocidade galega que sinte arder no seu peito o amor ao ideal d'un gregorioso rexurdimento da nosa Galicia”.

traballos escritos con diverso alcance, das xeirais culturais, dos ciclos de conferencias, e tamén da creación literaria e o cultivo estético)⁸.

O SEG fora creado baixo a influencia directa, aínda que non premeditada do Grupo Nós de Ourense; “da semente de Nós nace o SEG”, escribiu Xaquín Lourenzo Fernández (o etnógrafo *Xocas*)⁹, o que tamén confirmou Ramón Martínez López: “A revista Nós e o SEG foron dous feitos culturais paralelos e complementarios”¹⁰. De feito, membros tan destacados de Nós como foron López Cuevillas, Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Xaquín Lourenzo, foron, igualmente, membros absolutamente relevantes do Seminario. Indirectamente, a existencia doutros organismos similares serviu, asemade, para impulsar tal creación, no dicir de Xosé Filgueira Valverde:

“En Galicia era necesario este movimiento de colaboración docente e investigador... Hubimos de inspirarnos en el ejemplo de labor de cultura y de patriotismo de la Sociedad de Estudios Vascos, institución que tanto ha elaborado por la valoración cultural de aquel país (...). Del Instituto de Estudios Catalanes, exaltador ferviente de las virtudes de aquella tierra. De la Junta de Ampliación de Estudios, que como se sabe va a la cabeza del movimiento intelectual del momento. Todo ello impeliónos a abordar esta obra”¹¹.

O SEG concebiuse sobre a base da existencia de socios activos, que logo de ser captados debían presentar un traballo orixinal e inédito sobre un tema galego, para conformar a súa pertenza ao Seminario, e cando menos un traballo anual obrigatorio¹², e de socios protectores. Preveuse, por outra parte, a elección en Asamblea –rexida, como todo o SEG, por uns Estatutos- da Xunta Directiva (composta por un Presidente, un Secretario Xeral, un Secretario de Actas e un Tesoureiro), e dun Consello Director (composto polos membros da Xunta Directiva, os directores das Seccións –que agrupaban aos socios activos- e os conselleiros permanentes, aqueles que co paso dos anos deixaran de ser parte da Xunta Directiva). Este Consello Director debía reunirse anualmente en sesión plenaria.

No día a día e desde a súa creación en 1923 houbo varias modificacións e diversas incidencias neste modo de estruturación. Así, se durante os tres primeiros cursos ingresaron 76 socios, só se presentarían 46 traballos, sendo moi irregular a creación e o funcionamento das Seccións, que foron reestruturadas en 1926 con ocasión da IIª Xuntanza Xeral do SEG. Unha nova reestruturación xeral das Seccións tivo lugar en xaneiro

⁸ LORENZANA, S.: “Pretérito, presente y futuro del arte y de las letras en Galicia. El arte barroco se armoniza con nuestro humanizado paisaje. La generación de la “Academia” y la del “Seminario”. La Noche, 25.VII.1949, p. 5.

⁹ SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS, *O Seminario de Estudos Galegos, 1923-1934*, Nós, Santiago de Compostela, 1935, ‘Apéndices’.

¹⁰ MARTÍNEZ LÓPEZ, R., ‘O Seminario de Estudos Galegos, 1923-1924. Apéndice’, *El Correo gallego*, 1-X-1992; Sec.: *Revista de Letras* nº 21.

¹¹ Da entrevista realizada polo xornalista Juan J. González, “Una visita al Seminario de Estudios Gallegos”, *El Pueblo Gallego*, 1.XII.1927, p. 11.

¹² Unha achega a modo de Comunicación ou de artigo académico e/ou de difusión cultural. Isto eran máis as intencións estatutarias que a realidade do acontecido en cada caso individual, ao rexistrarse condutas bastante dispares a este respecto, sempre á beira dun considerable número total de traballos presentados como balance do Seminario. Vid. MATO, A., *O Seminario de Estudos Galegos*, op. cit., p. 33.

de 1930. No período 1926-27 a 1929-30 (catro anualidades) presentáronse 95 traballos, 50 deles de ingreso, sendo 18 deles obras de creación literaria ou artística. As Seccións de Historia, Ciencias Naturais, Prehistoria, Historia da Arte, e de Etnografía e Folclore, serían as máis produtivas. Incorporáronse ao SEG 40 novos socios activos nos anos da República (1931-1936), facéndose notar agora os novos profesores universitarios, seis ou sete en todo caso.

Nestes anos rexistra o investigador Alfonso Mato o tempo de máis intensa actividade e mellor estruturación do SEG, aínda que non fora menor a actividade e a produtividade rexistrada no período 1928-1930. Como exemplo, indicamos a composición do Consello Director rexistrado en 1934:

A.- Comisión Directora:

Presidente: Dr. Luis Iglesias Iglesias (Vicerreitor da Universidade, elixido á morte de Salvador Cabeza de León).

Secretario Xeral: Fermín Bouza Brey.

Secretario de Actas: Sebastián González García-Paz.

Depositario: Felipe Cordero Carrete.

Contador: Xaime Vidal Rei.

B.- Conselleiros permanentes:

Armando Cotarelo Valledor, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Salustiano Portela Pazos, Ricardo Carballo Calero, Paulino Pedret Casado, Xoaquín Lourenzo Fernández, Alfonso Vázquez Martínez.

C.- Directores de Sección:

Arte e literatura: Afonso Rodríguez Castelao.

Xeografía: Ramón Otero Pedrayo (Prof. Instituto de Ourense)

Etnografía e Folclore: Vicente Risco (Prof. Escola Normal de Ourense).

Historia: Vacante polo pasamento do Dr. Cabeza de León.

Ciencias Aplicadas: Manuel Gómez Román (arquitecto).

Pedagogía: Manuel Díaz Rozas (inspector-xefe do ensino primario en A Coruña).

Arqueoloxía e Historia da Arte: Xesús Carro García (coengo compostelano).

Filoloxía: Paulino Pedret Casado (coengo compostelano).

Historia da Literatura: Xosé Filgueira Valverde (Prof. Instit. De Pontevedra).

C. Sociais, Xurídicas e Económicas.: Lois Tobío Fernández.(Prof. Univers)

Ciencias Naturais: Lois Iglesias Iglesias (Prof. da Universidade).

Laboratoriode Xeoquímica: Isidro Parga Pondal. (Prof. da Universidade)

Prehistoria: Florentino López Cuevillas (arqueólogo).

Laboratorio de Psicotecnia: Antonio Iglesias Vilarelle (profesor universitario).

As seccións relacionadas coa temática arqueolóxica e histórica, coa etnografía e o folclore, coa arte, coa filoloxía e a literatura, coa xeografía, e coas ciencias naturais e da terra, foron as máis produtivas académicamente, aínda que tamén a relacionada coas ciencias sociais, o dereito e coa economía adquiriu un certo pulo e unha resoancia histórica notable, por mor da presentación do *Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia* en 1931.

Outras contribucións moi notables sinaladas sumariamente e por anualidades poden ser:

1924	Inicio do Ficheiro Bibliográfico de Galicia
1925	- Aparición do primeiro dos textos editados directamente polo SEG: <i>Os nenos</i>, de Xosé Filgueira Valverde - Inicio da catalogación dos castros de Galicia.
1926	- Estruturación das seccións - Inicio da publicación do <i>Vocabulario popular galego-castelán</i>.
1927	- Inicio da publicación periódica de estudos do SEG, os <i>Arquivos</i>, dos que saíran seis tomos, con traballos presentados polos socios. - Inicio das famosas e repetidas xeirais territoriais de investigación xeográfica, etnográfica e histórica, que darán lugar á publicación de libros como o notable <i>Terra de Melide</i> (1933), entre outros. - Publicación de varios textos de xeografía e historia de Galicia.
1928	Inicio dos traballos sobre economía e autonomía administrativa
1929	Constitución na Universidade do Laboratorio de Fitopatoloxía en colaboración co Seminario
1930	- Apertura ao público da Biblioteca especializada e con varios milleiros de volumes. - Exposición permanente da colección etnográfica no Pazo de Fonseca
1931	Elaboración e publicación do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia
1932	Traballos de paleografía
1933	- Edición do <i>Terra de Melide</i>, entre outros - Aprobación e difusión das Normas Ortográficas da Lingua Galega - Creación das Seccións de "Historia da Literatura" e de "Pedagoxía".
1934	- Posta en marcha do Laboratorio de Psicotecnia - Posta en marcha do Laboratorio de Xeoquímica, na Universidade
1935	- Edición do <i>Corpus Petroglyphorum Gallaeciae</i> e do <i>Codex Calixtinus</i>, magno código do século XII da Catedral Compostelana. - Semana Cultural, do SEG en Porto - Cursos de Extensión Escolar en Pontevedra e Vigo
1936	Prohibición das actividades do SEG por parte das novas autoridades franquistas e incautación dos seus bens e entrega á Universidade en 1939.

As actividades de investigación que foron, en parte, sostidas co apoio docente, investigador e infraestrutural da Universidade de Santiago, coa que sen embargo non sempre as relacións foron fluidas¹³; o que estas actividades significaban como formación para un bo número de socios; a difusión académica e cultural realizada; as xeirais territoriais; a presenza nos medios de comunicación; a relación cos líderes políticos, a través das súas propostas político-administrativas e económicas, e a comunicación académica, sostida a través da correspondencia e as visitas, con outras institucións e centros culturais españois ou estranxeiros¹⁴, ademais do sostemento da Biblioteca e dunha Exposición etnografía e arqueolóxica permanente, contribuíron a dar unha crecente lexitimidade social e institucional ao SEG, que, deste modo, foi acadando un recoñecible respecto e eco social, non exento, con todo, dalgúns críticas, ben polo seu galeguismo nuns casos, ou ben pola súa tonalidade ideolóxica máis conservadora que progresista¹⁵. É procedente sinalar, ademais, en palabras de F. del Riego que 'O SEG elaborou unha literatura didáctica que tivo singular releve na evolución da prosa científica galega'¹⁶.

O novo réxime político franquista desautorizou por completo o conxunto do labor do SEG, que foi obrigado a finalizar as súas actividades. Unha boa parte dos socios activos eran politicamente republicanos e/ou galeguistas, que deran o seu apoio á Fronte Popular: unha parte deles saíron ao exilio, morrendo nel unha ducia deles; outros foron sancionados, outros recluiríronse no 'exilio interior', e só unha reducida parte deles se integrarían nas tarefas e organizacións do réxime franquista.

A Galiza do primeiro terzo do s. xx: escenarios, debates e propostas educativas

A sociedade galega de comezos dos anos vinte é aínda un espazo afirmado no modelo das sociedades tradicionais e rurais europeas. Pero é xa tamén, por máis que dun modo "periférico", unha sociedade en proceso de cambio. Con importantes dinámicas e tensións conflitivas no seu seo. A profunda ruralización do espazo, que tradicionalmente viña coexistindo cos limitados e reticulados espazos urbanos, agora estaba a ser remodelada mediante a aparición de espazos mixtos, por mor tanto do incipiente crecemento urbano,

¹³ O galeguismo do SEG e a súa atención aos intereses sociais, económicos e culturais de Galicia foron motivo dalgúna conflitividade coas autoridades universitarias, antes dos sucesos de 1936, ou mesmo de disintonía entre socios colaboradores (por exemplo, a Sociedade Nazionalista Pondal de Buenos Aires) e a Comisión Directora do SEG, cando este foi presidido en 1931 polo profesor Luis Iglesias Iglesias, tamén Vicerrector da Universidade e desafecto á causa galeguista.

¹⁴ A correspondencia actualmente conservada entre outros fondos do SEG no "Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento", como nova institución que quixo substituír ao SEG a partir de 1944, permite coñecer que se mantivo unha considerable correspondencia con institucións de Alemaña, Argentina, Portugal, Francia (a Bretaña), Inglaterra, ou os EEUU, e outra esporádica con máis dunha ducia de países. En España a correspondencia máis notable tívose con centros e institucións de Madrid (Ministerio de Instrucción, JAE) e de Cataluña (O Institut d'Estudis Cataláns).

¹⁵ En Galicia houbo sectores e personalidades ligadas ao republicanismo de esquerdas e aos sectores obreiros organizados que mantiveron algunha distancia dunha institución que tiña no seu seo socios clericais, algúns tradicionalistas, ou algúns outros con vencellos monárquicos ou carlistas igualmente de manifestación conservadora.

¹⁶ FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F., "Testemuños", en CUADERNOS DO LABORATORIO DE FORMAS, ... *op. cit.*, p. 28.

máis marcado nos casos de A Coruña e de Vigo, como dos gromos de industrialización que aparecían aquí e acolá, e pola aparición na paisaxe de edificacións para uso residencial que se distinguían da casa labrega tradicional, mostrando, pola contra, unha fasquía urbana a miúdo novedosa.

Unha Galiza en proceso de cambio, en efecto. A moi intensa emigración a América sostida por máis de 50 anos comezaba a deitar consecuencias visibles en Galiza, como estas sinaladas. E logo, non debemos menosprezar o que significaba formar parte dunha España que no seu conxunto vivía intensos procesos de cambio que tiñan na urbanización, nas redes de comunicacións terrestres por estrada e ferroviarias, e na superior capacidade de actuación das Administracións públicas mostras ben evidentes de tales procesos, ao punto de falar a historiografía dunha modernización estrutural da sociedade española que, sen dúbida, afectou asimesmo a Galiza, por máis que acontecera aquí con rasgos incertos e imprecisos.

Novos conflitos cobraron, pola súa parte, forza. O incipiente movemento obreiro galego de comezos do século XX tiña xa agora nos anos Vinte líderes recoñecidos, sociedades de solidariedade e sindicatos, ademais dunha certa historia de loitas sociais e sindicais, e algunhas plataformas de expresión colectiva, de índole política, como cultural¹⁷. O agrarismo tiña unha evidente forza, e só abonda con pensar en Chinto Crespo, en Basilio Álvarez, en *La Zarpa*, e nas varias loitas e ducias de labregos mortos por actuacións da Garda Civil ás ordes dos Gobernadores Cívís. De modo complementario hai evidentes mobilizacións ideolóxicas e varias plataformas de opinión, aínda non ben consolidadas.

Neste contexto aumenta a demanda social de alfabetización e de escolarización; que é tamén de escolarización diversificada: de máis Institutos de Bacharelato, de máis e distintos centros con ensinanzas profesionais, de máis Facultades na Universidade de Santiago, e, por suposto, de máis escolas e mestres. As escolas e os mestres aumentarán ao longo dos anos vinte¹⁸ por efecto tanto da notable creación de escolas públicas, como pola acción continuada que viñan desenvolvendo os indianos e as “Sociedades de Instrucción” (coa numerosa creación de “escolas dos americanos”)¹⁹, e aínda por mor da apertura de centros de titularidade privada (colexios e academias).

O Estado e os sectores aristocrático-burgueses, que arestora o controlaban, estaban interesados nunca importante operación de modernización e de españolización: a construción dunha identidade política nacional española viña sendo un empeño que os gobernos do Xeneral Primo de Rivera non fixeron máis que procurar intensificar, cuestión que preci-

¹⁷ A historiografía de Galiza contemporánea trasládanos esta xeral imaxe da sociedade galega, das súas dinámicas e da súa conflictividade, segundo apuntan entre outros, os numerosos traballos de Beramendi, Barreiro Fernández, Fernández Prieto, J. A. Durán, Lieceaga, Villares, Beiras Torrado, e do Colectivo Xerminal.

¹⁸ Témoalo, así, afirmado coa pertinente apoxatura estadística en COSTA RICO, A., *Escolas e Mestres. A educación en Galicia. Da Restauración á IIª República*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1989, e COSTA RICO, A., “Os anos vinte do século XX: a afirmación do modelo escolar”, en LÓPEZ GARCÍA, X. (Ed.), *O xornal Galicia (1922-1926)*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2004, pp. 59-70.

¹⁹ Véxanse, a este respecto, os textos e aportacións realizadas, entre outros, por Peña Saavedra, Malheiro Gutiérrez e por nós mesmos.

sou dun esforzo público de creación escolar²⁰, conxugándose as estimadas necesidades políticas, coas económicas e aínda, nalgunha medida, coas demandas sociais, que, con todo, quedaron en boa medida insatisfeitas á fin destes anos, de darmos credibilidade ás notas xornalísticas, limpas e críticas, do xornalista e político Luis Bello²¹. Unhas demandas e necesidades que serán reinterpretadas e atendidas máis adecuadamente no tempo limitado da IIª República.

A educación: “un problema nacional” español

O chamado “Desastre do 98”, con referencia á 1898 como o ano que marca o final das posesións coloniais do Estado español, foi ocasión propicia para facer unha revisión do que España podía ser e podía aspirar a representar na escea internacional, e como noutras ocasións, a cuestión do estado da educación apareceu como unha das centrais claves de resolución dos “problemas de España”.

“Despensa y escuela” fora o eslogan de Joaquín Costa no marco da apreciable campaña rexeneracionista²². O Museo Pedagógico Nacional con Cossío e con Luzuriaga puxo sobre a mesa a cuestión do analfabetismo e o estado do ensino primario. Para a “Institución Libre de Enseñanza” a modernización pedagóxica era estritamente urxente e necesaria. Cesar Silió, en 1914, falaba da “educación nacional”, do “problema pedagógico español”²³ e da “necesaria reacción educativa”. Luis Bello nas súas crónicas desde 1925 seguía reclamando o protagonismo da educación pública para a transformación da vida social española.

Pero, ao tempo que se suscitaba una maior conciencia social e política sobre a necesidade de abordar o desenvolvemento educativo, non é menos certo que tamén se ían manifestando diferentes concepcións e sensibilidades sobre as finalidades, a funcionalidade, a organización e o protagonismo que podería corresponder aos diferentes actores do sistema educativo español. Así, desde as distintas instancias políticas, a Igrexa, o movemento obreiro, os sectores liberais, os reformistas, os rexionalismos, os conservadores... foron expoñéndose varias perspectivas, con importantes coincidencias, pero igualmente con diverxencias evidentes. Eran diversos os enfoques tendo por base diferentes horizontes e propostas de sociedade, e distintos supostos sobre o exercicio do poder e a súa lexitimidade²⁴.

²⁰ Sobre isto, poden verse as aportacións realizadas, entre outros, por María del Mar del Pozo Andres, así como o nº 26 da revista *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*.

²¹ Entre o conxunto das crónicas xornalistas para *El Sol* escritos por Bello sobre a situación escolar en España, están os 37 textos referidos a Galicia, agrupados en 1974 para a súa edición como *Viaje por las escuelas de Galicia*, na editorial Akal, con estudo introdutorio de Anaya Santos. Unha nova edición foi feita en 2010 a cargo de Nigratrea, con renovado estudo e notas críticas de Antón Costa Rico.

²² COSTA, J., *Notas pedagógicas. Maestro, Escuela y Patria*. Vol. X de “Biblioteca Costa”, Madrid, 1916.

²³ SILIÓ, C., *La Educación Nacional*, F. Beltrán, Madrid, 1914.

²⁴ É ampla, rica en datos e valiosa a historiografía ao respecto, da que so enumeraremos dous textos de diferente feitura: CUESTA ESCUDERO, P., *La escuela en la reestructuración de la sociedad española (1900-1923)*, Siglo XXI, Madrid, 1924; VIÑAO FRAGO, A., *Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX*, Marcial Pons, Madrid, 2004.

A este respecto, quero salientar aquí dous dos enfoques da cuestión educativa que acadaron un recoñecible protagonismo. Un, o expresado polos rexionalismos, os que en varios casos, como o galego, sendo conscentes da necesidade de proceder a unha reorganización e a un mellor desenvolvemento da educación e da súa capacidade de resposta social, cultural e económica, vencellaban esta aposta á existencia demandada dun Poder político “rexional”, complementario pero distinto do Poder político central e uniformador. Asunto que aquí nos interesa.

O outro enfoque, e o que representaba a alternativa ou a proposta programática socialista (PSOE) formulada en 1918²⁵, pois sendo unha simbiose do rexeneracionismo institucionalista e o pensamento socialista, representa, segundo os historiadores, a máis globalizadora proposta de principios para a reforma política da “educación nacional” española, a que, en todo caso, orientou a política educativa do Primeiro Bienio republicano.

A grandes liñas, a proposta incluía:

- Escola pública neutra
- Esencialmente función do Estado
- Escola unificada (nas súas etapas e niveis)
- Escola activa (na súa metodoloxía didáctica)
- Con carácter social (como vía de integración e ascenso social)
- Escola graduada
- Con coeducación de sexos (contra a discriminación de xénero)
- Con formación pedagóxica e de carácter universitario por parte de todo o seu profesorado

Isto é, propoñíase unha educación con protagonismo do sector público, ao servizo dunha cidadanía de homes e mulleres, para o contexto dunha sociedade democrática; con separación entre a Igrexa e o Estado, como principio implícito na reclamación dunha educación “neutra”; unha educación para todos, que non discriminara por motivo económico e/ou social, cuns modos de proceder didáctico orientados polo que era o movemento internacional da Escola Nova, que propoñía o “activismo didáctico”, e unha certa aínda que imprecisa “educación politécnica”.

Estamos ante un enfoque que tomaremos en consideración polo seu carácter de proposta globalizadora para a reforma educativa á hora de valorar as propostas do galeguismo.

²⁵ O documento titúlase *Bases para un programa de Instrucción Pública, que presenta “La Escuela Nueva” de Nuñez de Arenas, al XI Congreso del PSOE, de 1918*, tendo sido redactado polo destacado pedagogo e ideólogo Lorenzo Luzuriaga, figura entre nós ben estudiada por Herminio Barreiro.

O galeguismo e as súas propostas educativas (1888-1923)

Dende finais do século XIX temos constancia de que unha certa reclamación sobre a educación, o seu estado e a súa organización en Galiza, estivo de seguido presente entre as reivindicacións e reflexións do galeguismo, aínda que dun modo xeralmente precario.

Nesta reflexión planteouse a necesidade de contar cunha congruente comunicación entre a cultura escolar (e o seu soporte lingüístico) e a cultura ambiental dos cidadáns, polo que, sendo o galego a mellor e a máis acaída expresión do noso mundo, debía formar parte, ou mellor aínda ser o cerne e articular a cultura escolar, de modo que canda as palabras, a nosa xeografía, a nosa historia, os valores contruídos polos galegos, e os saberes acumulados en tantos campos, tamén se insertasen no mundo escolar dándolle vida.

Foise facendo esta reflexión ao longo da segunda metade do século XIX (Murguía, Brañas, Soto Campos) e tenuamente avanzou ata o momento da fundación das Irmandades da Fala. Unha reflexión formulada a miúdo con algún temor, dada a postergación á que se vira reducida a lingua galega, no relativo aos rexistros e usos cultos. Parecería demasiada utopía, naquel senso primeiro que Tomé Moro sinalara: “Os utopianos aprenden as ciencias na súa propia lingua; lingua rica, harmoniosa, que é fiel intérprete do pensamento”. Pero aínda así a convicción de ser o correcto ía consolidándose (Ortiz Novo, Ribalta...), sendo posible, entón, elaborar propostas para a galeguización do sistema educativo (Viqueira, Risco, Casal), procedéndose mesmo a construír expresións prácticas de tales propostas.

Entre o tempo inicial das Irmandades e o Estatuto de Autonomía (1916-1936), un período breve pero de intensa mobilización democrática e social, elaborárase o ideario educativo do galeguismo, un ideario con marcas firmes e declaradas a prol de definir e construír un sistema educativo galego, isto é, deseñado e dirixido desde as desexables institucións parlamentarias e de goberno político propias de Galicia, aberto ao conxunto da cidadanía, como un factor fundamental de desenvolvemento cultural e socio-económico e medio tamén de mobilidade e democratización social. Aínda que era este un ideario non exento de limitacións e silenzos, en parter motivado polo confeso interclasismo da filosofía política do galeguismo.

A cultura galega, nunha acepción antropolóxica, debía formar parte, xunto coa lingua, da escola galega, a “nosa escola” (tamén os nosos institutos, centros técnicos, e Universidade). Este foi o anexo perseguido e, ás veces tamén, parcialmente construído na práctica, tal como tivemos ocasión de refrexar en *Escolas e Mestres* (1989)²⁶ e, como se

²⁶ Véxanse, en particular, as pp. 338-357. Unha primeira achega édita foi a que realizamos conxuntamente con Narciso de Gabriel en “O galeguismo e o debate escolar”, in DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, *II^{as} Xornadas de Lingua Galega no ensino*, Consellería de Educación/Xunta de Galicia, 1985, pp. 193-212. Volve-mos sobre a cuestión en COSTA RICO, A., “El libro escolar en gallego”, in ESCOLANO BENITO, A. (Dir.), *Historia ilustrada del Libro Escolar en España. Del Antiguo Régimen a la II^a República*, Fundación G. Sánchez Ruipérez, Madrid, 1997, pp. 579-598.

pode percibir en textos escritos por Narciso de Gabriel²⁷, Sabela Rivas Barros²⁸, e máis recentemente por José Fernández Fernández²⁹.

Se ben, é mester sinalar que estamos ante reivindicacións e propostas expresadas xeralmente mediante textos xornalísticos breves e puntuais, con algunhas excepcións que anotaremos, e non obedecen, pois, a consistentes formulacións, de carácter individual ou grupal, acordes con visións e enfoques organizados con algunha sistematicidade en relación con toda a articulación dun sistema educativo observado dende un enfoque político ou cultural global.

Son notas que reflexan un estado crítico e algúns desexos formulados dende sensibilidades galeguistas. Alúdese nelas á problemática de grave inasistencia escolar debida ou ao traballo infantil, ou á mala climatoloxía, ou ao escaso atractivo dos programas e das escolas, ou á distancia entre os lugares de residencia dos nenos e as escolas e o mal estado dos camiños, e sobre todo isto o Congreso dos Diputados no tempo da República tería ocasión de escoitar as graves queixas galegas presentadas por Castelao, por Otero Pedrayo e moi principalmente por Suárez Picallo. Quéixanse, de seguido os galeguistas, sobre a distancia cultural entre o contorno galego-falante e a escola desenvolvida en castelán, e mesmo en ocasións atendidas por mestres ou mestras non galegos; ao respeito, piden que a comunicación en galego entre os mestres e o alumnado se faga en galego e que se reserven tempos da escola para facer algunhas lecturas literarias en lingua galega a tal como *de facto* facían algúns mestres, segundo se deixa constancia en varios artigos da revista *Estudios Gallegos* que entre 1915 e 1916 dirixía Aurelio Ribalta, un dos máis destacados rexionalistas do momento. En menor número de ocasións, a reclamación vai cara á presenza da materia de Lingua e Literatura Galega nas Escolas de Maxisterio de Galiza, e na propia Universidade de Santiago, e cara a presenza de contidos relacionados coa lingua, a literatura, a historia e a xeografía de Galicia nas escolas primarias e aínda nos estudos de Bacharelato, e nos universitarios.

Na reivindicación está tamén presente o tratamento a dar á escola rural; a miúdo, demandarase unha escola rural cun programa específico, parcialmente distinta da urbana, isto é, adaptada ás necesidades da economía campesiña, pero sen chegar a formular como sería a súa conexión co resto do sistema educativo. Á beira, podemos escoitar a esixencia de que os edificios deberían ser modélicos arquitectónicamente, respondendo ás características da "arquitectura do país".

²⁷ GABRIEL FERNÁNDEZ, N. de, "Lengua y escuela en Galicia", in ESCOLANO, A. (Dir.), *Leer y escribir en España. Doscientos años de alfabetización*, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, Madrid, 1992, pp. 165-185.

²⁸ RIVAS BARROS, S.A., *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagóxico*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2001, e RIVAS BARRÓS, S., *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas*. E. do Castro, Sada, 2002.

²⁹ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X., *Vicente Risco e a educación*. Tese de doutoramento inédita, Facultade CC. da Educación/ Universidade de Vigo, Ourense, 2009.

Non se mencionan, polo xeral, outras cuestións. Este modo de expresión que se observa na prensa de Galiza, máis tamén na de emigración³⁰, adquire un ton máis programático nos textos resolutivos das Asambleas Nazionalistas (1918 e seguintes)³¹, do “1º Congreso de Estudos Galegos” celebrado en A Coruña en 1919³², e nos breves ensaios de Xohan Vicente Viqueira e de Vicente Risco. A eles nos referiremos, de seguido.

As Asambleas Nazionalistas só se deteñen na cuestión educativa para demandar a adaptación do ensino de Galicia, expresado xenericamente, e a súa dependencia dun “poder político rexional”. Rexístrase algunha maior concreción nas medidas de reforma educativa por parte do Congreso de “Estudios Gallegos”, aínda que hai nel menor decisión na demanda dun Poder político propio que é substituído por unha formulación máis suave: “Establecimiento de la región, con organismo regional, hacienda propia y autonomía integral”.

Neste Congreso demándase a creación en Galicia de distintos estudos: cátedra de lingua e literatura galaico-portuguesa, establecemento dunha estación de bioloxía marina con capacidade docente, estudos de minería, turismo, hidroloxía médica e ensinanzas técnicas náutico-pesqueiras, así como tamén a creación de “Escolas de Emigrantes” (*sic*), locais-escolas con adecuadas condicións hixiénico-sanitarias, e una aula de educación especial en todos os colexios graduados de todas as “ciudades importantes de Galicia”.

Alén da demanda da implantación do ensino graduado, tamén hai neste Congreso unha referencia ás escolas rurais, “ás que se lles debe de dotar de campos de experimentación agrícola”, e que deberán establecer relacións coas urbanas “a través da correspondencia, entre uns e outros, o intercambio de produtos e as excursións recíprocas”.

Hai, por fin, unha referencia ao uso do galego: “en Galicia -di a conclusión 10ª da Sección de Estudos Pedagóxicos- debe emplearse la lengua regional en los comienzos de la vida escolar, sin que esto suponga ni por un instante olvido y exclusión del idioma nacional, en que debe darse toda la enseñanza”.

Aquí quedaba establecida unha diferente visión dentro de perspectivas “galeguistas”, entre os “rexionalistas” e os “nacionalistas” emerxentes, de quen agora falaremos.

³⁰ Por exemplo, en *El Despertar Gallego* da Federación de Sociedades Agrarias e Culturais da República Arxentina, creada en 1921, en *Galicia, Acción Gallega, Céltiga, Alborada*, ou en *Correo de Galicia*, como antecedentes da intensa preocupación manifestada desde 1926 por parte de *A Fouce*, que promovía a “Asociación Nazionalista Ponda”.

³¹ Referímonos ás Asambleas Nazionalistas, celebradas en Lugo e en Monforte nos anos 1918, 1919 e 1921, e tamén ao “1º Congreso de Economía de Galicia”, celebrado en 1925. Na primeira delas interviron decisivamente Luís Porteiro García e Luís Peña Novo. O seu 5º Acordo di estritamente ao referirse as “facultades do Poder Galego”: “A potestade docente do Estado actual pasará ao Poder Galego”.

³² Véxase a información oportuna en INSTITUTO DE ESTUDIOS GALEGOS, *1º Congreso de Estudios Gallegos. La Coruña. Conclusiones aprobadas*, Imp. La Artística, La Coruña, 1919.

Hai que falar de primeiras, de Xohan Vicente Viqueira, o filósofo e psicólogo galego³³, institucionista³⁴, home das Irmandades da Fala³⁵, europeísta de formación, de ideais sociais avanzados, profesor do Instituto da Coruña, conferenciante e publicista³⁶. Probablemente teña sido el quen compuxo cos seus traballos sobre a educación en Galiza as mellores e máis acabadas liñas programáticas do galeguismo nacionalista valedoras entre 1918 e 1936.

Ben por riba e noutro plano do que escribiron en distintos intres, tanto Vicente Risco, como Correa Calderon, dito isto en contra dos criterios sostidos e expresados aínda recentemente por parte de José Fernández e de Pardo de Neyra, con respecto a cada un estes nomes últimos citados³⁷.

³³ Dada a información biográfica constituída sobre Xohan V. Viqueira en distintas publicacións non retornaremos aquí sobre os seus detalles. Xohan V. Viqueira (1886-1924), que estudou na ILE en Madrid, doutorouse en Filosofía na Universidade Central e estudou e coñeceu a psicoloxía internacional a través das súas estadias en París e sobre todo en Alemaña entre 1911 e 1914. Dende 1915 foi profesor na propia ILE en Madrid e no Museo Pedagóxico Nacional, denantes de incorporarse ao Instituto de Santiago e a continuación do da Coruña, como catedrático de Psicoloxía, Lóxica e Ética. A súa formación filosófica e psicolóxica, a súa cualificación investigadora, o seu coñecemento de linguas (francés, inglés, alemán, portugués) e o seu xorne intelectual levárono a ser autor de informados textos psicolóxicos, filosóficos e tamén psico-pedagóxicos, incluíndo entre tales textos tanto a elaboración propia, como a tradución ao castelán. Vid. *TORRES REGUEIRO, X., Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*, E. do Castro, Sada, 1987.

³⁴ Polos seus vencellos familiares dende meniño estivo vencellado á ILE, a D. Francisco Giner e, sobre todo, ao seu tío e relevante figura D. Manuel B. Cossío, profundamente estudada entre nós por Uxío Otero Urtaza. Sobre a conexión de Viqueira coa ILE escribiu fermosas e primeiras páxinas Anxo Porto Ucha no seu texto *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. E. do Castro, Sada, 1986.

³⁵ Desde 1917 tivo ocasión de participar Viqueira nas actividades das Irmandades e foi, en efecto, Presidente do grupo da Coruña no fin dos anos dez e comezo dos anos vinte.

³⁶ Arredor dos valores da súa obra filosófica, pedagóxica e psicolóxica, faise a anotación dos seguintes traballos: REGUEIRA, R., *X.V. Viqueira: Teoría e praxe*, Novo Século, Padrón, 1992; COSTA RICO, A., X.V. Viqueira: un profesor formador /un reformador da educación, in COSTA RICO, *A reforma da educación (1906-1936)*. X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia. O Castro, Sada, 1996, pp. 63-101; e COSTA RICO, A., "A Psicoloxía Pedagógica de X. V. Viqueira (1919) no contexto do desenvolvemento de psicoloxía internacional", *Revista Galego-portuguesa de Psicoloxía e Educación*, vol. 16 (2008) 7-30.

³⁷ Con respecto a Vicente Risco e ao seu "Plan pedagóxico pr'a galeguización d'as escolas" (1921), en certo modo completado co seu "Informe do irmán Risco", escribiu José Fernández na súa recente Tese (*op. cit.*: 2009) *Vicente Risco e a educación* que este autor debería ser considerado como o "máximo teorizador da galeguización educativa" (p. 20), quen, ademais "introduce conceptos pedagóxicos avanzados e modernos" (p. 350), sinalando aínda que "as bases da pedagogía risquiana eran as da Escola Nova" (p. 363). É todo unha desmesura. Máis moderadamente si se pode dicir que os textos de Risco son oportuna guía para un proceso de galeguización que se pudiera emprender, sobre todo, nunha das escolas fundadas polos emigrantes. De feito, debemos recordar que o texto de Risco (1921) obedece a un encargo, ben acometido: a IIª Asamblea Nazionalista celebrada en 1921 encárgalle a V. Risco que "redacte un plan pedagóxico pr'as escolas rurais de Galicia" (ao tempo de acordar que o Directorio das Irmandades se dirixa as Sociedades Galegas de América para "orientalas no labor galeguista que deben facer nas escolas que sosteñen en Galicia"; máis alén do que podía ser feito como galeguización dunha escola concreta non hai no *Plan* ningún outro planteamento que aborde os problemas educativos e as propostas de resolución e orientación para o conxunto do sistema educativo en Galicia, o que, sen embargo, si está presente nos planteamentos de X. V. Viqueira.

Outra desmesura está presente tamén no traballo de X. Pardo de Neyra, "Literatura, política e educación na Galiza da época Nós. As teorías pedagóxicas do nacionalismo galego: do primorriverismo ao republicanismo" (*Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 13 (2009) pp. 43-67), onde se apunta a Correa Calderón

Para o que aquí nos interesa, hai que sinalar que Viqueira é autor de catro textos publicados nos anos 1917 e 1918 en *A Nosa Terra* que reabsorberá nun texto máis longo, “Nosos problemas educativos”, tamén aquí publicado en 1918, logo de ser o texto dunha memorable Conferencia pronunciada no Circo de Artesáns da Coruña. É tamén autor doutro contributo de 1921, igualmente publicado en *A Nosa Terra*, e que titulou “Pensamentos para unha universidade galega”: En síntese, as formulacións que nestes textos realiza Viqueira sobre a necesaria reforma da educación en Galicia, incluírán o seguinte:

- Unha crítica ao sistema educativo porque o seu saber “non é un saber para a vida en Galicia”, carcécese de ensino técnico e os ensinos son en castelán, sendo “absurdo ensinar nunha lingua estranxeira”.
- Reclama un ensino “organizado polo Estado rexional (galego)”
- Fai unha aposta por unha “nova educación galega”, con metodoloxía didáctica activa, porque “a nosa época quere actores”.
- Un ensino en lingua galega
- Un bacharelato unificado (proposta adiantada naquela época).
- A existencia dun “tecnicum”; é decir, dun conxunto de centros técnicos, configurando “unha Escola Técnica Galega”
- A creación dunha completa Facultade de Filosofía, con todo o preciso abano de especializacións, comezando por un “Instituto Científico Galego”.
- Unha Residencia de Señoritas (como as existentes e previstas noutros lugares).
- A existencia de organismos científicos e docentes (sen perfilar) e o establecemento de “intensas relacións internacionais” desde Galiza nos planos científico e cultural.

Para superar “os nosos máis evidentes problemas educativos”, a proposta de Viqueira, aínda que con silenzos sobre asuntos que, por exemplo, abordaban as Bases Socialistas do mesmo ano de 1918, podería servir de plano orientador das demandas.

Faremos, agora, referencia ao “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” de 1921, escrito por V. Risco³⁸. Este cingue as súas propostas ao dominio do que se debera

como gran construtor dunha teoría pedagóxica en Galicia, mediante o seu curso ensaio *Notas para un magisterio idealista. Ensayo de pedagogía* (Imp. De G. Castro, Lugo, 1927), ao sinalar que “o seu labor se situou á vangarda da teoría da educación en Galiza” (p. 45), tratándose apenas dun breve texto non relevante, se o examinamos á luz do que eran no momento as formulacións da teoría pedagóxica.

³⁸ Fixemos unha referencia á súa xénese na nota 37. O *Plan* foi publicado nos números 6 e 7 de 1921 da Revista Nós e, nalgunha medida foi actualizado por Vicente Risco mediante o texto “Informe do Irmán Risco”, publicado en *A Nosa Terra*, nºs 333-334 (1934), pp. 3 e 1, respectivamente: un “Informe programa para a creación en Ourense dunha Escola Galega, rexentada polo Grupo Galeguista, só o impulso da Sociedade “Unión Provincial Orensana”, entidade de emigrados galegos residentes en Bos Aires. Estos dous documentos foron publicados recentemente baixo o coidado de José Fernández Fernández, en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 13, 2009, p. 167 e ss. Por outra parte, o *Plan pedagóxico* de Risco xa fora reproducido e editado por nós en 1980 (*O ensino en Galicia. Problemática e perspectiva*, pp. 51-61).

facen nunha escola rural, ocupándose, así, das condicións construtivas do edificio escolar (“unha casa galega, a máis enxebre de todas”): había de sere un centro ben incorporado ao medio natural, e como en Suíza e Alemaña “do estilo do país”; un espazo agradable no interior e para facilitar a proximidade na comunicación entre o profesor e o alumnado³⁹; un espazo onde se respete a personalidade dos nenos, onde se cultive a educación moral social (tomando en consideración as “virtudes propias da nosa Raza” (galega); cunha metodoloxía didáctica, parcialmente activa⁴⁰, onde se cultive o sentimento da terra, tamén co emprego das “Cantigas da Terra, que xa se cantan en moitas escolas de Galiza”. “O escolante ha de ser a y alma da escola”: isto é, escolantes “imbuídos do Ideal da Raza e da Tradición da Terra”⁴¹. Un espazo no que se promova a auto-actividade dos escolares e se faga unha constante apelación á *intuición sensible*⁴². Risco fala dunha escola que promove en distinto grao o uso do galego oral e escrito, como tamén o estudo da xeografía, a historia, a lingua, a literatura e a arte de Galiza, ademais dos varios ensinos prácticos e de aplicación económica que en Galiza pudieran ser útiles (referíndose, fundamentalmente, á economía campesiña). Un plan, pois, para a “galeguización” difusa dunha escola, a partir da acción do mestre, sen ningunha outra intervención ou interferencia. Lonxe, da abordaxe de todo o que habería que remover /movilizar para facer avanzar a reforma educativa entre nós.

Aínda, dende as súas limitacións, o *Plan de Risco* tivo algunha virtualidade. Nalgunha pequena medida serviu á orientación galeguizadora dunha pequena parte das escolas impulsadas polos emigrantes, se ben baixo o pulo máis decidido e democrático de Antón Alonso Ríos, como estudou Xosé M. Malheiro⁴³, e algo puido igualmente influir na creación da única “Escola do insiño galego” promovida polas Irmandades da Fala da Coruña (1923-30), e máis directamente por Anxel Casal, que estudou Sabela Rivas⁴⁴. A máis de dez anos do *Plan de Risco* aínda non se tería ido moito alén: en 1931 o en 1932 os da Sociedade Pondal de Buenos Aires seguían clamando contra a desgaleguización escolar, reclamando ante iso a creación –como xa fixeran en Cataluña con tres décadas de antelación– dunha “Sociedade Protectora da Escola Galega”, un proxecto finalmente inédito.

O Seminario de Estudos Galegos e a educación

O 14 de outubro de 1933 quedaba, por fin, constituída a Sección de Pedagogía do SEG, baixo a presidencia de Manuel Díaz Rozas, inspector-xefe do ensino primario na Co-

³⁹ Non se fai mención da presenza das nenas, nin da coeducación, nin tampouco da graduación escolar.

⁴⁰ Que se cingue a: cantos, traballos manuais, ximnasia, traballos de xardín e experiencias de física.

⁴¹ Dáselle unha misión espiritual e idealista aos Mestres, moi debatida xa no seu momento, desde outras perspectivas socio-políticas, e coincidente en parte coas propostas de Viqueira.

⁴² Principio de intuición sensible, procedente de Pestalozzi, e que Risco propón para a abordaxe do estudo da realidade natural, físico-xeográfica e histórica de Galicia, pero sen extendelo a todo o que é o campo social e institucional tamén envolvente.

⁴³ MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M., *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico*: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos, O Castro, Sada, 2006.

⁴⁴ RIVAS BARRÓS, S., “Escola do Insino Galego”, *Revista Galega de Educación*, 25 (1996).

ruña⁴⁵. Á súa beira creábase tamén o Laboratorio de Psicotecnia, dirixido este por Antonio Iglesias Vilarelle⁴⁶. Pero, a Sección de Pedagogía nacía sen bases teóricas, nin organizativas que nos permitan valorar o seu alcance; en todo caso, desenvolveu algunhas accións que procedemos a indicar:

1.- De seguido da súa creación, os membros da Sección Alonso Ríos, Nuñez Búa, García Vidal e Filgueira Valverde refrexaron nun documento a posible creación do “Patronato da Escola Rural Galega”, que como tal se aprobou, aínda que non pasou de ser un documento. As súas pretensións foron enunciadas no apartado dous do proxecto, relativo ás finalidades, que transcribimos integramente:

- a) O estudo i-ensaio dos métodos a aplicar na escola rural galega e nuns centros escolares de tipo superior e popular que, ampliando os ensinos primarios difundan no agro os novos procedimentos de cultivo, de cría e selección de gandos, de industrias pecuarias e as súas derivadas, creen nas masas aldeáns o senso cooperativo, manteñan o apego ao chan labrego, fomenten o espírito comunal e realicen unha laboura de orientación e renovamento do traballo campesiño.
- b) A preparación dos mestres rurais por medio becas, pensións, cursos de conferencias, orientacións agrícolas e cooperativas etc.
- c) A edición e difusión de libros escolares galegos.
- d) A implantación, dirección e administración das escolas galegas de orientación campesiña, i-o patronato das que, xa establecidas, lle seían confiadas.
- e) A organización de estadísticas i-o fomento dos estudos de pedagogía experimental e mensura da capacidade e das aptitudes dos escolares, con aplicación ao agro galego.
- f) A propaganda das institucións de pedagogía rural⁴⁷.

2.- En 1934, a través da colaboración do SEG, a asociación cultural pontevedresa “Labor Galega”, que promovían García Vidal e Filgueira Valverde, abriu un concurso de traballos escolares⁴⁸ arredor de:

⁴⁵ O inspector de maior relevancia administrativa en Galiza naqueles momentos. A creación, sen embargo, era desde 1928 unha petición formulada por V. Risco, como expuxemos no texto *Escolas e Mestres* (1989).

⁴⁶ As dúas instancias, se fosen tomadas en conxunto, poderían ser vistas como unha tradución do que en 1932 buscara Manuel Díaz Rozas, coa proposta de creación da “Sociedad Paidológica Gallega”, sometida a legalización administrativa, pero sen tradución como tal, aínda que con alguna derivación posterior observable na posta en marcha da “Asociación de Vanguardia Pedagógica” na provincia da Coruña, en 1935, onde, con outros profesionais, tamén intervéñ Manuel Díaz Rozas. Vid. COSTA RICO, A., *A reforma da educación en Galicia (1907-1936)*, op. cit.

⁴⁷ SEG, *Actas*, Instituto de Estudios Gallegos P. Sarmiento/ Santiago de Compostela; editado en *Escolas e Mestres*, pp. 332. Estritamente, a aprobación primeira desde Proxecto fixérase a comezos de 1933.

⁴⁸ Recollido en *Escolas e Mestres*, p. 349.

- Vocabularios de palabras galegas da vida mariñeira, da vida campesiña e dos oficios artesanais,
- Descrición de xogos populares infantís⁴⁹,
- Un texto ou textos de H⁸ da Galiza.

3.- En agosto de 1935, o SEG desenvolve a súa máis soada actuación pública a través das sesións de Extensión Cultural celebradas en Pontevedra⁵⁰, incluíndo varias series organizadas de conferencias, tamén radiadas, ás que asistiron un número non menor de profesores e de alumnos normalistas, versando a temática sobre asuntos de xeografía e historia de Galicia, economía agraria e en menor medida sobre cuestións pedagóxicas, con central atención cara ao tratamento do bilingüismo escolar, por parte neste caso de Díaz Rozas; apelaba á necesidade de libros escolares feitos en Galiza e de autonomía política e pedagóxica como medio de salvagarda da cultura galega, segundo quedou plasmado nas páxinas do boletín *Escuela Viva*, que daquela editaba vizosamente a “Casa del Maestro” de Pontevedra. Interviran xunto a citado Díaz Rozas, Xerardo Álvarez Limeses, e Xosé Nuñez Búa nas cuestións do ensino.

Aí terminaría o catálogo do realizado pola Sección de Pedagogía do SEG. Pouco, sen dúbida. Hai algunhas outras iniciativas que poderíamos ligar a ela e que procedemos a enumerar:

- a) O SEG foi o editor en 1925 do texto literario de Filgueira Valverde *Os nenos*, con referencias aos nenos irlandeses, no contexto das loitas pola independencia nacional de Irlanda.
- b) En 1928 incorporábase ao SEG o inspector pontevedrés e galeguista Xerardo Álvarez Limeses, estudoso da realidade escolar provincial. Fariao posteriormente outro inspector, Rogelio Pérez González (“Roxerius”), un decidido defensor tanto da galeguización escolar, como da renovación pedagóxica, segundo deixou escrito en abondosos textos en *El Pueblo Gallego*, sobre todo nos anos 1927, 1933 e 1934.
- c) O tamén profesor Álvaro da Casas, membro do SEG, preparou en 1932 un “Cuestionario de Xeografía” para o alumnado de Institutos⁵¹, abondando na experiencia que viña sostendo no de Noia e que conduciu á edición en 1936 duns dez pequenos

⁴⁹ Actualmente, podemos intuír a directa relación desta proposta coa preocupación etnográfica manifestada desde principios de século en Pontevedra no marco das actividades da “Sociedad Arqueológica”, baixo o liderato de Casto Sampedro. Recentemente editouse un texto de 1911 que nos era descoñecido; falamos de CASAL y LOIS, J., *Xogos populares en Pontevedra*, ed. por Xosé Fuentes Alende, e o Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2008.

⁵⁰ Conferencias que contaban co antecedente das pronunciadas en 1933 no Colexio Labor de Vigo, tendo por público as adolescentes da organización xuvenil “Ultreya”, que cuidaba Álvaro das Casas, un dos destacados membros do Partido Galeguista.

⁵¹ Vid. en Nós, 15.1.1933.

libros, de entre 30 e 50 páxinas e 100 exemplares de tirada en cada caso, falando de historia, xeografía e literatura galega⁵².

- d) A fins de 1932, o propio SEG, que viña de editar o *Método de lectura*⁵³ de Josefa Iglesias Vilarelle (o primeiro método para a aprendizaxe da lectura en galego da nosa historia), aprobara a preparación da serie de once manuais “A Terra, o Pobo e a Historia de Galicia”, sobre variados aspectos da realidade social, física e histórica de Galicia, dos que como tales⁵⁴ non se editou ningún.
- e) O Laboratorio de Psicotecnia pretendía adaptar desde unha analítica galega distintas probas psicotécnicas para uso escolar, na procura dunha adaptada pedagogía experimental; neste senso, nas terras de Lalín e de Nemancos foron aplicados a unha parte dos escolares o test das cen preguntas de Ballard, o de debuxo de Goodenough, o de comprensión de Galí, e o de rapidez de cálculo de Claparède.
- f) En 1935 José Toba Fernández, novo profesor da Escola de Maxisterio de Santiago presentaba como traballo de ingreso no SEG (aínda que non aparece entre os nomes da Sección de Pedagogía) o texto *Problemas que nos plantea la escuela y el niño de Galicia*⁵⁵. Referíase Toba á escola como un centro de socialización que debía reforzar a acción educativa da comunidade; unha escola sintonizada con Galicia; unha “Escola Nova”. Facía, igualmente, referencias aos mestres (ligados aos entornos socioproductivos), ás escolas de aplicación, aos edificios, aos programas (seguindo a proposta dos “centros de interese” decrolyanos)⁵⁶, á presenza do idioma galego, con uso dominante do galego en particular antes dos oito anos e nos medios rurais, e á necesidade de coñecer a psicoloxía dos nenos de Galiza.
- g) Segundo reolleu Alfonso Mato, semella que en 1935 estaba rematado o titulado *Cancioneiro musical escolar*, que arranxaran Bal y Gay e Torner, musicólogos e membros do SEG, o segundo deles asturiano e profesor en Galiza, prevéndose a posibilidade de edición⁵⁷.
- h) Unha posibilidade tamén aberta para o texto de Xosé R. Fernández Oxea, outro inspector galeguista, o *Catón Galego*, que permanecerá logo longo tempo inédito.

⁵² Véxase o pormenor en *Escolas e Mestres*, p. 349.

⁵³ IGLESIAS VILARELLE, J., *Método de lectura*, SEG, Antúnez, Pontevedra, 1932, “Publicaciones escolares”, 18 pp.

⁵⁴ Aínda así, por exemplo, Otero Pedrayo tiña escrito textos sobre a xeografía de Galiza.

⁵⁵ Texto editado en separata no *Boletín da Vanguardia Pedagógica* de A Coruña, como “Publicaciones de Vanguardia Pedagógica”, El Noroeste, A Coruña, 1935. Texto que reproducimos en COSTA RICO, *A reforma da educación*, op. cit., pp. 240-252.

⁵⁶ Un dos seus alumnos, Avelino Pousa Antelo, empregaría esta metodoloxía didáctica no seu ensaio de escola rural-agrícola en Ortoá-Sarria a fins dos anos corenta e primeiros cincuenta, que deu orixe ás escolas agrícolas da provincia de Lugo, unha iniciativa que se estendeu ata fin dos pasados anos sesenta.

⁵⁷ Bal y Gay e Torner recorreron en 1928 os escenarios de numerosas escolas rurais de Galicia a fin de recoller as pezas que logo escolmadas poderían ter formado parte deste *Cancioneiro*, hoxe descoñecido.

to⁵⁸. Fernández Oxea recollera, ademais, extraordinarias referencias sobre a vida infantil rural, ampliando o rico acervo de Vicente Risco, como deixou singularmente expresado no seu extraordinario estudo etnográfico e de antropoloxía cultural *Santa Marta de Moreiras*⁵⁹.

Co expresado, quérese sinalar que arredor da bandeira da Sección de Pedagogía do SEG, ademais da destacada e estudada figura de Díaz Rozas⁶⁰, hai que apuntar unha nómina non menor de nomes: Álvarez Limeses⁶¹, Álvaro das Casas⁶², Couceiro Freijomil⁶³, Xosefa Iglesias Vilarelle, Rogelio Pérez ("Roxerius"), Vicente Risco, Nuñez Búa, Fernández Oxea, Filgueira Valverde, Antón Alonso Ríos, Otero Espasandín⁶⁴, Rafael Dieste⁶⁵ e García Vidal, algúns citados agora por primeira vez, pero todos membros do SEG e relacionados co ensino. Xentes de distinta formación. Xentes cunha limitada "cultura pedagóxica", de quitada a figura de Díaz Rozas⁶⁶. Xentes que militaban por maior parte no liberalismo, (membros como eran das chamadas "clases medias"), aínda que case sempre no nacionalismo (máis difuso tocantes á cuestión social). Non podería ser doado que esta plataforma humana puidera preparar unha ben formulada proposta programática para a reforma educativa en Galicia; había entre eles suficientes variacións ideolóxicas de algunha maior

⁵⁸ O texto permaneceu inédito ata 1969 en que con algún remozamento editorial foi impreso en E. O Castro, Sada.

⁵⁹ Cunha primeira edición en Castrelos, Vigo, 1968.

⁶⁰ Ao tempo de poder recuperar a súa considerable biblioteca, reunida coa súa dona e inspectora Cristina Pol, estudamos o seu perfil profesional en *A reforma da educación (1907-1936)*, pp. 38-49 e 205-225. Díaz Rozas morreu case en silencio na Coruña en 1984. Non fora do Partido Galeguista, aínda que si de crenzas republicanas ("orteguiano"), e un dos candidatos da Coalición de Esquerdas para o Congreso dos Deputados en 1933.

⁶¹ Álvarez Limeses foi cofundador do Museo de Pontevedra, debendo ser vencellado sobre todo á Sección de Historia do SEG. De fonda relixiosidade católica foi un dos impulsores da revista *Logos* de Pontevedra. Morreu en 1940.

⁶² Álvaro das Casas, exiliado como consecuencia da Ditadura franquista, e nacionalista ardente, foi un dos que animou o movemento dos Ultreya, baixo algunha influencia do movemento fascista italiano dos Balillas, a dicir de Nuñez Búa.

⁶³ Couceiro Freijomil, con algúns traballos antes de 1936, inspector do ensino, é singularmente coñecido polo seu extenso, valioso e erudito *Diccionario bio-bibliográfico de Escritores*, Bibliófilos Gallegos, Santiago, 1951-1953.

⁶⁴ Otero Espasandín e o arriba citado Nuñez Búa debían ser dous vigorosos profesionais do ensino, persoas de notable cultura, como logo deixaron entrever nas súas actividades culturais, editoras, profesionais e asociativas desenvolvidas na Arxentina, entre os emigrantes e/os exilados políticos galegos, en primeiro lugar. Aí esta, por outra parte, a considerable participación de Espasandín nas Coleccións editoriais bonaerenses "Billiken" e "Oro" da Editorial Atlántica.

⁶⁵ Rafael Dieste, un dos animadores das Misións Pedagóxicas en Galiza, foi tamén un importante intelectual no exilio bonaerense, igualmente animador de importantes iniciativas editoriais, nalgúns das que tivo como colaborador a Otero Espasandín.

⁶⁶ A súa biblioteca recuperada da constancia das súas preocupacións psico-pedagóxicas contemporáneas, como sinala en "La biblioteca que guardaron las gaviotas: memoria bibliográfica de dos inspectores republicanos", *Historia de la Educación*, 17 (1998) pp. 445-451.

importancia⁶⁷, e contaron con tempo insuficiente para poder facelo. O 36 tronzou as esperanzas. Morreron na tristura aceda ou exiliáronse, cando menos, oito deles⁶⁸.

O SEG: laboratorio dun plan pedagóxico para galiza

Podería ser considerada a sección de Pedagogía un laboratorio para un *plan* pedagóxico para Galicia? A resposta non pode ser simple. *Sic et non*, case nos termos de Abelardo.

Como suposto primeiro, avalado historiograficamente, debemos partir de que a aplicación administrativa da lexislación educativa española dictada dende había un século cunha óptica centralizadora xeraba resultados insatisfactorios no desenvolvemento da educación en Galiza. As nosas características socio-culturais específicas facían precisa a adecuación normativa e quizais outro marco político para a súa elaboración, como para a formación do profesorado e outras tarefas.

Tamén desde un punto de vista ligado ao desenvolvemento democrático, como no conxunto español, se sentía por parte de diversos sectores de opinión e profesionais a necesidade de abrir portas e de xerar un serio programa de reforma política e cultural da educación, isto é, un programa político-pedagóxico, en parte, na liña do aprobado polo PSOE en 1918.

Pero, se facemos un contraste entre o alí proclamado e o expresado no conxunto do ideario galeguista, veremos os importantes silencios político-pedagóxicos existentes no espazo galeguista.

O balance de actividades da Sección de Pedagogía do SEG, ou dos membros do SEG como tales, no campo pedagóxico é moi limitado. E aínda así, poderemos falar deste escenario como dun posible laboratorio. Reunía o acerto de comezar a pensar colectivamente os problemas da educación en Galiza e máis tamén un certo ánimo de “proxecto”, que foi moi precariamente desenvolvido. Reunía, vista a nómina dos catorce nomes sinalados, aos que se poderían achegar algúns outros, unha parte significativa da posible “intelixencia” pedagóxica, profesores e inspectores con recoñecido prestixio no contorno galego e con algún coñecemento da escea internacional da educación. Falamos, así, de acertos.

Mais as limitacións tamén resultan evidentes. Están na limitada configuración ideolóxica, con predominancia liberal-conservadora e relixiosa entre os seus componentes, o que limitaba a súa óptica sobre o ideario educativo e programático a propoñer e construír, mentres permanecía no exterior o debate de grandes retos presentes nos anos 30 nas políticas educativas en Europa: a escola única/unificada, a escola pública e democrática,

⁶⁷ As variacións ideolóxicas eran notables entre o conxunto dos membros do SEG, por propia aceptación do pluralismo. Nunha carta de Salvador Cabeza de León, presidente do SEG, a un dos seus membros, exhumada por Alfonso Mato no libro sobre o SEG, pode apreciarse a “distancia” con que o Presidente observa a actividade impresora compostelana de Anxel Casal: “... ‘imprime todas las hojas sindicalistas, comunistoides, etc...; no es lo más propicio....: allá él’”. (MATO, *O SEG*, op. Cit., p. 98, nota 102).

⁶⁸ Poden verse maiores noticias en COSTA RICO, A., “Os ensinantes galegos e/o 36. Os mortos e os exiliados”, in BARRERA, E., *et alii*, *A II República e a Guerra Civil*, Concello de Culleredo / Deputación de A Coruña. A Coruña, 2006, pp. 487-521.

a coeducación, a participación social, o laicismo, e o re-deseño do conxunto dos curricula escolares. Custións que en Galiza se estaban a facer presentes, en parte, a través das voces dos ensinantes afiliados ás Asociacións de Traballadores do Ensino que se foron integrando na FETE ata chegar ao Congreso vigués da primavera de 1936, onde se constituiría a Federación Galega da “Federación Española de Trabajadores de la Enseñanza”⁶⁹, cos que habería, entón, que abrir desde o SEG o conveniente diálogo, impedido polo 36.

Aínda neste segmento de opinión “galeguista” do SEG tampouco estaban voces urbanas e republicano-socialistas, daquela parcialmente configuradas, aínda que desde Galiza non emitirán os seus planteamentos educativos, fiados aos escenarios similares de Madrid.

Son estas parte das maiores carencias limitativas para a eficacia do posible laboratorio. Pero, con todo, na historia contemporánea de Galiza nunca houbera un espazo colectivo tan calificado para poder abordar un exame da problemática educativa xeral e dos seus posibles horizontes de resolución. Tería sido posible maior avance?

Entraríamos aquí na análise das condicións de posibilidade, nos termos de Foucault. Os procesos de articulación colectiva, no senso sociolóxico actual, foron serodios en Galiza, pois son do propio século XX, e isto empobreceu os escenarios de debate, ou impediu a súa suficiente maduración á altura dos anos trinta, e case sería outra gran tarefa a realizar, sen experiencias previas, ao tempo que se chegaba á autonomía política. A interrupción militar deste proceso non nos fai doado establecer máis supostos de indagación.

O SEG podería ter sido o Laboratorio, se se lles dese cita ás outras voces aludidas (as organizacións sindicais do profesorado, os sectores liberal-republicanos urbanos) e se a República puidese continuar, abrindo curso á autonomía política. Reuniríase, así, unha mellor intelixencia dos problemas, un mellor coñecemento dos posibles cursos de reforma a seguir e os azos políticos para facelo. Pero, *de facto*, non puido selo. O SEG, entón, é no campo educativo un símbolo a non mitificar.

⁶⁹ Unha análise da documentación, dos actores e dos acordos deste Congreso da FETE realizámola en *Escolas e Mestres*, pp. 282-289. E 446-454 e en COSTA RICO, A., “Socialismo e educación na Galicia do primeiro tercio do século XX”, in CASTRO, X., DE JUANA, J. (Eds.), *IIª Xornadas de Historia de Galicia*, Deputación Provincial, Ourense, 1986, pp. 135-164.

O problema da galeguización do ensino superior na Galicia da preguerra

The problem of galeguización (the use of the Galician language) in higher education in Galicia before the war

Xosé FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Universidade de Vigo

RESUMO: Neste traballo trátase a galeguización do ensino superior no período correspondente ao primeiro terzo do século XX. Un problema polo que loitaron intensamente os galeguistas preocupados por axeitar o ensino, especialmente o universitario, á realidade peculiar do seu país. Baixo unha perspectiva innovadora e renovadora para a época abórdanse posturas en demanda non só do uso do idioma galego, senón tamén da introdución de diversos contidos curriculares, ben como disciplinas novas a considerar nos planos de estudos, ben como temas a tratar dentro das materias cursadas, así como a solicitude de novas titulacións para a Universidade compostelá que evitarían, entre outros males, o desprazamento de estudantes cara a outras provincias foráneas. Estamos, pois, ante un conxunto de actuacións educativas necesarias para o desenvolvemento dunha ciencia e dunha cultura co principal obxectivo de coñecer para poder transformar de forma integral a realidade galega nun contexto social escasamente desenvolvido, disperso en pequenos núcleos de poboación e sangrado pola emigración.

PALABRAS CLAVE: Universidade, galeguización, titulacións, reivindicacións, autonomía, realidade social, profesorado foráneo, bilingüismo, disciplinas.

ABSTRACT: This work is about the *galeguización* of superior studies in the period of the first third on XX century. It's a problem because of the people who defend galician language fought intensely, worried about appropriate studies, specially those taking at the university, to the peculiar reality of their country. With a completely new and renovated perspective for the moment, different positions in demand are taken. These don't treat just about Galician language, but about the introduction of new curricular staments like new subjects to introduce in study plans or like things to be treated inside the subjects, as well as the request of new university degrees for the USC University which would avoid, between another causes of pain, students going to foreign regions. So, we are approaching ourselves to different educative actions really necessary for the development of science and culture with the leading objective of getting to know Galicia in order to change completely its reality, englobed within a social context not very increased, dispersed in little cores of population and marked with emigration.

KEY WORDS: University, *galeguización*, university degrees, claims, autonomy, social reality, foreign teachers, bilingualism, disciplines.

1. Dúas preocupacións claves: a desgaleguización universitaria e a demanda de novas titulacións

As preocupacións por mellorar o ensino en xeral e por adaptalo ao contexto socioambiental galego, en particular, dunha maneira integral que afectase a todos os niveis educativos, foi algo que estivo presente nos intelectuais galeguistas con intervencións educativas ao longo do primeiro terzo do século XX. Nesa loita, como non, estaba incluída tamén a Universidade. Unha paixón posta neste sentido na década 1910-1920 por homes coma Cabeza de León, Luís Porteiro ou as mesmas Irmandades da Fala. Posicións que se sumaban aos primeiros intentos de melloras que, polo menos, dende os comezos da Restauración se viñan xa demandando coa creación de novas Facultades como as de Ciencias e Filosofía e Letras, que, como sabemos, daría os seus froitos en 1922 cando se consegue que o Goberno aprobe o establecemento de estudos completos das seccións de Historia e de Ciencias Químicas en Santiago¹. Ata a data indicada, a Universidade de Santiago contaba con só tres Facultades nas que se podían cursar estudos completos de Dereito, Medicina e Farmacia.

Ante tal organigrama académico de escasas titulacións, non resultará, pois, estraño que a maioría dos intelectuais galegos tivesen que cursar estudos nalgunha destas facultades. Sirva de exemplo mencionar como pola facultade de Farmacia pasou Florentino López Cuevillas; pola de Dereito, Vicente Risco, Fermín Bouza-Brey, Luís Seoane, Anxel Fole, Carballo Calero, Fernández del Riego; ou pola de Medicina, Castelao, Luís Pimentel, García Sabell. Posteriormente, xa outros galeguistas máis novos pasarían polas aulas de Filosofía, entre eles, Álvaro Cunqueiro Mora e os destacados irmáns Xurxo e Xaquín Lorenzo Fernández. Precisamente por mor do axitado curso de 1932-33 sería Xurxo, como representante dos estudantes de Filosofía na Xunta de Goberno, o que sufriría a apertura dun expediente disciplinario, xunto con outros estudantes, entre os cales figuraba o vicepresidente da F.U.E. Laureano Poza Juncal, así como a clausura do local do que dispuña esta asociación estudantil na Facultade de Dereito. Estas represalias contra Xurxo Lorenzo, que segundo o seu biógrafo Risco principiara a carreira de Filosofía e Letras en 1930, chegando a ser o mellor discípulo do profesor Agustín Millares e Secretario do SEG en 1932, levaron a que no curso seguinte, 1933-34, estes dous irmáns tivesen que deixar a Universidade compostelá para írense a de Zaragoza “por causas que tiñan que ver co seu galeguismo”².

Aténdonos aos datos estatísticos referentes ao alumnado, nuha recompilación levada a cabo por Isaura Varela reflítese como a poboación universitaria, despois dun claro des-

¹ Vid. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: “La Facultad de Filosofía y Letras. 1. Hasta la creación de la Sección de Historia en 1922”, en DÍAZ Y DÍAZ, M. C. (ed.): *La Universidad de Santiago*, Santiago de Compostela, Universidad, 1980, pp. 141-145.

² RISCO, V.: “Xurxo Lourenzo Fernández 1910-1934”, *Nós*, nº 124-125 (IV-V-1934), p. 67.

censo na primeira década dos anos vinte se mantén case constante. Será precisamente a partir do curso 1923-1924 cando comeza un acelerado ascenso ata superar de forma notable os dous milleiros no curso 1934-1935³. Unha nova situación á que, non cabe dúbida, contribuiu en boa medida a creación dos novos estudos.

Inda que este incremento de alumnado e a oferta de novas titulacións supuña un logro importante, había moitas outras fronteiras nas que traballar dende os intereses galeguistas. Unha delas era a carencia de estudos relativos a historia de Galicia na mesma Facultade de Filosofía e Letras. Risco, referíndose a iso no seu libro *Elementos de Metodología de la Historia*, publicada en 1928, laiábase de como podían “salir de ella los licenciados ignorando en absoluto aspectos tan fundamentais coma os relativos á historia Galicia”⁴.

Á demanda anterior xuntárase a reivindicación da Cátedra de Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa, existente xa no Plan de Doutoramento da Universidade Central na Facultade de Filosofía e Letras desde 1910, e que, sen embargo, en Galicia tería que agardar ata os anos setenta para ver tal feito consumado coa denominación de Ricardo Carballo Calero. Pois de nada serviu a insistencia recorrente da súa existencia na prestixiosa institución educativa madrileña. Así, digamos de paso que nada máis creada a Facultade de Filosofía e Letras na Universidade compostelá esta institución aproveita o feito para dirixirse ó Goberno, por iniciativa do ilustre catedrático Armando Cotarelo, co fin de que se establecese tamén dita Cátedra de Lingua e Literatura Galegas no centro santiagués⁵. Algúns anos máis tarde, na diáspora, dende Uruguai o presidente e secretario do Centro Galego de Montevideo, C. Sánchez Mosquera e Mariano Varela, respectivamente, dirixirán outro escrito ao presidente do Consello de Ministros en representación da Xunta Directiva daquel centro solicitando do Goberno español como “un acto de justicia” a creación das susoditas cátedras de idioma e literatura na Universidade de Santiago, e, a ser posible, en todas as Escolas Normais de Galicia⁶.

Sobra dicir que a negativa do Goberno dificultaba en gran modo o poder dispor de autoridades en lingua galega que puideran estudar este idioma en profundidade, emitindo xuízos valorativos de peso en criterios tan importantes como o establecemento dunhas normas estandarizadas tan necesarias para as publicacións de toda índole e, moi especialmente para o ensino escolar, sen sentirse obrigado a ter que recorrer nestes estudos a autoridades lingüísticas castelás, entre as que figuraban García de Diego ou mesmamente alemáns coma Hans-Karl Schneider ou Fritz Krüger, pois xa Risco na súa viaxe pensiónada polas terras do Rhin, no verán de 1930, gabara o adiantado que estaban en Alemaña nos estudos lingüísticos. Un impedimento que dificultou que o Seminario de Estudos Galegos contase cunha Sección de Filoloxía galega tan necesaria nos debates da normativización lingüística, pese aos seus esforzos por realizar traballos de investigación filolóxica galega, organizar cursiños ou conferencias a cargo de profesores coma Tobío Fernández,

³ Vid. VARELA, I.: *La Universidad de Santiago 1900-1936*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1989, p. 171.

⁴ RISCO, V.: *Elementos de Metodología de la Historia*, A Coruña, Nós, 1928, p. 157.

⁵ “Na Universidade de Santiago. A cátedra de lingua e literatura galegas”, *A Nosa Terra*, nº 189 (25-VI-1923), p. 7.

⁶ O escrito foi publicado baixo o título “Por la enseñanza del idioma gallego”, *La Zarpa*, 29-6-1930, p. 7.

Armando Cotarelo, Abelardo Moralejo ou dos estranxeiros Gamillscheg ou Reichenkrone, ás veces en colaboración coa propia Universidade⁷.

Non obstante, á creación das dúas novas Facultades, en Santiago permitía ampliar o abanico de posibilidades académicas impedindo a viaxe de estudantes a outros establecementos foráneos ou liberando vocacións oprimidas por unha oferta universitaria restrinxida. Isto posibilitou que Dereito non fora a única carreira escollida por homes de letras, senón que pouco a pouco aumentara a demanda cara a outras opcións con estatísticas recollidas nun interesante traballo de María Jesús Souto Blanco⁸.

Mais xunto co exposto, habería outro problema fundamental: en palabras de Valentín Paz Andrade, a Universidade estaba “fossilizada”, ancorada no pasado e desgaleguizada⁹. Nesa liña de necesidade de cambio, o mestre Juan Jesús González escribía:

“Y la Universidad debe preparar para la vida y para preparar la vida tiene que enseñar para la vida también. No debe preparar para el título porque el título es una ficción y la ficción no es nada [...] Y la Universidad compostelana padece la enfermedad del oficialismo y del academicismo: no prepara para la vida, prepara para un certificado de estudios y preparar para un certificado es hacer una labor negativa, es no preparar a nadie en el terreno ideológico, espiritual; y la Universidad, entendemos nosotros, que debe ser una escuela de ideas y de espíritus y de hombres”¹⁰.

Por unha banda, as cátedras, os laboratorios, as bibliotecas precisaban vestirse á moderna coma nas gloriosas Universidades de Europa; xa que canto máis europea fose, máis galega sería. Por outra banda, emprazada esta fisicamente en Galicia, espiritualmente nada do que nela se ensinaba tiña que ver coa realidade do país ao que teoricamente debería beneficiar. Tal como ben sinala a profesora Sabela Rivas Barrós, nin nos contidos impartidos nin nos traballos de investigación se tiña en conta aspecto algún da vida galega. Algo que se consideraba grave polas consecuencias negativas que traía para o desenvolvemento cultural e integral de Galicia e no que prioritariamente van concentrar as forzas os galeguistas¹¹. Ademais, convén matizar que nestas aulas sementábase no profesorado de ensino secundario, o cal precisaba cursar estudos de licenciatura para poder optar á ensinanza deste nivel ou superior.

Polo tanto, tamén neste último tramo educativo se presentaba unha tarefa complicada que había que afrontar nese necesario proceso de galeguización. E vaise emprender dende varios puntos, algúns dos cales se centraban precisamente na demanda de novas titulacións e da implantación dunha cátedra de galego na liña que apuntabamos antes. Con eles, a reivindicación dunha autonomía universitaria axeitada ao carácter diferencial

⁷ Vid. Seminario de Estudos Galegos: *Seminario de Estudos Galegos. Dez cursos de traballo (1923-1934)*, Santiago, 1934 (2ª ed.), p. 48.

⁸ Vid. SOUTO BLANCO, Mª J.: “A Universidade de Santiago de Compostela (1857-1936)”, *Revista Galega do Ensino*, nº 11 (V-1996), pp. 168 e 169.

⁹ Vid. PAZ ANDRADE, V.: “Galizia e-a Universidade de Compostela”, *A Nosa Terra*, nº 133 (1-II-1921), pp. 1 e 2.

¹⁰ GONZÁLEZ, J. J.: “Del ambiente universitario”, *La Zarpa*, 13-IV-1923, p. 1.

¹¹ Vid. RIVAS BARRÓS, S.: *A derradeira lección dos mestres*, Vigo, Xerais, 2001, p. 118.

de Galicia, o rexeitamento da presenza masiva de profesorado foráneo ou a creación dunha residencia de estudantes a piques de rematar o primeiro pavillón cando comezou a guerra do 36, podemos dicir que foron os aspectos máis salientables converxentes na liña de actuación galeguista neste período de preguerra. Un camiño nada doado no que non faltaron tampouco atrancos políticos, entre os que se destaca o réxime primorrverista coa súa actitude unificadora oposta a calquera intento descentralizador. De aí que mentres tanto serían precisamente os homes do Seminario de Estudos Galegos, moitos deles profesores nos diversos niveis educativos e con moita limitación de medios económicos, os que se mergullasen no estudo e na investigación da realidade integral do noso país, desenvolvendo iniciativas galeguistas encamiñadas ao erguemento da nosa ciencia e da nosa cultura¹². Inda que esa obra do SEG non era dabondo. A actividade deste centro, o máis activo da cultura galega valorizado no estranxeiro, como indica Risco, tiña “que ser ampliada, estendida, espallada, levada ao pobo”. E para o ourensán corresponderíalle de forma especial á Universidade e ós outros centros de ensino o “levar á coñecencia de todos os resultados das investigacións qu’alí se facían”¹³. Un exemplo claro de esforzo dos intentos de enlace entre ambas institucións estaba na designación do catedrático de Dereito Internacional, Salvador Cabeza de León, como presidente do SEG. Pretendíase, pois, que o concepto de galeguización desenvolvese as peculiaridades galegas nos estudos xerais: introduci-la lingua galega na Universidade como disciplina científica e de comunicación e institucionalizar estudos de cuestións galegas creando cátedras permanentes de historia, xeografía, etnografía, filoloxía e literatura. Nunha palabra, que a Universidade fose foco dunha cultura que se estaba creando á marxe dela, cando non contra ela.

Noutra orde de cousas, facendo extensible as preocupacións pola calidade do ensino galego, non podemos deixar de salientar a campaña en pro do Maxisterio que se viña sostendo dende *El Pueblo Gallego*, en 1932, na necesidade de crear a Facultade de Pedagogía en todas as Universidades, co obxecto de prestigiar a función do ensino, facendo obrigatorios os estudos pedagóxicos ao profesorado de todos os graos. A idea arranca seguindo o xesto da República que creara a Sección de Pedagogía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central (onde tamén unha vintena de anos antes se creara a Cátedra de galego) coa supresión da Escola de Estudos Superiores do Maxisterio de Madrid, expedindo tres clases de títulos: certificados de estudos pedagóxicos, licenciatura e doutoramento en Pedagogía. A licenciatura facultaba para opositar a cátedras de Pedagogía das Escolas Normais, inspeccións educativas e direccións de Escolas Graduadas de máis de seis graos¹⁴.

¹² En palabras de CASTELAO, A.: *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1995, p. 98: “En 1923 fúndase o «Seminario de Estudos Galegos» para centralizar os traballos de investigación e inaugurar en Galiza unha solidariedade científica que supra as deficiencias da Universidade”.

¹³ Vid. RISCO, V.: “Sobr’a Universidade Compostelán”, *Heraldo de Galicia*, 25-V-1931, pp. 2. Tamén en *Céltiga*, nº 152 (25-IV-1931).

¹⁴ “La Facultad de Pedagogía”, *El Pueblo Gallego*, 2-II-1932, p. 1.

2. Posturas de Risco e outros galeguistas

Partindo destas consideracións anteriores introdutorias do proceso galeguizador para o desenvolvemento dunha ciencia e dunha cultura do país, vexamos cales foron as propostas de Vicente Risco un dos mentores do nacionalismo galego e autor de programas para a galeguización do ensino realizados por encargo de distintas entidades. Podemos dicir que as súas reivindicacións en demanda da galeguización universitaria comezan cedo e van unidas ao proceso galeguizador do ensino en xeral. Así, practicamente na mesma data en que publica o “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas”, no ano 1921, dirixe un telegrama ao reitor da Universidade, asinado por un grupo de intelectuais ourensáns máis, demandando “que de hoxe en adiante ademita os traballos e exercicios académicos en idioma galego e nos demais idiomas peninsulares, coma xa, dando un exemplo dino de imitanza, fixo a Universidade de Barcelona”¹⁵. Tal como se expresa no texto, aproveitábase, como sempre, a ocasión do exemplo vido de Cataluña onde esta Universidade barcelonesa acababa de establecer nos seus Estatutos, xa sancionados polo Goberno, que para as teses doutorais podería usarse os tres idiomas peninsulares ademais do portugués. A numerosa e diversificada procedencia intelectual dos asinantes fai ver que o compromiso da petición era serio, pois figuraban no escrito: Basilio Álvarez (crego e loitador nas Sociedades Agrarias en defensa dos dereitos do campesiñado), Ramón Otero Pedrayo (catedrático do Instituto); Vicente Risco (licenciado en Dereito e profesor da Escola Normal), Roberto Blanco Torres (xornalista), Julio García Pérez (licenciado en Medicina), Antonio Couceiro Freijomil (inspector de primeiro ensino), Florentino López Cuevillas (licenciado en Farmacia), os avogados Euxenio Montes e Arturo Noguerol, Manuel López Enríquez (médico), Antonio Buján (periodista e presidente da Federación Provincial Agraria), Francisco Lamas Barreiro (pintor), Juan Carid (avogado e secretario da Federación Provincial de Sociedades Agrícolas), José Berbén, Doroteo Gómez (secretario da Cooperativa Agraria), os mestres nacionais Ramón Alonso e Manuel Vázquez Gutiérrez, e outras personalidades.

Andado o tempo, en outono de 1930, publica Risco o libro *El problema político de Galicia*. Transcorreran xa catorce anos dende que fora creada a primeira Irmandade da Fala na Coruña¹⁶ e dende que en voceiros como *A Nosa Terra* ou *El Pueblo Gallego* apareceran sobrados argumentos defensores da necesidade de introducir a nosa cultura no ámbito científico universitario. Non obstante, nesa prolongada postura reivindicativa do galeguismo, Risco laiase nesa obra de que a lingua galega non se ensine en ningún establecemento oficial nin particular cando xa existían cátedras de francés, de inglés, de alemán, de italiano, nos institutos, nas normais, nas universidades e nas escolas especiais, pero

¹⁵ Vid. “Nuestro idioma en las tesis doctorales. Un telegrama al rector de la Universidad compostelana”, *La Zarpa*, 9-X-1921, p. 1.

¹⁶ No comezo do curso de 1919 dicía Viqueira referíndose á necesidade de ensinar en lingua galega: “A insinanza será en Alsacia bilingüe (francés e alemán). O goberno veu de crear unha cátedra de provenzal na Universidade de Als de Provenza. Co tempo crearanse outras de catalán na de Montpellier, de vasco na de Burdeos. [...] En Provenza já hai libros pr’a elo e profesores de Liceos (Institutos) teñen lido aos rapaces poesías de Mistral en provenzal, na clase de literatura. Mistral foi o pai da teoría do insino bilingüe e hoje considera-se como representante da Franza futura”. E remata: “Pra que digan que as Irmandades andamos atrasadas”. Vid. VIQUEIRA CORTÓN, J.: “O nazionalismo xurdindo”, *A Nosa Terra*, nº 99 (5-IX-1919), p. 4.

pola contra ningunha en galego ou alomenos en portugués. Un considerado atraso pedagóxico español no ensino superior do que non se albiscaban novos horizontes inmediatos, pois como indicamos anteriormente, recrimina tamén o feito de que na Universidade Central madrileña haxa unha cátedra de Lingua e Literatura galaico-portuguesa cando na Universidade compostelá, que algúns chamaban galega, non existía ningunha. Para esa desgaleguización da Universidade compostelá o profesor ourensán non escatima palabras en termos bastante radicais:

“¡Universidad gallega! Yo quisiera saber qué es lo que tiene de gallega nuestra Universidad: ni la lengua, ni la literatura, ni la historia, ni la geografía, ni la economía, ni las costumbres jurídicas, ni ninguno de los aspectos de la vida gallega es allí objeto de enseñanza. Ved si voluntariamente algún profesor quiere de paso referirse a alguno de esos asuntos, si tiene tiempo para ello, o algún breve curso, como los del doctor Cotarelo. La universidad compostelana es una universidad castellana colocada en Galicia. Todos los establecimientos de enseñanza que tenemos son establecimientos de enseñanza castellana colocados en Galicia.

Aquí se puede ser maestro, bachiller, profesor, médico, funcionario, magistrado, notario, canónigo, obispo, obtener los más altos grados y los más altos cargos sin saber nada acerca de Galicia. El Estado *concede gratuitamente el derecho a ignorarla*. He aquí el modo absurdo que se tiene de culturizar nuestro país: forzándole a ignorarse a sí mismo”¹⁷.

Practicamente, son as mesmas e enérxicas palabras cas empregadas seis anos atrás polo galeguista Lois Peña Novo, cando sinalaba dende o voceiro vigués no mesmo ano da súa fundación que:

“Estamos acostumbrados a designar la Universidad de Santiago con el sobrenombre de «Universidad Gallega»; pero de gallega solamente tiene la circunstancia accidental de su residencia, sus enseñanzas, sus textos, su espiritualidad no son gallegas. En sus aulas no se ha hecho ninguna investigación ni se ha resuelto ningún problema que afecte a la vida y a la cultura de Galicia”¹⁸.

Na mesma liña mostrábase Antón Villar Ponte en “Pensamento e Sementeira”, indicando que a Universidade de Santiago era “unha fábrica de tantas fábricas de licenciados” carente de “anhelo patriótico” e alienante da cultura autóctona. E é que cumpría ser esixentes de vocación e convicción. Tarefa complicada e paciente. Nela insistía, cunha actitude máis atenuante, o deputado Otero Pedrayo, que sendo electo por Ourense e reforzando a política do Partido Galeguista, pronuncia un discurso nas Cortes, o 24 de maio de 1933, referíndose precisamente ao “problemas de Galicia”. Nel indica como a tendencia a conseguir unha Universidade plenamente galega seguía estando presente e puña de relevo como -a pesar dos constantes esforzos feitos “en pro de eso que se titula la galleguización de la Universidad” polos homes do renacemento nacionalista, entre os que, claro está,

¹⁷ RISCO, V.: *El problema político de Galicia*, Madrid, CIAP, 1930; reproducido en RISCO, V.: *Obras completas*, Vigo, Galaxia, t. 4, 1994, p. 170.

¹⁸ PEÑA NOVO, L.: “La Universidad gallega”, *El Pueblo Gallego*, 1-X-1924, p. 1.

se inclúe el, e especialmente polos estudantes das Fues- esa expresión “ha llenado de alarma a algunas gentes”¹⁹.

Igualmente, no mesmo discurso oteriano, alúdese á necesidade dun levantamento do espírito galeguista en todos os niveis do ensino: primario, secundario e universitario, á implantación de cátedras de Lingua Galega nas Escolas Normais, á concesión do dereito de bilingüismo para Galicia parello ao concedido para Cataluña, á autonomía universitaria na que se deixe á Universidade compostelá unha marxe ampla para que poida crear as súas Facultades, entre as que estaría unha Facultade de estudos rexionais. Nunha palabra, aspiraban a que toda a vida intelectual e espiritual de Galicia se concentrase e fose rexida por este centro de ensino superior. De aí que

“al decir Universidad gallega queremos decir que no sólo el estudio de la Etnología, de la Prehistoria, de la Naturaleza, de todos los aspectos de vivir antiguo y presente de Galicia en el mundo de las ideas y de la naturaleza, sino también que todo el cosmos inmenso de la cultura universal sea estudiado con ese espíritu galego”²⁰.

Outro insigne nacionalista, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, na significativa obra *Sempre en Galiza*, reprochaba como as escolas públicas, o ensino secundario e a Universidade de Santiago eran dende sempre axentes desgaleguizadores; como o ensino exclusivo do castelán impedía o cultivo das demais linguas e, por ende, o desenvolvemento doutras culturas; e como un galego podía “sen saír de Galiza, conquistar un título universitario, exercer unha profesión liberal e ignorar que existeu Rosalía de Castro”²¹. Neses intentos por mellorar a situación descrita, sendo deputado nas Cortes durante a IIª República testemuña aínda a reiterada falta de compromiso coa palabra prometida por parte dalgúns políticos: “Eu recibín, por tres veces, a promesa de que se crearían Cátedras de galego nas Escolas Normas de Galiza, e na derradeira conquérin autorización para comunicalo á prensa; pero eran promesas falsas”²².

De por parte, xa que logo, non quedaba máis remedio que buscarse a vida por outras canles extraoficiais. ¿Cómo? O propio Risco nos dá a resposta:

“De este modo, la verdadera cultura gallega, el estudio de nuestro país y de sus condiciones de vida y desarrollo, de su tradición, de las posibilidades espirituales, se hace completamente fuera del campo de la cultura oficial, por hombres entusiastas y abnegados que trabajan gratuitamente, con el menor auxilio posible, y se agrupan para colaborar en instituciones como el Seminario de Estudios Gallegos, la Real Academia Gallega, la Comisión de Monumentos de Ourense, la Sociedad Arqueológica de Pontevedra, o se mantienen

¹⁹ CASTELAO e OUTROS: *Discursos parlamentarios (1931-1933)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1978, pp. 137-151. A cita é da páxina 146.

²⁰ *Ibidem*, p. 147.

²¹ Vid. CASTELAO, A.: *Sempre en Galiza*, Vigo, Galaxia, 1995, p. 97, 5ª ed.

²² *Ibidem*, p. 220. Na mesma obra, p. 98, con respecto ao decreto do Goberno provisional da República que concedía a cooficialidade do idioma e o bilingüismo escolar para Cataluña, Castelao, corrobora: “Un decreto menos ambicioso foi reclamado para Galiza, e un mesmo *Ministro de Instrucción Pública* enganounos dúas veces –unha o ano 1931 e outra en 1936- con promesas que non foi capaz de cumprir”.

aislados. Al fin, la labor realizada en los últimos tiempos ha comenzado a atraer la atención pública, y las Corporaciones oficiales, comprendiendo su inmenso valor, han comenzado a concederles algunas subvenciones, gracias a las cuales pueden, aunque lentamente, realizarse y publicarse los trabajos, lo cual aun causa gastos a los investigadores”²³.

Noutro artigo publicado por Risco “Sobr’a Universidade Compostelán”²⁴ segue, no esencial, a liña utilizada un ano antes en *El problema político de Galicia*. Continúa insistindo en que a Universidade non é unha Universidade galega, senón unha Universidade castelá encravada en Galicia sen influxo algún sobre o pobo e insiste en como “a historia *do espírito* da Universidade Compostelán está por facer”, debendo esta abrir as portas á cultura integral deste singular país. Entre os impedimentos máis serios para esa galeguización da Universidade como institución creadora dunha cultura propia, menciona: a presenza masiva de profesorado e alumnado foráneo nas súas aulas, a actitude antigaleguista dalgúns profesores nativos e a emigración de estudantes galegos á outras universidades coma á de Valladolid. Para evitar esta fuxida de estudantes propón que sería bo

“traballar pol-a Residenza d’Estudantes, chamada a ser a sucesora dos antigos Colegios iniciás do Estudo Compostelán. Compre erguer e estender o Patronato da Universidade, as asociaciós d’antigos alumnos, etc., etc., etc. pra dotala de Bibrioteca, Laboratorios e meios de traballo, e compre atrague-la nosa vida espiritoal arredor da Universidade, compre arredela de quentura, d’alento, d’ambiente galego, pra que iste se vaia metendo n-ela, e vaia trocando en órgao da nosa cultura autóctona”²⁵.

Non obstante, convén puntualizar que si a presenza de estudantes foráneos de ámbito lingüístico castelán (resto de España e Latinoamérica) na Universidade de Santiago tiña unha certa importancia, talvez non adquiría o protagonismo que lle daba Risco. No artigo citado, o profesor normalista ourensán dinos que “nas Facultades de Dereito, Letras e Farmacia, o 60% ou máis, dos estudantes son alleos a Galiza, casteláns e bascos” e que con respecto ao profesorado “ja non digamos, porque ten habido catedráticos qu’eran enemigos jurados da renacementa galega”. Datos estatísticos un tanto esaxerados. Pois, se manexamos as porcentaxes de distribución dos estudantes nas diversas Facultades segundo a súa procedencia xeográfica aportados por María Jesús Souto Blanco, para o período 1900-1930, o 64,62% procederían de Galicia e os restantes do resto de España, con tan só o 3,13% de Latinoamérica e unha porcentaxe insignificante do resto do mundo. Non obstante hai diferenzas significativas en canto ás Facultades. En Dereito proceden dalgunha provincia galega o 88,71%, en Medicina o 78,76 e en Farmacia a cifra descende a 29,52%, menos dun terzo²⁶. De non variar as porcentaxes substancialmente na etapa republicana, ante a gran maioría de estudantes galegos matriculados na Facultade de Dereito, parece razoable que fosen estes os que acadasen maior relevancia reivindicativa de

²³ RISCO, V.: *El problema político de Galicia*, citado, p. 170.

²⁴ Este artigo foi publicado en varios medios. Vid. RISCO, V.: “Sobr’a Universidade Compostelán”, *Heraldo de Galicia*, 25-V-1931, pp. 2 e 8; *Céltiga*, nº 152 (25-IV-1931). Citaremos pola primeira fonte.

²⁵ *Ibidem*.

²⁶ Vid. SOUTO BLANCO, M^a J.: “A Universidade de Santiago (1857-1936)”, *Revista Galega do Ensino*, nº 11 (V-1996), p. 180.

orientación nacionalista ben a través da súa propia “Asociación Profesional de Estudiantes de Derecho” (A.P.E.D ou A.P.A.D.), ben liderando outras formacións.

Sobre a orixe foránea do profesorado non manexamos datos concretos, si sabemos que algúns deles mantiveron enfrontamentos co galeguismo, coma foi o caso dos catedráticos de Latín, Abelardo Moralejo Lasso; de Dereito Procesal, Niceto Alcalá Zamora y Castillo; de Historia de España, Carmelo Viñas y Mel ou do de Química Inorgánica, Ricardo Montegui y Díaz de Plaza, este último vicerreitor e reitor na IIª República. Á lista pódese sumar algún antigaleguista galego coma é o caso dos catedráticos de Terapéutica, Antonio Novo Campelo e de Dereito Civil, Felipe Gil Casares. Pero tamén había algúns sobranceiros galeguistas, moitos deles vencellados co SEG. Citaremos novamente aos catedráticos de Dereito Internacional e Dereito Canónico, Salvador Cabeza de León, o de Lingua e Literatura Españolas, Armando Cotarelo Valledor (que alá por 1906 elaborara un programa con leccións da literatura galega medieval e moderna) e o de Anatomía, Alejandro Rodríguez Cadarso, deputado pola O.R.G.A. e polo P.R.G, ademais de ser un Reitor que contaba coa simpatía do alumnado galeguista como o mostra o feito de que fose apoiado no seu acceso ao cargo polo movemento estudantil da FUE (Federación Universitaria Escolar). Logo virían outros profesores xa máis novos entre os que figuran algúns coma Antón Fraguas, Isidro Parga Pondal, Juan López Durá, Clemente Zapata e Lois Tobío. Así e todo, para o Armando Cotarelo, buscar boa vontade entre o profesorado que suplantase o rexeitamento do Goberno na orientación galeguista dos programas oficiais, era “lo más difícil”²⁷.

Respecto á ida do alumnado galego á Universidade de Valladolid, non posuímos datos das súas porcentaxes, mais non cremos que isto fose un proceso serio de desgaleguización, pois o motivo parece ser que era a benevolencia académica que o mesmo Risco recoñecía usando a denominación de “coladera”²⁸.

3. Algunhas realizacións concretas

Por razóns políticas obvias, non resulta estraño, xa que logo, que fose durante a IIª República, especialmente no primeiro bienio, cando máis se intensificou a galeguización do ensino en xeral e da Universidade en particular. De por parte, será agora cando aparecen as Mocedades Galeguistas, a agrupación xuvenil *Ultreya* e cando se acentúa a postura reivindicativa da autonomía para a Universidade galega, as mobilizacións estudantís e as axitacións universitarias organizadas a través da FUE, que xa mantiveran un importante papel na precipitación da crise que conduciu ao final da Ditadura de Primo de Rivera. Pois, como sostén Isaura Varela, a actitude da FUE non presentou fisuras e dende un principio se definiu como unha forza activa colaboradora no proceso da galeguización chegando a crear verdadeiras tensións na Universidade compostelá nos últimos anos²⁹.

²⁷ Vid. COTARELO, A.: “Galleguismo Universitario”, *El Pueblo Gallego*, 10-X-1930, p. 1.

²⁸ Vid. RISCO, V.: “Sobr’a Universidade Compostelán”, *Heraldo de Galicia*, 25-V-1931, pp. 2.

²⁹ Seguindo as consideracións desta historiadora da Universidade compostelá, o “cúmulo de actividades desarrolladas por la FUE en los primeros años republicanos no logra ocultar las tensiones surgidas en la

Nese ámbito das realizacións da galeguización do ensino universitario cabe mencionar os esforzos de Álvaro das Casas, quen en 1932 realizou unha interesante enquisa a estudantes e profesorado da Universidade compostelá, galeguistas e antigaleguistas, coa finalidade de recoller información sobre o que pensaban dela e que entendían pola súa galeguización. Entre os enquistados figuraban homes de renome no eido das Ciencias e das Letras procedentes de dentro e fóra de Galicia: o reitor, Rodríguez Cadarso; o vicerreitor, Ricardo Montequi (castelán); o secretario, Arias Ramos (castelán); o catedrático de Letras, Moralejo Lasso (castelán); o catedrático de Ciencias, Calvet Prats; o decano de Letras, Pérez Bustamante (castelán); o último presidente da FUE, García Sabell e o vixente, Carballo Calero (galego); os auxiliares universitarios, Mariano García (castelán) e Lois Tobío (galego); o estudante marxista, Luís Seoane; os profesores de Instituto, Pérez Gómez (galego) e Hontoria (castelán) e o axudante "apolítico" da Universidade, Seixo, entre algún outro. As respostas coinciden na necesidade de galeguizar e universalizar a Universidade, abrila a Europa (Viqueira, en 1921, falaba xa de relacionarse cos países afíns do Atlántico)³⁰, introducir o idioma galego e establecer axiña cátedras en materias coma lingua, literatura, historia, economía e xeografía de Galicia sen prexuízo de intensificar nos estudos xerais outros aspectos interesantes da terra galega³¹.

Cuestións semellantes ás indicadas eran reivindicadas polo estudante de Dereito, Francisco Fernández del Riego, nun soado discurso inaugural do curso 1933-34, que aínda o emociona hoxe cada vez que se refire a el³². Discurso do que, dado o seu interese, paga a pena esbozar un pequeno comentario. O mencionado alumno de Dereito fora designado para tan notable acto polos compañeiros que constituían a Cámara Federal da FUE, dando cumprimento a unha disposición do Ministerio de Instrución Pública (*Gaceta* do 19 de setembro de 1930) pola que se rexía a cerimonia de apertura de curso. Nese acto, e en iguais condicións protocolarias có catedrático de quenda, participou nun relevante discurso como representante do alumnado. Fernández del Riego inicia a súa intervención referíndose á exitosa implantación do sistema cíclico no Bacharelato, sistema ó que dito sexa de paso

Universidad de Santiago desde su entrada en lo órganos de gobierno. Su monopolio como representante oficial del alumnado y su participación en los desórdenes escolares de los últimos cursos la colocaban en una crítica situación aprovechada por la «reacción» claustral para presentarla como una organización, *minoritaria y subversiva*, culpable de las anomalías académicas". *Vid.* VARELA, I.: *Op. cit.*, pp. 256-7.

³⁰ "Como órgano de cultura galega a nósra universidade debe ollar pr'a os países afís esos que bordean o Atlántico e establecer relacións con eles. Portugal, América do Sur, Brasil e América do Norte, Franza, Irlanda, Inglaterra, son países que hoje cuase non coñece o nósro povo máis que pol-o nome ou superficialmente, só no seu aspecto externo, e con os que convivindo obteríamos moito proveito e levaríamos o nósro traballo ao tesouro universal da humanidade". VIQUEIRA, J.: "Pensamentos para unha Universidade Galega", *Nós*, nº 4 (31-I-1921), p. 3.

³¹ As referencias a esta enquisa aparecen en varios medios: "A galeguización da Universida de Compostela", *A Fouce*, nº 45 (1-III-1932), p. 4; CASAS, A. das: "En precura da realidade galega. O que supón a galeguización da Universidade", *Heraldo de Galicia*, 18-VII-1932, p. 3; CASAS, A. das: "En precura da realidade galega. A nósra Universidade", *Nós*, nº 97 (15-I-1932), pp. 13-18.

³² *Vid.* FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: "La Universidad gallega ante el momento actual. Discurso lido na inauguración do curso académico 1933-1934 na Universidade Literaria de Santiago, Tip. Paredes, 1933; tamén en FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: "La Universidad gallega Ante el Momento Actual. Discurso pronunciado por nuestro colaborador Francisco F. del Riego en la apertura del curso 1933-1934", *Galicia*, nº 337 (2ª época), 12-XI-1932, p. 2. Citaremos en adiante por esta fonte.

alude tamén Risco para o ensino da Historia na súa obra *Elementos de Metodología de la Historia*. A continuación enxalza brevemente a reforma universitaria de Fernando de los Ríos, que salvo certas faltas de orientación, parecía responder a plans esperanzadores de óptimo resultado, permitindo polo menos abrir un camiño semellante ao que se vivía no veciño Portugal³³. Remataría centrándose no concepto da galeguización da Universidade. Como Viqueira, pensaba nunha “Universidad Grande y Moderna, alma de una Galicia gallega” aberta a vida enteira e a Europa, “no desdeñando el ruralismo, del que utilizamos sus valores emocionales y tradicionales, dándoles una vitalidad actual”, e na que desenvolvese ó mesmo tempo unha ensinanza práctica e investigadora, fuxindo desa burocracia na que estaba inmersa. Nese proceso, o estudante de Dereito pon en evidencia o retraso lexislativo autonómico de Galicia respecto a Cataluña, que afecta especialmente ao ensino. Baseándose nesa hipotética igualdade, reclama a autonomía universitaria, alomenos igual á concedida para os cataláns polo Decreto do 1 de xuño de 1933. Tamén entende que dita autonomía está chea de restricións que afectan a toda a organización en xeral, non podendo decidir, entre outras cousas, o contido e duración dos plans pedagóxicos, as inmersións orzamentarias, o nomeamento do profesorado que queda ao arbitrio do ministro español ou nun Padroado que se integraba por persoas nomeadas polo Estado e pola Generalitat, respectivamente. Respecto ao nomeamento do profesorado, amparado na postura sostida polos institucionistas e nas fórmulas de autonomía universitaria doutros países europeos adiantados, indica como nun “ideal remoto, las cátedras no se proveerían por oposición” e a “misma Universidad nombraría su profesorado, escogiendo entre los más reconocidos prestigios”³⁴. Por suposto, tamén estaría presente a reclamación do bilingüismo para o ensino que permitiría xa dende os primeiros anos unha aprendizaxe na lingua materna como base de toda instrución e de formación do espírito. Insístese no famoso Decreto de Bilingüismo outorgado por Marcelino Domingo no ano 31 para Cataluña, que recoñecía a creación dunha cátedra de catalán en cadansúa Normal, deixando amplas marxes aos seus Claustros na programación e contratación de profesores voluntarios. De acordo coa nosa terra agrícola e gandeira, remata a intervención coa petición para Galicia de estudos de Arquitectura, unha Escola de Veterinaria e outra de Enxeñeiros e Peritos Agrónomos.

Continuando coa orde de actividades que vimos expondo, o director do Instituto de Noia, Álvaro de las Casas, impartiu unha conferencia no Paraninfo da Universidade organizada pola A.P.E.F.L. o día 9 de marzo de 1933 sobre “O momento universitario”, insistindo na necesidade de erguer a conciencia nacionalista e facendo ao mesmo tempo un chamamento á mocidade universitaria para que se enrole no movemento xuvenil de tinguidurana-

³³ *Ibidem*. O ensino universitario deste país portugués debía ser ben coñecido polo autor cando o pon como exemplo dun lugar “en donde siendo una misma ley universitaria la que rige para todo el país, el profesorado luso tuvo la rara virtud de acomodarse a los medios geográficos y a la realidad social que le rodeaba, de tal forma que en los fondos bibliográficos, en el decorado de las aulas, en las costumbres académicas, en todo, no hay quien pueda confundir a la Univerisad de Oporto con la de Coimbra, ni aun a éstas con la de Lisboa. (Esta norma pretende recogerla Fernando de los Ríos en el preámbulo puesto al proyecto de ley para la reorganización universitaria)”.

³⁴ *Ibidem*.

cionalista *Ultreya*, que el mesmo fundara un ano antes³⁵. Tamén neste ambiente un tanto propicio baixo o reitorado de Alexandre Rodríguez Cadarso (1930-33), foi cando Vicente Risco mantivo unha breve relación coa Universidade ó pórse en marcha no ano académico 1932-33 un curso de cultura galega, organizado na Facultade de Filosofía e Letras polo "Instituto de Estudios Regionales" desa Universidade en colaboración cos membros do SEG. Nel interviron os profesores Abelardo Moralejo con temas de Lingua, Filgueira Valverde encol da Literatura galega e Risco sobre Historia de Galicia³⁶. Este curso alternábase cun ciclo de conferencias a cargo do Instituto de Estudios Portugueses no que interviron, entre outros, os ilustres profesores do país veciño Fidelino de Figueiredo e Sergio de Sousa, falando encol da Literatura do seu país³⁷. Segundo testemuña un dos asistentes a este acto que asina co pseudónimo de Borobó, parece ser que estaban programadas outras intervencións coma as de Luguís Freire, presidente naquel entón da RAG, que disertaría sobre Lingua e Literatura, Otero Pedrayo sobre Xeografía e tal vez Ángel del Castillo sobre Arte de Galicia³⁸. O que si nos consta pola revista *Nós* é que Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, invitados pola "Seición de Estudos Galegos" que funcionaba na Facultade de Filosofía e Letras, pronunciarian cadansúa conferencia no remate do curso académico 1931-32. A de Risco versou sobre a "Introducción ó estudo do folk-lore galego" e a de Otero sobre a xeografía humana das vilas galegas³⁹.

Sexa como for, estamos claramente ante un intento de levar e converter, á súa vez, en axente criador da cultura galega o ensino universitario, que segundo parece, as leccións desenvolvidas tiveron gran interese. Así o deducimos do curso impartido polo profesor normalista Vicente Risco sobre a Historia de Galicia, lido na segunda quincena de novembro de 1932, na aula número catro da Facultade de Letras, contando cunha numerosa asistencia procedente de todas as clases sociais, sendo gabada no diario *El Eco de Santiago* con data do 28 de novembro de 1932; e tamén o de Xosé Filgueira Valverde, realizado no mes de xaneiro de 1933, altamente concorrido.

Na fronte de actuacións estudantís de política activa notorio foi un manifesto de finais de 1933 rubricado por un grupo de estudantes das distintas Facultades e dirixido aos escolares, aos universitarios e aos galegos en xeral no que se defendía a creación dunha vida universitaria autenticamente galega, respectando a nosa fala, o noso idioma e os nosos problemas. Unhas aspiracións que se concretaban en cinco puntos: autonomía de Galicia, independencia universitaria con relación a Madrid, Federación Universitaria única e galega, igualdade de dereitos para o galego con relación ó castelán e establecemento de

³⁵ Vid. CASAS, A. das: "Os homes, os feitos, as verbas. Vida Universitaria", *Nós*, nº 111 (15-III-1933) p.55; tamén CASAS, A. das: "O momento universitario. Verbas ós mozos galegos. O momento universitario, Santiago, 1933, p. 5.

³⁶ Vid. Seminario de Estudos Galegos: *Seminario de Estudos Galegos. Dez cursos de traballo (1923-1934)*, Santiago, 1934 (2ª ed.), pp. 50, 48 e 38; Os homes, os feitos, as verbas. Vida univerditaria", *Nós*, nº 110, 15-II-1933, p. 37 (para a intervención de X. Filgueira Valverde).

³⁷ Vid. "Os homes, os feitos, as verbas. Vida univerditaria", *Nós*, nº 110, 15-II-1933, p. 37-8; e "Os homes, os feitos, as verbas. Libros", *Nós*, nº 111, 15-III-1933, p. 55.

³⁸ Vid. BOROBÓ: "El maestro Risco, en la Universidad", *La Noche*, 10-XI-1961, p. 8.

³⁹ Vid. "Os homes, os feitos e as verbas. Risco e Otero na Universidade Galega", *Nós*, nº 102 (15-VI-1932), p. 110.

cátedras permanentes de cultura galega. As mesmas que se seguían a defender a inicios de 1936 dende o voceiro da F.M.G. (Federación Mocidade Galeguista) no que, nunha nota da Redacción, se indicaba que “a nosa Universidade, non é nosa. Son moi poucos os mestres galegos que n’ela ensíñan e inda d’istes hai algúns que soio levan o nome de galego”⁴⁰.

Respecto do ensino secundario, os problemas viñan sendo unha continuidade dos existentes na escola primaria. Xa cara ao final da República, coas esperanzas postas na necesidade dun decreto que permitise o bilingüismo escolar conforme co natural da vida ordinaria, o profesor Filgueira Valverde facía “notar que os seus alumnos non se decataban da mor parte das eisplicacións porque ¡non enxerguían o castelán!” pese a que el impartía clases en cursos altos⁴¹. A situación era un fiel reflexo dunha lexislación incomprensiva e totalmente allea á realidade do país. Así mesmo, Manuel Gulín, a través dunhas duras palabras manifesta que a “segunda enseñanza foi a mais aldraxada pol-as falcatuadas dos anos dictatoriais: nin que fora pensada d’intento pra escorrer nos estudantes a lediza do estudo”, resultando penoso “qu’os bachilleres teñan que facer despois de rematado o grado a descuberta do corpo e do espírito da súa terra”⁴². Antes, novamente o profesor de xeografía no Instituto ourensán, Otero Pedrayo, ilustre discípulo avantaxado do eminente xeógrafo Eduardo Moreno López, dende *El Pueblo Gallego* daba as claves metodolóxicas de como impartir ese ensino secundario e universitario nas diversas disciplinas:

“No Instituto, na Geografía, na Literatura, na Hestorea, na Gramática, hai lugar d’abondo pra desenrolar en primeiro tñrmo leuciós ceteiras en col de todol’os aspeitos xeográficos, das primaveiras i-outonos literarios, da formazón e tempos da concenza galega, da evoluzón do noso idioma, coma os traballos das cátedras d’historia natural s’han vidualizar cos exemplos inmediatos da gea, da flora e da fauna galega, i-o ensino da agricultura c’as labours dos nosos agros. Deber iste que abrangue os profesores galegos e non galegos pois istes saben que o galeguismo lonxe de supoñer renunzazón e particularismo quer dicir espírito granqueador a ô mundo moderno e que unha enseñanza real na Galiza e pra galegos soilo en realidás galegas tñn a súa primeira apricazón.

No mesmo caso –mais necesario e doado de cumprir- está a nosa Universidade. Namentras non viva oficialmente unha verdadeira facultade galega, hai espazo nas cátedras, hai o dereito dos cursos libres e das ensinanzas complementarias”⁴³.

⁴⁰ “A nosa Universidade non é nosa”, *Guieiro*, nº 5 (1-I-1936), p. 1.

⁴¹ Vid. BEN-CHO-SHEY: “O lingoaxe nas escolas”, *A Nosa Terra*, nº 395 (20-XII-1935), p. 3.

⁴² GULÍN, M.: “Cimentos da terra. Un plan de enseñanza”, *A Nosa Terra*, nº 271 (1-V-1930), pp. 9 e 10-

⁴³ OTERO PEDRAYO, R.: “Un deber do Profesorado Galego”, *El Pueblo Gallego*, 16-VII-1930, p. 1. Noutro artigo seu, apunta: “Cada longo día do Maio ten infindos espazos de tempo pr’os rapazes do Instituto. A cada hora esculcan novos hourizontes e novos dóores nas seráns queimadas pol’o sol, no balbordo cidadán das rúas cando s’acenden as luzes. Ollan novas cousas nos país, nas amigas dos hirmáns, nas compañeiras, nos amigos. Soilo o sunido das leciós dñ un pouquiño de unidade a iste vivir neboento afundido nas ondas vidadeis d’un mundo novo. A maor porceon d’istes rapazes son galegos. Tudos saben, inda que non tudos a falen, a súa língoa. Diant’iles penso na terra, na ridente ribeira frorecida, na vasta montana ascondida pol’os termos do hourizonte. Dentro de tres, de catro anos, cada un collerá o seu camiño. D’iste fato de trinta e tantos estudantes sairán moitos comercientes, algúns funcionarios, algunhas maestras, cicáis ningún galego. ¿Cantos deles serán perdidos prá terra? ¿Cantos mimarán e acougarán a nobre direuceon d’un vivir galego, conscente da funceon da Galiza no mundo. Háinos chaponciños: primeiros logares nas oposições. Háinos d’unha indefrenza fisiolóxica. Tudos o rematarse iste Maio,

Finalicemos indicando simplemente que nas Normais tampouco había nada que saíntar despois do dito anteriormente. Se ben é certo que parecía abrir algunhas luces o feito de que o Ministro de Instrución Pública do primeiro gabinete republicano publicara o 9 de xuño de 1931 un decreto no que se facilitaba a adecuación das escolas normais catalás ás novas esixencias da pedagogía viva, contemplando a creación de cátedras de lingua catalá. En Galicia o resultado, como nos indicou Castelao, foi tan só esperanzador. As actividades quedaban frecuentemente ao dispor do celo claustral que quería abandonar as vellas pautas e pórse a ton coa finalidade pedagóxica que perseguía o novo réxime. Este foi o caso dalgúns cursiños emprendidos concretamente por este órgano de goberno da Escola Normal de Pontevedra e resaltados dende *El Pueblo Gallego* como un incentivo de realismo, de amor á terra, de realizar a obra educativa dentro do medio social no que esta se desenvolve e que debería estenderse aos demais centros educativos de Galicia:

“Hubiéramos querido que al plan de estudios de las Escuelas Normales se incorporase, por lo que afecta a Galicia, la lengua y literatura regionales. Sin conocer el idioma no es posible penetrarse del ambiente social del pueblo que lo habla. Aun recordamos con estupor cómo en tiempos de la Dictadura, merced a un procedimiento absurdo que se llamaba de la «lista única», vinieron a cubrir las escuelas vacantes en Galicia maestros andaluces, valencianos y catalanes, que se volvían locos para comprender y hacerse entender de los niños hijos de nuestra tierra.

La Escuela Normales gallegas deben suplir la falta de una cátedra especial de lengua y literatura galaicas con iniciativas especiales que pongan a los maestros futuros en camino de procurarse ellos mismos tan importantes conocimientos.

Entendiéndolo así, el claustro de la Escuela Normal de Pontevedra acaba de acoger con la mayor complacencia la idea de organizar un cursillo especial de idioma, literatura e historia de Galicia⁴⁴.

entran n'un vrán decisivo, cicais, na formaceón do seu carautre. Aquil lampantín non perdíu en tres cursos o ser da aldeia ¡Ogallá non s'avergoñe endexamais d'ela!. Teño fé noutro enredante: non acerta unha resposta mais vinlle os ollos mollados unha vegada en que falando do Carral e dos segadores, dos cruceiros, dos camiños e das leendas do norte, tuda a hora da clase arrecendeu vagamente a outonos e primaveiras galegas". OTERO PEDRAYO, R.: "Na clase", *A Nosa Terra*, nº 236 (1-VI-1927), pp. 2 e 3.

⁴⁴ "Opiniones. La labor a realizar por las Escuelas Normales gallegas", *El Pueblo Gallego*, 9-XI-1932, p. 1.

Historia de la Enseñanza de la Historia de la Educación en Brasil: hermenéutica y heurística de una investigación (1930-2000)^{1*}

The History of the Teaching of History of Education in Brazil: hermeneutics and heuristics of an investigation (1930-2000)

Décio GATTI JÚNIOR

Universidade Federal de Uberlândia

RESUMEN: El estudio presenta reflexiones teórico-metodológicas relativas a los procesos de investigación de la historia de la enseñanza de la Historia de la Educación. En lo que se refiere a la cuestión teórica, se evidencia la fertilidad de categorías investigativas, tales como: presencia, identidad de normas y finalidades, perfil docente y discente, perfil programático y materiales pedagógicos. Respecto a las fuentes, la reflexión abarca desde las más comunes fuentes impresas, tales como libros científicos, manuales pedagógicos, capítulos de libros, artículos científicos, legislaciones sobre la enseñanza, estructuras curriculares, programas docentes, etc.; pasa también por los manuscritos, como actas, diarios de clase, cuadernos de los alumnos, y otros.; y termina con las fuentes orales, entre las que se hallan declaraciones de autores de manuales pedagógicos, de ex-profesores, de exalumnos, etc. Se hace referencia también a las fuentes iconográficas.

PALABRAS CLAVES: historia disciplinar, historia de la educación, hermenéutica, heurística.

ABSTRACT: This study contains theoretical and methodological reflections linked to processes of investigation regarding the history of the teaching of the History of Education. As regards the theoretical aspect, there is a wealth of research categories, such as presence,

^{1*} Esta es una versión ampliada y modificada del texto originariamente publicado en portugués en la revista *História da Educação*, 26, en el 2008. Tiene la finalidad de comunicar reflexiones sobre los aportes teóricos y metodológicos que fundamentan la investigación en curso titulada "Lugares, Tiempos, Saberes y Métodos de Enseñanza de la Disciplina Historia de la Educación en la Formación de Profesores en el Brasil Contemporáneo (1930-2000)". La investigación tiene el apoyo del Consejo Nacional de Desarrollo Científico y Tecnológico (CNPq por sus sigla en portugués) y de la Fundación de Amparo a la Investigación del Estado de Minas Gerais (FAPEMIG por su sigla en portugués), bajo la dirección del Prof. Dr. Décio Gatti Júnior. La traducción del texto al español corresponde al Prof. Dr. Orlando Fernández Aquino.

the identity of standards and purposes, the profile of the teacher and the student, the profile of the program and of pedagogical materials. As far as sources are concerned, observations have been taken from the most common available bibliographies, such as scientific books and pedagogical manuals, chapters of books, scientific articles; printed sources, for example; teaching legislation, curriculum programs, teaching and class plans, etc.; written sources, including minutes, daily class records, student notebooks, etc.; oral sources, using statements from authors of pedagogical manuals, from former teachers and students, etc. Reference is also made to iconographic sources.

KEY WORDS: History of School Subjects, History of Education, Hermeneutics, Heuristics.

Introducción

La investigación en curso se titula “Lugares, Tiempos, Saberes y Métodos de Enseñanza de la Disciplina Historia de la Educación en la Formación de Profesores en el Brasil Contemporáneo (1930-2000). La misma es apoyada por el Consejo Nacional de Desarrollo Científico y Tecnológico (CNPq por su sigla en portugués) y por la Fundación de Amparo a la Investigación del Estado de Minas Gerais (FAPEMIG por su sigla en portugués). El abordaje es de carácter socio-histórico y la preocupación se centra en la comprensión de las articulaciones y de las permanencias y cambios de los saberes difundidos por la disciplina objeto de estudio en los diferentes lugares de formación de profesores y en las prácticas de enseñanza más diseminadas en las instituciones estatales y civiles, en el período comprendido entre 1930 y 2000.

La investigación se fundamenta en la Historia de las Disciplinas y en la bibliografía ya existente en el campo de la Historia de la Enseñanza de la Historia de la Educación, con la utilización de las categorías de acceso presencia, identidad, normas y finalidades, perfil docente y discente, perfil programático y materiales pedagógicos, así como sus variables correspondientes. El examen de los materiales pedagógicos, en especial los manuales, le confiere dimensión nacional a la investigación.

La definición del problema de la investigación pasó por el rechazo a abordar el tema de la Historia de la Historia de la Educación con una finalidad prescriptiva. Al contrario de eso, el investigador ha abordado la temática con un esfuerzo de comprensión de lo que ha sido la enseñanza de la Historia de la Educación en los cursos de formación de profesores.

Los cuestionamientos que animan el proceso de la investigación incluyen la búsqueda de la comprensión de los usos de la Historia de la Educación en los diferentes niveles de enseñanza, mediante el examen de las características más significativas de la disciplina, por medio de la determinación de los lugares y tiempos en que estuvo presente, desde su introducción en la Escuela Normal hasta los días actuales, comprendiendo los procesos que confieren identidad a la disciplina y captar las diferentes identidades que ella asumió en distintos lugares institucionales a lo largo del tiempo; aprehender la cantidad de perfiles programáticos que la disciplina pudo haber tenido a lo largo del tiempo; detectar el perfil de los docentes que se han dedicado a impartir la disciplina, así como la percepción más general del perfil y del destino social de los alumno/futuros profesores que frecuentaban

las clases de la disciplina; develar las marcas histórico-educativas que atraviesan los materiales pedagógicos fundamentales del trabajo docente/discente, con centralidad en los manuales pedagógicos.

En este texto, el énfasis recae en el examen de los aspectos teóricos que han orientado la investigación, así como en el reconocimiento de las fuentes más sustantivas y útiles para el desarrollo de una investigación de esa naturaleza.

1. La disciplina Historia de la Educación en la actualidad: paralizaciones y perspectivas.

Es importante resaltar, con António Nóvoa, que un docente de Historia de la Educación agrega a su actividad profesional dos elementos importantes –la función de historiador y simultáneamente la de profesor– lo que lleva a este profesional a transitar por las adquisiciones de ambas áreas, la Historia y la Educación. Para él,

[...] lo mínimo que se exige de un historiador es que sea capaz de reflexionar sobre la historia de su disciplina, de interrogar los sentidos varios del trabajo histórico, de comprender las razones que condujeron a la profesionalización de su campo académico. Lo mínimo que se exige de un educador es que sea capaz de sentir los desafíos del tiempo presente, de pensar su acción en las continuidades y cambios del trabajo pedagógico, de participar críticamente en la construcción de una escuela más atenta a las realidades de los diversos grupos sociales.²

En otro lugar, el mismo autor señala que la cuestión sobre si la Historia de la Educación es Historia o es Educación es un “falso problema, de una cuestión circular que encierra el debate en dicotomías insoportables, del género arte *versus* ciencia o instrucción *versus* educación”³. Para él, en la actualidad,

[...] los campos disciplinares se definen no solo por la adopción de instrumentos teóricos y metodológicos semejantes, sino también por la definición de objetos de estudio afines y por la existencia de ‘comunidades interpretativas’ que dan sentido a la producción científica.⁴

No obstante, en la actualidad existe dificultad para, a partir del esclarecimiento de la legitimidad de la Historia de la Educación como saber especializado, señalar la continuidad de su importancia en los procesos de formación de profesores, con una defensa que vaya más allá de los intereses corporativos más inmediatos.

² António Nóvoa, “Entrevista”, Centro de Referência em Educação Mário Covas, Disponível em http://www.crmariocovas.sp.gov.br/ent_a.php?t=012 (Acessado em 25/02/2009), 1.

³ António Nóvoa, “Apresentação”, in: *História da Pedagogia*, ed. Franco Cambi, (São Paulo: Editora da Universidade Estadual Paulista, 1999), 11-15.

⁴ Nóvoa, “Apresentação”, 12.

En ese sentido, los investigadores Agustín Escolano Benito,⁵ Justino Magalhães,⁶ António Nóvoa,⁷ Dermeval Saviani⁸ y Clarice Nunes⁹ han presentado ideas en algunos aspectos coincidentes con la valoración de la enseñanza de la Historia de la Educación en los cursos de formación de profesores y hasta para los interesados en la temática en términos más abarcadores. Agustín Escolano Benito enumera cuatro puntos que justifican la Historia de la Educación en los currículos de los cursos de formación de profesores, a saber:

- 1.- Todas las acciones y conceptos son categorías histórico-culturales.
- 2.- 'Si la historia sin teoría puede ser ciega, la teoría sin historia resulta un discurso vacío' (Depaepe).
- 3.- Disciplina propedéutica para la formación de la identidad del profesor.
- 4.- Orientación para el desarrollo del sentido crítico (conflictos, avances, y retrocesos)¹⁰

Justino Magalhães, en su momento, señaló que la Historia de la Educación es importante para la formación de profesores a partir de un discurso de continuidad y de fundamentación, necesario en el proceso de conocimiento del origen de los discursos historiográficos en educación. Para él, la Historia de la Educación se encuentra determinada por las circunstancias discursivas en que procede a una reconstitución de la genealogía de las ideas y acciones educativas, como contrapunto necesario al modelo o encuadramiento espacio-temporal, buscando la fundamentación y la legitimación de la decisión y de la acción educativa.¹¹

António Nóvoa, en texto de presentación al público brasileño de la obra *Historia de la Pedagogía*, de Franco Cambi, enumera cuatro ideas principales que lo llevan a defender el mantenimiento de la Historia de la Educación:

'La Historia es la ciencia de un cambio y, por varios títulos, una ciencia de las diferencias' (Marc Bloch). La Historia de la Educación debe ser justificada, en primer lugar, como Historia y debe procurar resistir el pasado en sí mismo, esto es, en sus diferencias con el presente. Como escribió Vitorino Malgalhães Godinho, la historia es un modo –el más pertinente, y

⁵ Agustín Escolano Benito, "La investigación histórico-educativa y la formación de profesores", *Revista de Ciências de la Educação*, 157 (1994): 55-69.

⁶ Justino Magalhães, "Fazer e Ensinar História da Educação", in: *Fazer e Ensinar História da Educação*. ed. Justino Magalhães (Braga: Universidade do Minho, 1998): 9-33.

⁷ Nóvoa, "Apresentação", 11-15.

⁸ Dermeval Saviani, "História da Educação e Política Educacional", *Revista HISTEDBR On-line*, 3 (Jul., 2001), Disponível em http://www.histedbr.fae.unicamp.br/art2_3.html (Acessado em 25/02/2009) e Dermeval Saviani, "Reflexões sobre o Ensino e a Pesquisa em História da Educação", in: *História da Educação em Perspectiva: ensino, pesquisa, produção e novas investigações*, ed. Décio Gatti Júnior; Geraldo Inácio Filho (Campinas/SP: Autores Associados; Uberlândia/MG: Edufu, 2005), 7-31.

⁹ Clarice Nunes, "Ensino e Historiografia da Educação: problematização de uma hipótese", *Revista Brasileira de Educação*, 1. (Jan./Abr., 1996): 67-79 e Clarice Nunes, "História da Educação: interrogando a prática do ensino e da pesquisa", in: *História da Educação em Minas Gerais*, ed. Ana Amélia Borges de Magalhães Lopes et al, (Belo Horizonte: Fumec, 2002): 38-57.

¹⁰ Escolano Benito, "La investigación histórico-educativa y la formación de profesores", p.58.

¹¹ Magalhães, "Fazer e Ensinar História da Educação", 12-13.

más adecuado- de exponer bien los problemas de hoy gracias a una indagación científica del pasado.

La Historia de la Educación puede ayudar a cultivar un saludable escepticismo, cada vez más importante en un universo educacional dominado por la inflación de métodos, de modas y de reformas educativas. Aprender a relativizar las ideas y las propuestas educativas, y a percibir las en el tiempo, es una condición de sobrevivencia de cualquier educador en la sociedad pedagógica de nuestros días.

La Historia de la Educación aporta a los educadores un conocimiento del pasado colectivo de la profesión, que sirve para formar su cultura profesional. Poseer un conocimiento histórico no implica tener una acción más eficaz, pero estimula la actitud crítica y reflexiva.

La Historia de la Educación amplía la memoria y la experiencia, el abanico de elección y de posibilidades pedagógicas, lo que permite el ensanchamiento del repertorio de los educadores y les proporciona una visión de extrema diversidad de las instituciones escolares del pasado. Más allá de eso, revela que la educación no es un 'destino', sino una construcción social, lo que renueva el sentido de la acción cotidiana de cada educador.¹²

Dermeval Saviani, en su discurso de apertura del Primer Congreso Brasileño de Historia de la Educación (I CBHE por su sigla en portugués)¹³ busca fundamento en Eric Hobsbawm para defender la valoración del conocimiento histórico, por medio de la exposición del razonamiento que reproduzco a continuación:

La destrucción del pasado –o mejor, de los mecanismos sociales que vinculan nuestra experiencia personal con las de las generaciones pasadas- es uno de los fenómenos más característicos y lúgubres de fines del siglo XX. Casi todos los jóvenes de hoy crecen en una especie de presente continuo, sin ninguna relación orgánica con el pasado público de la época en que viven. Por eso los historiadores, cuyo oficio es recordar lo que otros olvidan, se tornan más importantes que nunca en el fin del segundo milenio. Por ese motivo, por tanto, ellos tienen que ser más que simples cronistas, memorialistas y compiladores. En 1989 todos los gobiernos del mundo, y particularmente todos los Ministerios del Exterior del mundo, se beneficiarían de un seminario sobre los acuerdos de paz firmados después de dos guerras mundiales, que la mayoría de ellos aparentemente había olvidado.¹⁴

⁴⁶ Así por ejemplo, en la primavera de 1962, se produjo en Asturias una huelga general que paralizó toda la cuenca minera y en la que por primera vez actuó CC.OO. Los conflictos y las huelgas se extendieron por el resto de la geografía española, aunque donde obtuvo una respuesta más amplia fue en el País Vasco. El conflicto obrero alcanzó tal envergadura que el gobierno franquista declaró de nuevo el Estado de excepción reprimiendo con violencia los movimientos huelguísticos y encarcelando a sus dirigentes. Cfr. Ángel Herrérín López, *La CNT durante el franquismo. Clandestinidad y exilio (1939-1975)*, Madrid, Siglo XXI de España Editores, 2005, pp. 179.

⁴⁷ Cfr. Licinio de la Fuente, *Universidades Laborales y Promoción Social*, Madrid, Servicio de Publicaciones del Ministerio de Trabajo, 1971, p. 17.

⁴⁸ Aunque se denominarán *“Centros de Universidades Laborales”*. Las únicas instituciones que tuvieron rango de ley fueron las cuatro primeras –Gijón, Sevilla, Córdoba y Tarragona– creadas durante el mandato de Girón de Velasco. Julio Cano Lasso, *Universidad Laboral de Ourense*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Fomento, 2004. Codina Bas, Juan y Panalba Guillén, Francisco, *De Centro de Orientación de Universidades Laborales a Complejo Educativo (1969-1994)*, Complejo Educativo de Cheste, Comisión Coordinadora del XXV Aniversario, 1994.

⁴⁹ Disposición Transitoria 4ª (Número 1). Ministerio de Educación y Ciencia, *Ley General de Educación*, Madrid, Servicio de Publicaciones del M.E.C, 1977.

distintos grados. Así como las relacionadas con la Educación Permanente de Adultos y Educación Especial, a través de cursos de perfeccionamiento, de iniciación y de readaptación profesional. Se lleva a cabo la creación del Instituto de Técnicas Educativas (I.T.E.) para la formación y perfeccionamiento del personal docente con cometidos análogos a los Institutos de Ciencias de la Educación (I.C.E.). A partir de 1973, una vez vigente la disposición transitoria 4ª de la Ley General de Educación, los principios organizativos de las Universidades Laborales y su originaria peculiaridad financiera de las Mutualidades Laborales, fueron diluyéndose hasta su total desaparición como Centros Superiores de Formación Profesional⁵⁰.

El sistema de estudios: entre el taller, el campo y el pupitre

El plan docente de las Universidades Laborales se diseñó con una doble finalidad educativa: formar a la juventud obrera y capacitar profesionalmente al trabajador adulto estructurándose en dos períodos: el primero, destinado a la selección e ingreso del alumnado; y, el segundo, al período conjunto de orientación y clasificación de los escolares.

En el primer caso, cada año se fijaba el número de alumnos becarios, tanto de las Mutualidades Laborales como de otras instituciones, que podían admitirse en función de la capacidad, los medios disponibles, los planes de estudio y el desarrollo industrial de la zona donde estuviera ubicado el centro. Se agrupaban en dos grandes grupos: por un lado, los que procedían de la educación primaria y aspiraban a ingresar desde el primer grado; y, por otro lado, aquellos que habiendo realizado estudios y acreditado su formación se les ubicaba en el grado docente correspondiente. En ambos casos, la primera criba la realizaban las Mutualidades Laborales o los organismos que se hubieran destinado para dicho fin. Para ello, debían seleccionar en primer término *“con un criterio de estimación social”*⁵¹, los grupos de alumnos teniendo en cuenta que el número debía ser superior al de plazas asignadas, según la proporción de escolares que cada año determinaban las Juntas Rectoras de las Mutualidades Laborales a través de sus informes sobre las necesidades formativas. Finalmente, el Consejo Técnico decidía el número de alumnos de nuevo ingreso de acuerdo con la escala de valoración primando como circunstancias sociales, económicas y políticas los alumnos que procedieran de familias mutualistas, huérfanos de mutualistas, familias numerosas o el grado de colaboración de los padres en la obra social así como su ejemplaridad en el trabajo *“(…) responsabilidad y valentía. Ser hombres auténticos del universo para que construyan una España fuerte y trabajadora, dejando atrás historias pasadas”*⁵².

⁵⁰ Manuel Lorenzo Pajuelo, “Las Universidades Laborales ante una difícil encrucijada”, *UNI*, Número 46, diciembre, 1978, pp. 19-31.

⁵¹ El período de selección se realizaba de acuerdo a lo establecido por el Consejo Técnico de las Universidades Laborales, previa aprobación del Ministerio de Trabajo. Ministerio de Trabajo y Consejo Técnico de Universidades Laborales, *Plan Inicial de las Universidades Laborales para el curso 1956-1957*, Madrid, 1956, Base 4.

⁵² Revista *SPIRA* de la Universidad Laboral de Córdoba “Onésimo Redondo”, Número III, Marzo, 1961, p. 5.

Tras la selección inicial, los alumnos procedentes del primer grupo –aquellos que aspiraban a ingresar desde el primer grado– realizaban un examen y una prueba psicotécnica en la capital de provincia donde estuviera situada la respectiva Mutualidad Laboral o la institución fundadora de la beca⁵³. Los alumnos que superaban satisfactoriamente el examen ingresaban en el primer curso de la Universidad Laboral correspondiente, mientras que los que habían suspendido tenían una última oportunidad para no ser “*definitivamente rechazados*”⁵⁴ en el siguiente curso. De este modo, las Mutualidades Laborales se encargaban de proponer a los futuros becarios y las Universidades Laborales de elaborar las pruebas para su selección pedagógica y admisión. El segundo grupo hacía referencia a aquellos alumnos que tras la selección inicial en la que se habían valorado sus méritos sociales, acreditaban poseer algún tipo de estudio.

Finalizada esta etapa inicial los alumnos de primer grado realizaban unas pruebas pedagógicas y psicotécnicas para valorar su vocación profesional y en función de los resultados se les clasificaban en una u otra institución laboral. Durante el periodo conjunto de orientación cursaban un ciclo de estudios comunes de dos años que servía de aplicación o complemento de la enseñanza primaria. En cuanto a los que ya habían acreditado estudios se les realizaban unas pruebas para determinar sus cualidades y aptitudes e incorporarles en alguna de las secciones de las enseñanzas regladas, de acuerdo a la legislación aplicable a cada tipo de estudios: a) Bachillerato Laboral, Elemental y Superior⁵⁵; b) Formación Profesional, Industrial y Agrícola; c) Formación Técnica, de Grado Medio y Superior; Ingeniería Técnica Industrial; y, d) Formación Humana compuesta por Formación Religiosa, Formación del Espíritu Nacional, Educación Física, Magisterio de Costumbres y Formación Estética⁵⁶.

Las enseñanzas no regladas, programadas anualmente por cada centro, iban dirigidas al trabajador adulto y abarcaban el Perfeccionamiento Profesional y la Capacitación Social. La oferta de cursos era muy variada y solían impartirse en horario de tarde. Asimismo, el

⁵³ El examen tenía lugar ante un Tribunal constituido por representantes de las Mutualidades Laborales, con título académico, presidido por un Delegado de la Universidades Laboral. Su contenido versaba sobre un programa mínimo de estudios primarios determinado por el Consejo Técnico que comprendía: lectura y escritura a través de un dictado, operaciones de las cuatro reglas aritméticas, nociones elementales de geografía e historia de España, y cultura elemental religiosa. Cfr. Ministerio de Trabajo y Consejo Técnico de Universidades Laborales, Plan Inicial de las Universidades Laborales..., Artículo 2.

⁵⁴ Orden de 12 de julio de 1956, Base 15.

⁵⁵ Era lo más parecido a un Bachillerato Técnico, aunque sus destinatarios eran principalmente las clases productoras, como denominaba el franquismo a la clase obrera, y no las clases medias. De ahí, que este tipo de bachillerato tuviera poca consideración social. Al Bachillerato Laboral Elemental se accedía a los diez años tras realizar un examen de ingreso. Su duración era de cinco años y se cursaban asignaturas comunes tales como: matemáticas; lenguas: español, francés e inglés; geografía e historia; etc. En cuanto al Bachillerato Laboral Superior era la continuación del Elemental, con idea de que los alumnos pudieran ampliar su formación dentro de la misma línea profesional que hubieran cursado, y tenía una duración de dos años.

⁵⁶ Una vez terminados los estudios de Bachillerato Laboral Superior o de Ingeniería Técnica Industrial en las Universidades Laborales, los alumnos podían acceder a la Universidad, pero cursando estudios universitarios de carácter científico (no humanístico). I.T.E., *Las Universidades Laborales: evolución, situación y perspectivas*, Madrid, Instituto de Técnicas Educativas, Ministerio de Trabajo, 1977.

Programa de Promoción Obrera (P.P.O.) aprovechando a los maestros de taller de los centros convocaba periódicamente ciclos intensivos de especialización, tales como: Electricidad del automóvil, Utillaje, Mecánico, Soldadura, Interpretación de planos, etc., dirigidos a reciclar trabajadores en procesos de reconversión industrial, soldados (en colaboración con el Ejército), etc.⁵⁷.

Asimismo, recibían otro tipo de aprendizaje de carácter “complementario” denominado “técnicas humanas” que englobaba un conjunto de ejercicios y prácticas útiles para la vida cotidiana del “hombre moderno”. Se les enseñaba a: escribir a máquina, montar en bicicleta, conducir un coche, saber tocar un instrumento musical, jugar al ajedrez y al billar, montar una pequeña instalación eléctrica, llevar un libro de contabilidad, manejar un arma de fuego, redactar a nivel periodístico y radiofónico (tenían su propia revista y emisora de radio), encuadernar un libro (imprenta), etc. Estas enseñanzas tenían un carácter práctico formando parte de la vida cotidiana del alumno en el centro escolar.

De todas estas enseñanzas, la Formación Humana era la sección más importante gozando de preeminencia entre todas las disciplinas, con independencia de la vocación profesional del alumno, y la principal finalidad de las Universidades Laborales⁵⁸. En atención a esta reconocida preeminencia procedente de la mayor jerarquía espiritual del orden formativo, todas las enseñanzas, tanto de índole profesional como técnico, se orientaban en función de este tipo de orientación dogmática. Mediante el ejemplo docente se pretendía infiltrar al alumno aquellas virtudes sociales que definían al verdadero *“hombre nuevo, en armonía con los valores radicales, de nuestro carácter y estirpe (...)”*⁵⁹, al hombre *“que debe enfrentarse con los problemas que llegan a través de la Formación Humana”*⁶⁰.

Para ello, las enseñanzas se agrupaban en torno a un conjunto de actividades educativas orientadas a contribuir en la formación convivencial y espiritual del alumnado, como se refleja en las frases y discursos grandilocuentes y retóricos sobre el idealismo político falangista y paramilitar⁶¹. Realmente, como señala Ricardo Zafrilla, con la Formación Hu-

⁵⁷ Durante el periodo en el que el trabajador acudía al curso de reciclaje profesional y se ausentaba de su puesto laboral, seguía recibiendo su sueldo íntegro, a cargo de las Mutualidades Laborales, asumiendo la Universidad Laboral los gastos de desplazamiento a su residencia. Cfr. Federico Gómez Rodríguez de Castro, “La financiación de las Universidades Laborales”, en *Escolarización y sociedad en la España contemporánea*, Valencia, II Coloquio de Historia de la Educación, 1983.

⁵⁸ Antonio Albuquerque, “La Formación Humana, gran preocupación de las Universidades Laborales”, *Boletín informativo Universidades Laborales*, año II, número 4, Madrid, junio de 1962, pp. 5.

⁵⁹ Memoria del Curso Académico 1967-68. Universidad Laboral “José Antonio Primo de Rivera”, p. 35.

⁶⁰ José Utrera Molina, *Nuevo Horizonte de las Universidades Laborales*, Madrid, Servicio de Publicaciones del Ministerio de Trabajo, 1970, p. 7.

⁶¹ Desde un punto de vista organizativo las instituciones estuvieron conformadas por un conjunto de centros educativos, denominados Colegios Mayores y Colegios Menores, que abarcaban distintos grados docentes contando en las enseñanzas regladas al menos con las secciones de Formación Profesional (Agrícola e Industrial) y Formación Técnica (Media y Superior), y en las enseñanzas no regladas con una Sección de Capacitación Social y Perfeccionamiento Profesional para la educación del trabajador adulto. De esta manera, además de funcionar como centros docentes desempeñaban una labor de promoción social, laboral y cultural en la región donde se insertaba la institución docente. Cfr. Patricia Delgado Granados, *La Universidad de los Pobres...*, pp. 104-105.

mana, la Falange actuó como brazo político y propagandístico del Movimiento Nacional. Aunque en los primeros años se les dotó de gran relevancia con la llegada de los tecnócratas, a mediados de los años sesenta, fueron perdiendo gran parte de su contenido doctrinario pues ni se impartía por falangista ni existía una determinada programación, sino que eran los propios Educadores los que sin preparación específica se encargaban de impartirlas⁶². Con los años y la propia presión tecnocrática se fue desmontando el aparato falangista de las Universidades Laborales.

Otro de los aspectos que se le prestó gran atención en esta labor adoctrinadora fueron los referentes a estímulos y premios como elementos de motivación y reafirmación de las buenas prácticas y conductas de los alumnos. Las “*virtudes morales*”, entendidos como méritos de la Formación Humana, eran considerados y reflejados no sólo en las calificaciones normales del curso sino mediante distinciones y premios honoríficos en los que se hacía constar “*la dignidad y superior estima a que se hacen acreedores los escolares por su ejemplaridad y comportamiento*”⁶³. Para regular la puntuación de cada alumno, la disciplina y la emulación en el cumplimiento del deber se aplicaba el procedimiento de puntuaciones positivas y negativas partiendo del “*Coefficiente de conducta y aplicación*”. Ello permitía un riguroso control de toda la vida escolar en sus más diversos aspectos. En este contexto disciplinario la figura del Educador se anteponía como referente para el mantenimiento de la disciplina, vigilancia y asistencia de los alumnos. Cada Educador se encargaba de un grupo de alumnos internos y externos a los que debía vigilar anotando diariamente su puntuación en el “*Libro de conducta*”. Al final del mes se remitía a la Secretaría General del centro para su remisión a los familiares y Mutualidades Laborales. En este sentido, el equipo docente y de educadores mantenían un contacto continuo con el Gabinete de Psicotecnia que les proporcionaba los datos sobre la conducta, vocación y carácter del alumnado.

Lógicamente, este sistema obligaba al alumno becado a estar en constante alerta ante la posibilidad de perder la beca de estudios otorgada por las Mutualidades Laborales, y que además cubría la totalidad de gastos. Esto suponía para un alumnado en el que más del noventa por ciento era de condición obrera el consiguiente abandono escolar pues muy pocos podían costearse este tipo de estudios superiores⁶⁴. Para no perderla el alumno debía esforzarse y superar los niveles exigidos, es decir, aprobar todas las asignaturas.

⁶² Cfr. Ricardo Zafrilla Tobarra, “Universidades Laborales: un modelo educativo falangista en el franquismo”, en: Julio Ruiz Berrio; A. Bernat Montesinos; M^a Rosa Domínguez; Víctor Juan Borroy (Eds.), *La educación en España a examen (1898-1998)*, Zaragoza, Diputación de Zaragoza, 1999, pp. 178-179.

⁶³ Se solía aprovechar el acto de clausura del curso escolar para entregar los premios escolares y trofeos deportivos y gimnásticos de los alumnos más sobresalientes del curso. *Memoria del Curso Académico 1967-68...*, pp. 34-35.

⁶⁴ En 1960, el 75% de los padres de los alumnos de Universidades Laborales eran “*trabajadores por cuenta ajena*”, y cerca del 25% “*trabajadores por cuenta propia*”, de los cuales el 84,74% realizaban “*trabajos manuales*”. Además, el 88,06% no tenía titulación académica alguna. Cfr. Informe FOESSA, *Informe sociológico sobre la situación social de España*, Madrid, 1975, pp. 40-41

Un solo suspenso significaba la pérdida automática de la beca y la expulsión del centro⁶⁵. Además abarcaba la totalidad de gastos del alumno sufragándole: enseñanza, alimentación, viajes desde la residencia y viceversa, material escolar, matrícula, material de aseo, libros de texto, calefacción y alumbrado, utilización de todas las instalaciones del centro (laboratorios, talleres, materiales para prácticas, equipo deportivo), lavado y planchado de ropa, correspondencia con los familiares, vestuario, certificaciones y títulos académicos. A modo ejemplificativo, señalar que hasta los años setenta el vestuario comprendía: dos pijamas; un traje de diario, compuesto por chaqueta, cazadora, jersey y dos pantalones; unas botas y unos zapatos de vestir; dos monos de trabajo; un albornoz; y un equipo de gimnasia, compuesto de camiseta, pantalón de deportes, chándal y zapatillas deportivas⁶⁶.

No se trataba de una mera ayuda económica sino de un régimen de total gratuidad aportado por las entidades gestoras de la Seguridad Social –el Mutualismo y su Caja de Compensación⁶⁷–. Es decir, los propios trabajadores y empresarios financiaban el noventa por ciento de los gastos de sostenimiento de las Universidades Laborales a través de la recaudación de sus cuotas obligatorias. Aunque paradójicamente carecían de cauces de participación en las Mutualidades Laborales, compuestas por un gran número de vocales no elegibles y caracterizadas por la docilidad de sus dirigentes con el Ministerio de Trabajo quien desde el centralismo dirigía la configuración y el desarrollo de estas macro-instituciones falangistas.

La beca se caracterizó también por su condición cíclica abarcando la totalidad de cursos para los que se había concedido la ayuda. El régimen de estancia era generalmente de internado, aunque también había alumnos en régimen de media pensión o de externado⁶⁸.

⁶⁵ Javier Narbaiza, ex alumno de la Universidad Laboral de Gijón, recuerda cuando llegó en junio de 1965 a su pueblo natal, y sus padres le reprocharon, “*con acentos de tragedia griega*”, las consecuencias de la pérdida de la beca, abrumándole con sus lamentaciones sobre el “*futuro tirado a la basura*”. (...) *algunos del pueblo le comentaron a mi padre que esta actitud podía ser señal de que iba para raro, y los raros terminaban en bohemos o en maricones*”. Javier Narbaiza, *El día en que volvimos a la Universidad Laboral...*, p. 273.

⁶⁶ La mayoría de los antiguos alumnos de las Universidades Laborales recuerdan con verdadera emoción su llegada a la Universidad Laboral. La sensación de grandiosidad al disfrutar por vez primera de sus magníficas instalaciones y recursos, y de opulencia al contrastarlos con la precariedad de sus bienes familiares. A modo de ejemplo, un ex alumno de la Universidad Laboral de Gijón, recordaba que cuando volvió la primera vez a su casa por vacaciones le preguntó su madre: ¿Cómo quieres “el” huevo? Y él contestó “*fritos*”. Efectivamente, el abismal contraste entre el contexto familiar y el educativo producían sensaciones contradictorias entre los alumnos, avivadas por las descalificaciones, insultos y difamaciones que los dirigentes vertían sobre la clase obrera. Los alumnos debían encarnar el nuevo rol del trabajador español, el que con su trabajo manual levantaría al país, antagónico al del viejo concepto despectivo del obrero. Cfr. Patricia Delgado Granados, *La Universidad de los pobres. Historia de la Universidad Laboral sevillana y su legado a la ciudad*, Sevilla, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Sevilla, 2005, p. 163.

⁶⁷ Cfr. José Avilés García, “Algunos efectos económicos del Mutualismo Laboral”, en *Cuadernos de Previsión Laboral*, número 7, Madrid, Ministerio de Trabajo, 1954, pp. 5-22. José Luis, Meilán Gil, *El Mutualismo Laboral: un estudio jurídico*. Madrid, CSIC, 1963. Ricardo Zafrilla Tobarra y Julia Utiel Heras, *Universidades Laborales: aproximación a su historia económica*, Albacete, Popular libros.

⁶⁸ En aquella época sólo lo tenían los colegios privados religiosos y el Frente de Juventudes en los Colegios Menores, aunque en éstos no se impartían enseñanzas. Cfr. Felipe Centelles Bolós, *Los cien hijos de Girón. El impacto de las Universidades Laborales*, Toledo, Azacanes, 2002, p.131.

Este tipo de vida residencial, en la que el alumno permanecía en el centro la práctica totalidad de sus períodos de ocio y tiempo libre, incluidos los fines de semana, permitían la realización de una total inmersión del alumno en su nuevo contexto socio-cultural en el que profesores y alumnos conformaban la “*nueva familia*”. Los “*internos*” sólo compartían con sus familias los breves períodos de vacaciones –navidad, semana santa y verano– produciéndose un progresivo alejamiento y desarraigo con sus raíces e identidad. En la mayoría de los casos, el nuevo estilo de vida al que se le sumergía al alumno durante su estancia en régimen de internado en la Universidad Laboral distaba mucho al de su procedencia⁶⁹. Así lo recuerda Josep Sánchez Cervelló, antiguo alumno de Cheste, Gijón y Tarragona:

“(…) es que fui un privilegiado, pues tuve una educación de elite, con buenas bibliotecas, salas de lectura, campos de deporte, cineclub, teatro, excursiones, etc., que nadie de mi entorno, y con la capacidad económica de mi familia, pudo permitirse (...). Lo negativo es el aislamiento, viviendo en una ciudad en que no acabas de conocer a nadie de la tierra y en ese sentido era una especie de servicio militar j' avant la lettre”⁷⁰

Efectivamente, muchos de ellos se consideraban privilegiados dado su condición humilde. En este sentido, las Universidades Laborales, con sus espléndidas dotaciones en medios e infraestructuras –talleres, laboratorios, bibliotecas, gimnasios, salón de actos, enfermerías, peluquerías, piscinas, gabinetes psicotécnicos, medios audiovisuales, etc.–, se convirtieron en el *alma mater* de la educación obrera bajo la insignia falangista. No obstante, pese a que significaron una de las realidades educativas más importantes de la España del siglo XX, tras su cierre pasaron al olvido y su estudio sigue siendo hoy uno de los temas educativos menos analizados a pesar del significado y la proyección socio-laboral que tuvieron para la clase trabajadora.

⁶⁹ No debemos olvidar que en estas instituciones laborales era muy significativo el sentimiento político e ideológico que la Falange en todo momento quería transmitir a las jóvenes generaciones de la clase obrera, así como la descalificación de los “*otros*” (la II República) que había gobernado anteriormente el país democráticamente. Así, por ejemplo, a finales de los años sesenta, el régimen franquista definía así las Universidades Laborales: “(…) y esos muchachos de la Universidad Laboral ya hemos visto que tienen otra formación social. Pertenecen a la generación por cuyo nivel de vida –cultural, espiritual y material– luchamos nosotros, los que combatimos...” Cit. en Waldo de Mier, *España cambia de piel. Nuevo viaje por la España del Milagro*, Madrid, Editorial Nacional, 1964.

⁷⁰ Cit. en Felipe Centelles Bolós, *Op. cit.*, p. 87.

A educación das mulleres no pensamento feminista galego de finais do XIX e comezos do XX: a perspectiva de Emilia Pardo Bazán

The education of women in feminist thinking of the late 19th C. and early 20th centuries: A perspective of Emilia Pardo Bazán

Belén GARCÍA CABEZA

Universidade da Coruña

belen.garcia.cabeza@udc.es

«Mil sucesos quedarán en el misterio, y quizás sea obra del siglo XXI restablecer la verdad histórica de lo que presenciamos. Y lo que el siglo XXI rectifique... ¡otros lo leerán, nosotros no!»
«Instrucción, instrucción, instrucción, equidad, equidad, libertad, acceso a todo; que la mujer pueda hacer cuanto le permitan sus facultades, sin tropezar en preocupaciones ni en caprichosas trabas.»

RESUMEN: A través da pluma e da vida da pensadora coruñesa, Emilia Pardo Bazán, desvélanse as súas grandes contribucións no eido da educación das mulleres. O obxectivo principal deste estudo é facer un breve percorrido por unha das máis discutidas propostas esbozadas pola autora: un modelo educativo que ten por finalidade facilitar un proxecto de vida autónomo para as mulleres, baseado na igualdade sexual, moral, intelectual e social.

PALABRAS CLAVE: Emilia Pardo Bazán, educación das mulleres, Feminismo.

ABSTRACT: Through the writings and the life of the A Coruña-born free-thinker Emilia Pardo Bazán, this article presents her great contributions to the field of women's education. The main purpose of this paper was to present an overview of one of the most widely debated proposals put forth by the author: an education model whose purpose was to provide an independent life project for women, based on sexual, moral, intellectual and social equality.

KEY WORDS: Emilia Pardo Bazán, women's education, Feminism.

« (...) es preciso reconstruir la historia del trabajo histórico de deshistoricización o, si se prefiere, la historia de la (re) creación continuada de las estructuras objetivas y subjetivas de la dominación masculina que se está realizando permanentemente desde que existen hombres y mujeres, y a través de la cual, el orden masculino se ve reproducido de época en época ».

Desde a perspectiva de xénero, a tarefa historiadora enfróntase ó reto de reconstruír unha realidade modelada a partires dos ditados dun discurso patriarcal hexemónico; esta presuposición fundaméntase no recoñecemento do sexo coma un dos factores de maior incidencia no acceso diferenciado ós recursos e ó poder que conforman a sociedade.

Os numerosos estudos que ata a data abordaron o universo pardobazaniano, deron conta desta realidade desigual, e expuxeron con varios resultados as conclusións obtidas en torno a dous aspectos concretos: a súa vida –mediante a recompilación de documentos inéditos, escritos autobiográficos, epístolas, reconstrucións xenealóxicas, críticas periódicas, actas de congresos...– e a súa extensa produción literaria e ensaística, que abarcou todo tipo de xéneros; neste último ámbito, en ocasións atendeuse á calidade da produción escrita, e noutras, na súa meirande parte, focalizouse a atención na abordaxe por parte da autora da construción dunha nova identidade feminina, en oposición ós ríxidos e tradicionais patróns da época, que sitúan á muller nunha posición de inferioridade intelectual, social, moral e sexual.

A investigación que aquí se presenta constitúe un intento de visibilizar o discurso de Emilia Pardo Bazán en torno ó fenómeno da educación das mulleres, contextualizándoo nun espazo e tempo histórico concretos como son a España e a Galicia de finais do XIX e comezos do XX, nas que o tratamento do tema discorre paralelo á emerxencia dun incipiente pensamento feminista; téntase pois identificar e estruturar as escasas –pero de indubidable valor– contribucións que en materia de *educación feminina* legou a pensadora coruñesa, ámbito que se ben se ten tratado dun modo transversal, vinculado sempre á súa reivindicación feminista, non se analizou de modo sistemático desde a lóxica da súa configuración coma fenómeno social cunha natureza e unhas relacións internas particulares.

Breve crónica dunha vida e obra marcadas pola polémica

«Murió Doña Emilia. Las letras patrias lloran. El arte del bien decir se viste de luto. La mujer española debe poner unas flores en su tumba. (...) Ahora, cuando se apaguen los cirios del último sufragio, debe darse a pensar quien se tenga por obligado a ello, qué ha de hacerse con los laureles conquistados por Doña Emilia. Que no será bien se marchiten porque ella ya no los riegue. Menester será conservarlos en los jardines del patrio solar para seguir coronando sienes de mujeres, discípulas de la gran Condesa dormida. »

É esta unha das decenas de necrolóxicas que nos días posteriores á morte da autora aparece na prensa española, aquel medio escrito que tanto apaixonou a Dona Emilia e que supuxo un modo para achegar á xente de distinta índole un chisco do seu amplo coñecemento, ó tempo que comunicaba as súas conquistas e derrotas, as súas alegrías e inqueda nos ámbitos persoal e social. Na súa Coruña natal, en Madrid, en Barcelona e

mesmo no estranxeiro, a prensa faise eco rapidamente da morte repentina da escritora o día 12 de maio de 1921, e comeza neste momento unha mirada retrospectiva ó seu legado literario e persoal que aínda perdura.

Filla dunha familia aristócrata, nace a pensadora o 16 de setembro de 1851 na casa familiar coruñesa da concorrida Riego de Agua; a nai e o pai, un xove matrimonio con antepasados vinculados á nobreza galega, descubrirán moi cedo a paixón da súa filla pola lectura e alimentarán a súa avidez de coñecementos e gran intelixencia: a pequena Emilia escoita arroubada os faladoiros que na súa nova casa da rúa Tabernas se suceden e ós que acoden relevantes personaxes de diversos campos do coñecemento; tras unha profusa ensinanza no domicilio, a cargo, nun primeiro momento, da súa nai, Dona Amalia de la Rúa Figueroa y Somoza, e posteriormente co xeneral Díaz Ordóñez como profesor particular, asiste, en consonancia coa súa clase, a un colexio francés; aprende as labores entendidas como femininas de mans da súa nai, e adora as artes culinarias e a pintura, mais rexeita o piano, pasatempo propio das nenas de familias da súa posición.

Pero se por algo destaca a vivaz e brillante nena é polo seu autodidactismo, que se ve engrandecido polas numerosas obras literarias que lé e relé coa súa corta idade e que descubre con xúbilo na biblioteca paterna, na biblioteca familiar da residencia de Sanxenxo ou nas bibliotecas de persoas achegadas á familia; tempo despois relatará nos seus apuntes autobiográficos –co rexeitamento manifesto de autores como Menéndez Pelayo, que a consideran unha pedante– que as súas preferencias de lectura infantís abranguen Biblia, o Quixote e a Iliada; ó mesmo tempo, comeza a experimentar na escritura a través da poesía, a linguaxe do seu admirado Zorrilla, a quen, sen sabelo neses momentos, coñecerá persoalmente no futuro; e os seus versos, dun patriotismo acorde coa época, serán celebrados e admirados polos seus achegados; mentres, o seu pai, don José Pardo Bazán y Mosquera, amplíalle as perspectivas amosándolle a obra de Fray Luis de León ou Shakespeare; tamén nestes anos da adolescencia comezará a escribir os seus primeiros ensaios.

Pero en 1868, a plácida adolescencia da rapaza vira rápido en madurez cando aínda non conta con dezasete anos: «Tres acontecimientos importantes en mi vida se siguieron muy de cerca: me vestí de largo, me casé y estalló la revolución de Septiembre de 1868». España entra nun corto pero intenso período que levará consigo profundos cambios a nivel político e social, e Emilia, en 1873, pouco tempo despois do seu casamento co fidalgo don José Quiroga, terá que marchar do país cos seus pais, temendo que o ambiente en España, ante o advento da I República, se volva hostil; obviando o anterior traslado a Madrid, motivado polo nomeamento do seu pai como deputado nas Cortes, este convértese no primeiro gran afastamento da escritora da súa cidade natal: percorrerá ata finais de ano Francia, Italia e Austria, onde asistirá a estreas teatrais, xornadas de equitación, concertos... e descubrirá con agrado o pracer de viaxar.

Estas experiencias nestes meses fóra, modifican a súa personalidade: xa non é a mesma muller, e cando volta a Galicia, consolídase a súa vocación de escritora; ademais, e da man de Augusto González de Linares e Laureano Calderón, introdúcese na recente ideoloxía krausista, que influenciará en gran medida os seus primeiros escritos acerca da

educación da muller e da que opinará no futuro en diversas ocasións na prensa española; paralelamente, coñecerá e consolidará novos idiomas como o inglés ou o alemán para achegarse ó mundo da poesía shakespeareana e da filosofía kantiana, entre outros.

Con varios artigos en publicacións periódicas, xa nacidos os dous seus fillos maiores – Jaime e Blanca– e tras a boa acollida da súa primeira novela *Pascual López, autobiografía de un estudante de medicina* –ambientada no Santiago que tan ben coñece–, en 1880 viaxa por un tempo ó balneario de Vichy, para recuperarse dalgunhas doenzas nun ambiente frecuentado por selectas personalidades; ás lecturas recentes de Zola e de novelistas españois contemporáneos, súmalles durante esta estancia terapéutica as de novelistas franceses coma Flaubert ou os irmáns Goncourt e ó mesmo tempo comeza a elaborar a segunda das súas novelas, *Un viaje de novios*; será tamén durante esta viaxe cando teña oportunidade de coñecer persoalmente outro dos seus autores predilectos: Víctor Hugo.

Ata o do momento, pódese considerar que a súa relación cos literarios e literarias contemporáneos, así como coa sociedade en xeral, é relativamente cordial; porén, a publicación de *La cuestión palpitante*, en 1883, desatará as iras dunha multitude de persoas que, lonxe de valorar a calidade do escrito, cuestiónanse a moralidade católica da autora, en oposición ó naturalismo francés que pretende divulgar na súa obra; e será tan abafadora a polémica xurdida en torno a esta publicación, que as críticas chegarán incluso ata don José Quiroga, que intimidado ante os diversos comentarios, tentará que a Condesa abandone a pluma; esta, decepcionada ante a opinión do seu marido, decidirá romper a súa relación, e case inmediatamente, viaxará a Roma, nunha época de plena fecundidade literaria, na que tamén sairá á luz outro dos seus maiores éxitos, *La Tribuna*, novela na que describirá con gran pericia as penurias da sociedade fabril coruñesa, personificadas nas traballadoras da Fábrica de Tabacos; suporá por tanto *La Tribuna* un interesante retrato da manifestación ante a sociedade galega, dunha conciencia de clase obreira que naquelas datas, se concentra nas escasas pero prometedoras industrias de Ferrol –no arsenal–, Vigo –no sector da salgadura– e A Coruña, coa propia Fábrica de Tabacos.

Dous anos despois, Dona Emilia granxearase a inimidade de Manuel Murguía e dos seus simpatizantes durante a súa primeira lectura en público, co gallo de homenaxear a Rosalía de Castro, morta uns meses atrás; durante a velada celebrada no Liceo de Artesanos, a autora coruñesa, quen se adxudica certamente un papel relevante, «establece una jerarquía en la valoración de las lenguas en cuanto capaces de generar una literatura», de modo que as persoas que cultivan poesía en galego –un dialecto de carácter rexional propio do campesiñado e, por conseguinte, secundario– non deben ter nin o recoñecemento nin a importancia daquelas que escriben en castelán, unha lingua nacional e culta. Estes comentarios, unidos ós que exporá en posteriores manifestacións con respecto ó rexionalismo, enfurecerán ós seguidores do movemento galeguista da época.

A partires de aquí, a escritora continuará unha prolífica carreira literaria, que conxugará os éxitos de excelentes publicacións coa desazón polas críticas, que partindo principalmente da súa personalidade –considerada veleidosa, altiva, petulante...– se estenderán á súa obra; así cultivará todas as ramas da literatura –a novela histórica e policial, os

contos, a crónica literaria e incluso o teatro—, ó tempo que leva a cabo actos públicos, dita conferencias e imparte docencia na universidade como catedrática; terá que ser invadida España por un pesimismo profundo debido ós sucesos do 98, para que se esquezan as peripecias da autora, o seu afán por criticar os aspectos variados que caracterizan a sociedade de entreséculos, a súa *arrogante* personalidade, e incluso as súas aventuras amorosas con personaxes vinculados á política e á literatura.

Pero existe unha faceta da Pardo Bazán, o feminismo, do que publicamente fai gala, que xerará en xeral antipatía dous seus coetáneos, tanto homes coma mulleres, e que dificilmente pasará inadvertida á crítica aguda destes durante o transcurso da súa vida e ata os seus últimos días; a pensadora galega imprimirá en todos os seus proxectos emprendidos a partires dos últimos anos do século esa mirada proporcionada polas novas ideas feministas que pasenno entran no estado español e polas innumerables lecturas e experiencias de viaxes que atesoura; así, e aproveitando as vantaxes que lle ofrece o seu posto privilegiado de directora do Nuevo Teatro Crítico, a través da Biblioteca de la Mujer, ou mediante as súas regulares colaboracións con distintos xornais e revistas, introducirá nas letras españolas o concepto de igualdade de sexos, que anteriormente fóra tratado case unicamente con tanta profusión solo pola tamén galega Concepción Arenal.

As páxinas das súas obras, testemuños mudos da enorme calidade dos seus escritos, verán pasar a inquebrantable vontade dunha persoa que, lonxe de conformarse con ser unicamente escritora e cingirse ós canons dunha muller da súa clase, aspiraba, detrás da mesa de traballo na súa querida casa de Marineda, a cambiar o ríxido pensamento español ancorado nunha estrutura patriarcal, reclamando unha igualdade social, moral, intelectual e sexual.

O Feminismo postergado

Interrogarse acerca da natureza do feminismo da época que nos ocupa é vital para a comprensión da obra pardobazanianana. O concepto de feminismo reviste unha realidade polisémica que aglutina diferentes significados, diferentes dimensións. Un primeiro sentido refírese á identificación do feminismo coma unha filosofía, cun modo específico de orientar o pensamento e a reflexión en torno ó entramado social; en segundo lugar, o feminismo debe ser entendido coma unha ciencia que busca comprender os procesos implicados nas desigualdades de xénero; é tamén unha acción persoal vinculada irremisiblemente á individualidade das persoas; finalmente, falar de feminismo supón a afirmación nun movemento social e político, no que superados os procesos individuais de racionalización, se incide nunha reflexión de carácter colectivo encamiñada, en primeira instancia, a identificar os mecanismos xeradores de desigualdade, e, nun segundo momento, a remover as estruturas patriarcales que os sustentan.

No século XIX percíbese unha atmosfera de efervescencia do feminismo a nivel mundial —especialmente europeo e norteamericano—, que se concreta en accións específicas: a *Declaración dos Sentimentos* de Séneca Falls (1848) —no primeiro foro público e colectivo de mulleres—, e mediante a cal se promulgará o texto fundacional do sufraxismo

norteamericano; a publicación por parte deputado inglés John Stuart Mill do libro *On liberty and the subjection of Women* (1869), que pola súa enfática reivindicación do dereito ó voto das mulleres –xa expresada no parlamento inglés tres anos atrás– se converte no referente de cabeceira dos idearios sufragistas; e a tamén creación literaria *The Women's Bible* (1895), na que a norteamericana, Elizabeth Cady Stanton analiza a situación de sometemento e degradación á cal son expostas as mulleres no texto do Antigo Testamento. Tamén na memoria das persoas que neste tempo claman pola «igualdade entre os sexos, a independencia económica e a necesidade da participación política e parlamentaria» estarán gravadas as palabras de Olimpia de Gouges, a través da *Declaración dos Dereitos da Muller e a Cidadanía* (1791), Mary Wollstonecraft nas súas obras *Pensamientos acerca de la educación de las niñas* (1787) e *Vindicación de los derechos de la mujer* (1792) e o filósofo cartesiano francés Poulain de la Barre, dous séculos antes en *La igualdad de los sexos* (1671).

Centrando a nosa mirada no panorama nacional e autonómico de finais do XIX e comezos do XX, cabe afirmar que existiu un feminismo que orientase o pensamento e a acción socioeducativos? A histórica polémica existente en torno a este interrogante amosa distintas respostas, mais aquí afirmaremos que o debate social acerca das desigualdades de xénero estivo case ausente ata ben entrado o século XX; a consolidación do feminismo en España viuse retardada por mor do propio fracaso no país na incorporación das ideas derivadas das dúas grandes revolucións do XIX: por unha parte, a revolución industrial será truncada, nun país no que segue a primar unha economía fortemente agrícola; por outra, as ideas liberais da Revolución Francesa bateran co ambiente enrarecido dunha Restauración que promove valores tradicionais máis acordes con tempos anteriores do Antigo Réxime; ademais, a forte presenza da Igrexa e a profunda moral católica que impregna o pensamento da poboación española, deixarán a súa pegada naquelas pensadoras que nun primeiro momento reivindicuen a igualdade de sexos.

Non existiu pois en España –e menos en Galicia– ata despois do primeiro cuarto do século XX un feminismo de carácter organizado, un movemento social e político que, á usanza do inglés, ou o francés ou norteamericano, agrupase as vindicacións en prol da consecución dos dereitos das mulleres; si se pode constatar a existencia de pequenas illas, *minúsculas* mostras de resistencia ante esta carencia de debate social, e que tomarán forma en discursos de carácter individual –principalmente procedentes da clase burguesa– centrados en dúas demandas específicas e relacionadas: o dereito ó traballo da muller no ámbito extradoméstico e ó dereito á educación en igualdade; será preciso esperar a tempos posteriores para que se atenda á igualdade no ámbito político a través da vindicación do dereito ó sufraxio.

Estaremos ante un estado de «preconsciencia feminista», no que as mulleres que se pronuncian a este respecto fano soas e rendidas ante a evidencia de que as súas peticións pasan desapercibidas ou son incomprendidas –e incluso malentendidas– por parte da sociedade española. A resignación ante esta realidade é plasmada nas duras críticas manifestadas pola Pardo Bazán nunha carta datada en 1913:

“Cuando, por caso insólito, la mujer española, se mezcla en política, pide varias cosas asaz distintas, pero ninguna que directamente como tal mujer, le interese y convenga. Aquí no hay sufragistas, ni mansas, ni bravas”.

Así e todo, compre destacar algunhas accións concretas levadas a cabo por pensadoras coetáneas a aristócrata galega, quen desde distintas correntes políticas e ideolóxicas, coma o socialismo, o catolicismo ou o anarcosindicalismo, reclamaron a igualdade fundamentalmente no ámbito do traballo ante a flagrante discriminación establecida pola lexislación civil, en xeral, e a laboral, en particular; este é o caso, por exemplo, da pensadora e escritora francesa Flora Tristán ou da Inspectora de Traballo madrileña, María de Echarri.

As críticas acerca da relación de dominio-sumisión observada na lexislación, deben engadírselles as que fan referencia a un control social formal moito máis sutil e por tanto, moito máis poderoso; este estará baseado nunha noción de domesticidade que establecerá certos estereotipos –*ángel del hogar*, nai solteira, virtuosa, modesta, doce esposa...–, unha función social concreta e un código de conduta acorde á mesma. En realidade, este arquetipo que conceptúa as mulleres españolas do século XIX e parte do XX supón incluso un retroceso sobre a *perfecta casada* de Fray Luís de León, posto que apoiado en ideas rousseaúneas, que teñen unha profunda incidencia nese momento na sociedade española, postula a reclusión da muller no ámbito privado-doméstico, en detrimento dunha visibilidade no público-extradoméstico; será entón, no ámbito do fogar e na función reprodutora no que as mulleres teñan unha autonomía relativa, que estará centrada especialmente nas labores da casa, para cuxo desenvolvemento terán unha longa aprendizaxe a partires dun curriculum escolar diferenciado.

As dúas pensadoras galegas máis recoñecidas da época, Concepción Arenal –con *La mujer del porvenir* (1868) e *El estado actual de la mujer en España* (1884)– e especialmente Emilia Pardo Bazán, serán –ante esta estendida consideración da subordinación da muller xustificada no baixo nivel de intelixencia co que supostamente a xenética a dotou–, quen de modo máis visible cuestionen a redución da existencia das mulleres a unha función meramente reprodutora e a súa circunscrición ó ámbito doméstico, convertíndoas en seres pasivos, inferiores, incompletos e, en resumen, nun mero complemento dos homes. Suporán as súas obras un apoio decisivo na consolidación dun movemento feminista galego e español que ata do momento, se ben acadara certos éxitos, non tiña un carácter unitario e global.

«La educación femenina atraviesa aún el periodo estacionario: tiene que cruzar el revolucionario, si ha de entrar en el de pacífica, sana y fecunda evolución. No puede, en rigor, la educación actual de la mujer llamarse tal educación, sino doma, pues se propone por fin, la obediencia, la pasividad y la sumisión. »

É a transición entre o século XIX e XX en España e especialmente en Galicia, unha longa etapa de convulsión nos ámbitos económico, político, social e ideolóxico. Durante os anos comprendidos entre o nacemento da autora –1851– e o seu matrimonio e posta de longo, en 1868, dá os últimas rabexadas o período isabelino, que suporá un intento –finalmente malogrado– de implantación do sistema liberal burgués protagonizado por nume-

rosos pronunciamentos progresistas (esparteranos e antiesparteranos) e moderados, que desembocarán finalmente no breve pero inestable Sexenio Revolucionario.

Esta inestabilidade vese reflectida tamén no eido educativo que neste período se caracteriza pola sucesión de disposicións e reformas lexislativas que en ocasións resultan repetitivas e incluso alleas ás necesidades que se perciben na realidade das aulas españolas da época e que gardan relación coa desigual distribución das escolas no territorio, a súa gran masificación e precariedade, con baixos niveis de escolarización e coas altas taxas de analfabetismo que amosan maior incidencia no sexo feminino e no ámbito rural.

No ámbito lexislativo cabe facer mención da Lei Moyano, que se ben ten un afán claramente unificador –tras diversos plans e regulamentos que nas últimas décadas se sucederan– e constitúe unha indubidable contribución na estruturación de carácter básico do sistema educativo, establece un curriculum claramente diferenciado para nenos e nenas, repercutindo na reprodución e lexitimación das desigualdades de xénero, non so no ámbito escolar senón na realidade diaria extraacadémica; é dentro da primeira ensinanza na que, a pesares de existir materias comúns ós dous sexos se percibe unha orientación sexista no currículo, a traveso da existencia de disciplinas específicas para uns e para outras; deste modo, as *Breves nocións de Agricultura, Industria e Comercio, os Principios de Xeometría, de Debuxo lineal e de Agrimensura* e as *Nocións Xerais de Física e de Historia Natural*, presentes nas ensinanzas elemental e superior dos nenos, serán substituídas por *Labores propias do sexo*, e *Lixeiras nocións de Hixiene doméstica*, nas das nenas; ademais, nas materias comúns, nenas e nenos contarán con diferentes libros de lectura.

Porén, fronte a un discurso de carácter dominante no que non se cuestiona a educación feminina existente, comeza a vislumbrarse cara o último cuarto do século XIX, un pensamento pedagóxico de carácter alternativo identificado coa ideoloxía krausista, –caracterizada por un «racionalismo no filosófico, un liberalismo no político e o reformismo no social»– que se verá reflectido na creación da Institución Libre de Enseñanza. O seu principal impulsor, Giner de los Ríos, apoiado na sistematicidade filosófica e na laicidade moral de Sanz del Río, reinterpreta as ideas de Krause e as transfire á pedagogía institucionista; terá así o krausismo español certas particularidades que o diferencien dos doutros países, e é que lonxe de entenderse unicamente coma un movemento filosófico, pedagóxico e científico, o krausismo, marco teórico da iniciativa institucionista, constituirá unha «actitud humana integral» que impregnará as élites da sociedade española, transformándoa e modernizándoa.

A pedagogía institucionista apoiarase en oito principios elementais: a) educación e instrución; b) educación activa; c) educación integral; d) educación en liberdade; e) educación neutra; f) escola unificada; g) coeducación; h) familia e educación; pero será quizás a escola mixta –erróneamente denominada como coeducadora– o seu principal estandarte fronte a unha ensinanza tradicional que considera que xuntar nenos e nenas nun mesmo proceso educativo é «antihixiénico, anti-moral e contra natura»; mais a práctica diaria nas aulas españolas e galegas e a perspectiva histórica sobre desta época apórtanos tres conclusións definitivas: en primeiro lugar, os programas de educación mixta da ILE e

o Krausismo serán meramente utilitaristas, posto que a orientación cara a formación da muller, buscará que esta se converta en mediadora coa súa descendencia, tendo como fin principal o trasvase de determinados valores ós seus fillos e fillas; en segundo lugar, asunción dun modelo mixto por parte das escolas terá, especialmente no ámbito rural, unha motivación fundamentalmente económica; por último, debe facerse fincapé en desvelar a falsa relación entre escola mixta-pedagogía coeducadora, pois xuntar nenos e nenas baixo un mesmo teito –o que nesta época non entraña necesariamente nunha mesma aula– non garantiu unha desaparición do sexismo no ámbito escolar, e por conseguinte dificilmente contribuíu a transformar as desigualdades de xénero.

Polo que supón de contacto directo coas fontes orixinais francesas, moitas delas descoñecidas para nós, de posibilidades de profundización na investigación, tanto dende a perspectiva máis ampla como da realidade educativa galega máis próxima, de recurso metodolóxico nas aulas e de historia viva do maxisterio, consideramos relevante este volume, no conxunto de traballos co novidoso selo da USC EDITORA.

Anxo Serafín Porto Ucha

USC. Dpto. de Didáctica e Organización Escolar

CARIDE GÓMEZ, J. A., TRILLO ALONSO, F. (Dir.) (2010), *Diccionario Galego de Pedagogía*, Xunta de Galicia /Editorial Galaxia, Vigo.

Obedecendo a un proxecto de investigación planificado baixo a dirección e coordinación dos profesores Caride e Trillo, coa colaboración inmediata de outros sete profesores, responsables de distintas áreas temáticas, e co apoio de dúas documentalistas e unha secretaria técnica, podemos saudar a presenza do Dicionario Galego de Pedagogía, unha obra que, con formato de Dicionario, reivindica a súa feitura “galega”, coa intervención elaboradora de máis de cento cincuenta autores e autores, na súa maior parte ligados ás Facultades de Ciencias da Educación existentes en Galicia. Unha obra colectiva que, por igual ou de modo substantivo reivindica o concepto de “pedagogía”, como netamente identificador do campo académico ao que se vinculan as distintas ciencias da educación. Estamos ante unha obra de máis de 600 páxinas de apretado texto, na que se reúnen 546 termos, 400 deles chamados para a ocasión “conceptuais” (cun límite constante de 600 caracteres) e 146 chamados “enciclopédicos” (cun límite de 1800 caracteres).

Unha obra que vai estar nos centros de educación e formación de toda Galicia, que é mostra dun estado de saberes e de preocupacións académicas e epistemolóxicas. Unha obra que significa un punto (e seguido) no desenvolvemento dos estudos pedagóxicos en Galicia, que mesmo poderá servir de mostra comparativa coa realidade da reflexión pedagóxica alén de nós. Un Dicionario conceptual implica sempre unha selección de contidos. E o *Galego de Pedagogía* tamén o implica. Deberán saber os lectores

que foi un non menor traballo a selección dos conceptos a “establecer” no presente caso por un equipo dunha ducia de persoas.

En relación coa historia da educación (baixo a nosa coordinación) identifícanse na obra algo máis de 30 entradas explícitas, que no seu conxunto, se desenvolven desde enfoques conceptualmente esixentes: autoxestión pedagóxica, educación humanista, e. integral, e. patristica, e. popular, e. progresiva, e. xesuítica, empirismo pedagóxico, ensino mutuo, escola activa, escola nova, escolástica, hª da educación, historiografía, hª da educación en Galicia, misión pedagóxicas, movementos de renovación pedagóxica, museismo pedagóxico, naturalismo pedagóxico, pedagogía antropológica, pedagogía Freinet, p. institucional, p. montesioriana, p. sistemática, p. socialista, positivismo pedagóxico, psicanálise e educación, e realismo pedagóxico, facéndose un percorrido a través das maiores expresións históricas-educativas da cultura occidental.

O rigor e a linguaxe contida e precisa son asuntos que en todo momento se buscaron no conxunto da obra, que mantén, como é frecuente en obras deste tipo algunhas discrepancias e desigualdades, pero que é e será un valioso instrumento de consulta.

Antón Costa Rico

CUESTA, R., MOLPECERES, A. (2010), *Retazos, memorias y relatos del Bachillerato. El Instituto Fray Luis de León de Salamanca (1931-2009)*, Publicaciones del Instituto, Salamanca, 386 pp.

Oitenta anos dun Instituto de Bacharelato dan para moita historia. A miúdo ollamos que cando unha institución académica

cumpre un certo ciclo da súa vida (25, 40, 50, 75, 100 ou 150 anos) xorde desde o seu interior un certo interese por facer memoria, unha memoria “institucional”, isto é, “conciliadora”, que agacha de ordinario a real e efectiva historia que máis comunmente, de aparecer, debe ser captada nos “entrelíñas” apercibidos ou non polos autores e “escritores” do documento, porque se pensa que unha memoria histórico-institucional é un documento que reúne, por unha parte, a función de “escaparate” cara o exterior contemporáneo, nun mundo de exposicións múltiples ás imaxes distorsionadas, pero presentadas como naturais, e, por outra, a función de “espello” onde localizarse con imaxe amable os que configuran en particular o “corpo docente” da institución, no momento de ser trazada a “memoria”. De ordinario “desaparecen” as complexas dinámicas, os microgrupos, os conflitos ideolóxicos e organizativos, porque o desocultamento obriga a operacións analíticas e interpretativas de máis fonda atención investigadora, para os de dentro e para os de fóra, que poden obrigar, ademais, a un repensamento das dinámicas en curso, algo que non está de ordinario no código esperable a unha chamada memoria histórica institucional.

Máis, non sempre ten porque suceder así; en ocasión, como escribira dando título a un libro de boa difusión un coñecido xesuíta dos pasados anos setenta, “a vida sae ao encontro”. Ocorre con este libro, no que, como noutros de semellante calidade crítica, está a man esixente de Raimundo Cuesta, un dos motores intelectuais do Grupo dos Fedecarianos e do proxecto Nebraska.

Retazos, memorias y relatos é unha investigación histórica, dentro dos cánones

xerais de elaboración de tal produto intelectual. Certo. Pero de igual forma parte do proxecto pedagóxico actual e en curso do IES Luis de Leon, de modo que tamén é o produto colectivo dos profesores e alumnos implicados, que ao revisar a historia do centro mediante unha ollada dialéctica entre o que agora “sucede” e o que noutros momentos “sucedió”, realizada co auxilio de quen alí estiveron noutros momentos, estaban producindo coñecemento sobre eles mesmos. Construíndose como cidadáns críticos e con capacidade analítica e interpretativa da sociedade e das institucións que habitan, máis capaces pois para a súa oportuna transformación. Así, a narración histórica neste caso incorpora de modo central fragmentos expresivos da vida dun centro en conexión co máis amplo horizonte da historia da educación española, pois estamos ante unha investigación social e non debemos olvidalo. Non se trata dun rexistro máis ou menos logrado de “antigüedades”. Manexáronse, por isto tamén, “catorce entrevistas narrativas”, como “ecos e voces do pasado” para o resgate de memorias sometidas ao contraste.

Así se chegou a compoñer un texto con catro capítulos (cada un dos que toca unha época distinta), constituíndo cada un deles por medio dun texto narrativo sobre a historia da educación e a do Instituto, das transcricións das entrevistas dos vellos alumnos e da iconografía correspondente. Cos seguintes títulos dos capítulos: “Encrucillada de esperanzas e desolación (1931-1944)”, “Entre *azules imperiales* e tecnócratas *Dei* (1944-1974)”, “Mudanzas, transicións e reformas entre a tecnocracia e a democracia (1975-1985)”, e “O que vai de onte a hoxe: recordos e expectativas do alumnado entre dous séculos”, para chegar aos anos

máis recentes desta historia de vida, porque na vontade dos coordinadores “esta obra viene a ser una historia del presente, una explicación genética de los problemas de la educación secundaria y de la institución escolar hoy” (p. 7), “ao punto que estes problemas – de hoxe- se presentan como os motivos máis profundos dunha prospección do pasado que se efectúa a modo de xenealoxía dos problemas do presente”.

Temos, así, un texto profundamente dialéctico e interpretativo ao servizo de quen o construíu e dos lectores, un auxilio eficaz para a comprensión histórica e estrutural das interaccións contextuais dos individuos. Un tratamento diferente da materia histórica; non un obxecto de vitrina, senon un instrumento, unha panca, para a cidadanía.

Antón Costa Rico

RUIZ BERRIO, J. [Ed.]: *El patrimonio histórico-educativo. Su conservación y estudio*. Madrid, Biblioteca Nueva, 2010. 366 pp.

Unha das vías polas que transcorre actualmente con máis éxito a indagación histórico-pedagóxica refírese aos restos materiais e obxectos que se conservan do noso pasado educativo, aos estudos etnográficos sobre a escola doutro tempo, a saber relacionar os feitos educativos coa cultura específica na que eses feitos incidían y como se desenvolvían nun territorio e sociedade determinada. Durante moitos anos os historiadores da educación centráronse no estudo dos pensadores e das súas teorías, das innovacións escolares, da política educativa, das institucións, ou das minorías e grupos especiais, pero con

escaso uso doutras fontes que textos escritos ou fotografías. A irrupción das novas correntes de historia cultural levou a usar con máis frecuencia os métodos etnográficos, avaliacións de obxectos ou espazos arquitectónicos, ou realidades máis imperceptibles como o discurso que un profesor fai na clase, ou como se viviu nunha pequena escola rural un acontecemento mundial que deixou unha pegada indeleble.

A conformación dos actuais museos pedagóxicos, cuns obxectivos diferentes aos que con ese nome creáronse no século XIX, veñen a calmar unha inquedanza que fai anos se viña producindo entre os historiadores da educación, cando tiñamos que reconstruír o pasado educativo case exclusivamente con documentos, e con poucos referentes aos utensilios ou espazos físicos concretos. Nos últimos tempos, como di Cristina Yanes, o material e os obxectos pasaron de ser elementos inertes a ocupar un lugar importante no discurso reflexivo-interpretativo, acadando novos significados mediante unha análise comprensiva e crítica, o que sen dúbida ten revolucionado os procedementos e conformación de hipóteses para moitas investigacións, porque hoxe moitos relatos históricos tenden a reconstruírse e presentarse como relatos case fílmicos ou en tres dimensións cos que as persoas tratamos de acadar unha relación interactiva, e non só como un discurso pechado nun libro.

Este conxunto de iniciativas que se están a desenvolver dende fai anos, empezan a dar os seus froitos en publicacións, coma a do volume que agora comentamos. Nada menos que catorce estudos que coordina o profesor Ruiz Berrio, a quen se debe este empeño por dar á luz os traballos que actualmente están desenvolvéndose,

e con enfoques tan diversos. É de agradecer ademais a aparición deste libro neste ano en que a administración galega ten tan abandonada unha institución punteira neste movemento, o MUPEGA, o Museo Pedagóxico de Galicia, que dende o ano 2000 foi un referente valioso para o actual movemento dos museos pedagóxicos españois e iberoamericanos. O libro se estrutura en catro grandes campos temáticos: o primeiro sobre conceptos básicos; o segundo sobre algúns aspectos dos museos de educación; o terceiro sobre o patrimonio histórico-educativo; e o cuarto sobre os museos virtuais de educación, con dous traballos finais referidos a dous museos concretos. Son estudos que se complementan entre eles, formando un mosaico de retallos que nos aproximan a unha panorámica do estado en que actualmente están as investigacións neste ámbito, dende que en decembro de 2004 se constituíra a SEPHE, e asemade son unha primeira fonte para analizar a conformación deste movemento museístico en España. Non é posible facer unha análise precisa de todas as contribucións pero si salientar algunhas delas no eido dos debates actuais entre os historiadores da educación.

Entre as achegas do primeiro grupo, coido que ten un extremado interese pola súa novidade, a xa mencionada de Cristina Yanes, centrada no patrimonio educativo inmaterial, porque seguramente os obxectos falan e os podemos facer falar, pero non deixan de ser vestixios, as veces de culto pedagóxico, cando os ollamos expostos nas vitrinas; pero ademais é preciso maxinar que as pezas e vestixios estiveron usadas nun contexto de actividade educativa no que os obxectos puideron ter un uso común o moi marxinal, e precisamente son esas actividades, ideas ou falas específicas

as que facían vivir aos obxectos, porque ante un libro de texto sempre nos podemos preguntar como foi usado: se o mestre lía as leccións sentado, e os alumnos as recitaban cando eran chamados ante o encerado, ou se o libro de texto tiña pouco uso porque lles aprendía aos rapaces con excursións e traballos manuais. Temos así unha herdanza oral intanxible, non sempre fácil de xuntar en corpus comprensibles, que é necesario salvagardar e relacionar co mundo tanxible, e considerarse como un patrimonio relacionado cunha cultura educativa concreta. É un traballo que se complementa moi ben co que aporta Miryan Carreño sobre memoria e historia da educación, xa que o patrimonio inmaterial vive mais na transmisión oral, na micro-historia que permite estudar aspectos moi concretos e máis individuais; pero tendo en conta as dificultades que supón traballar coa memoria, porque se por unha parte é unha fonte que nos acerca a realidades imposibles de captar doutro xeito, é tamén tramposa e selectiva, e moi manipulable, e así Carreño lémbra-nos que é necesario recordar. Si, pero recordar para aprender. Estes dous traballos van precedidos por outros máis xenéricos de David Reyero y Francisco Canes.

O segundo grupo presenta dúas achegas. A do profesor Ruiz Berrio é central para explicar o trazo que vai dende os museos pedagóxicos históricos aos labores que desenvolven os novos; unha reconversión que no caso español foi imposible porque realmente era unha cultura profesional perdida, que máis que recuperar houbo que crear outra vez, facer un renacemento como di o autor, polo que ese despegue da museística pedagóxica en España foi precedida dun paréntese de corenta anos, si, pero fatal, porque desfixo un tecido inte-

lectual do que agora recollemos só algúns fíos. En todo caso é importante a súa crónica de cómo van aparecendo os novos museos, porque foi protagonista nese proceso e ademais advirte que a relación entre museos pedagóxicos e historia da educación é privilexiada, porque un museo pedagóxico non ten porque entenderse especialmente como un museo histórico. Un traballo de Pablo Álvarez sobre o novo concepto dos museos de educación conclúe coa importancia do labor de custodios que teñen estas institucións.

Na terceira parte, o capítulo de Razbas e Ramos ten moito interese para aqueles que queiran iniciarse na museoloxía educativa. Como non convén dar nada por suposto fan unha aproximación ao concepto de “patrimonio histórico educativo”, para o que necesitan referirse a traballos doutras autoras do libro: Eulàlia Colleldemont e Cristina Yanes. Queda claro que o patrimonio non está composto só por bens materias tanxibles, senón tamén intanxibles nos que debemos incluír os inmateriais. Fan ademais un estudo dos diferentes ámbitos nos que se atopa e divide o patrimonio histórico-educativo español, enmarcándoo dentro das correntes máis actuais da museoloxía e museografía e descubrinto algunhas das súas liñas máis salientables e datando as primeiras achegas bibliográficas en España no actual período destes museos. Coido que é un traballo interesante para coñecer a propia historia recente do movemento museístico español en relación coa nova museística internacional. Esta parte se completa con traballos de Martínez Alfaro sobre o patrimonio histórico dos institutos de segundo ensino, de Juan González Ruiz sobre o papel da inspección na recu-

peración do patrimonio histórico, e outro de Carmen Rodríguez sobre conservación do patrimonio histórico-pedagóxico.

A cuarta parte ábrese cun traballo, curto pero axeitado, de Eulàlia Colleldemont sobre os modelos e tipoloxías de museos pedagóxicos virtuais en España, para dar paso a outro de Ossenbach e Somoza no que se relacionan os museos virtuais coa ensinanza da historia da educación e a formación de profesores. Este segundo traballo aporta unha definición do que é un museo virtual, (distinguíndoos dos centros de documentación e das fontes históricas dixitais) e das posibilidades que ofrece aos estudantes unha visita e como se lles pode adestrar no exercicio da hermenéutica, mediante estratexias que permitan lecturas interpretativas; e como na medida en que saiban desentrañar os relatos subxacentes poden iniciarse na investigación e no exercicio da crítica histórica. Non esquecen ademais que os museos pedagóxicos virtuais reflicten o xiro historiográfico cara aos enfoques emparentados coa nova historia cultural e a cultura da escola.

É un libro que fai moi boas achegas ao marco teórico (do que *deben* ser estas institucións), pero ao que lle falta máis artigos sobre as experiencias prácticas, sobre o que *fai* e *produce* nestes momentos a nova museística educativa, pois en realidade só aparece neste senso o estudo (única achega iberoamericana) de María Cristina Linares sobre o “Museo de las Escuelas” de Buenos Aires e a testemuña de Carmen Colmenar sobre o Museo de Historia da Educación “Manuel Bartolomé Cossío” da Universidade Complutense, que recolle unha historia valiosa, contada por unha protagonista. Por certo, no volume boto un pouco en falta devolver ao discurso actual

as modernísimas reflexións que xa facía Cossío no século XIX cara o que debía ser un museo pedagóxico, porque neste libro se fai unha reivindicación cabal dos museos como centros vivos, nos que poda ollarse a educación como un proceso vivo, incluso na súa recuperación do pasado cara ao presente, e non como instalacións cheas de artefactos para seren exhibidos. Pois iso, recomendo ler o que di Cossío ao respecto, porque ademais de ser centros de conservación, interpretación e estudo do patrimonio non estaría de máis que fosen hoxe, a súa vez, centros de alta investigación cunha proxección nos debates da educación do presente.

Eugenio Otero Urtaza.

VERGARA, J. (2010), *La educación política en la Edad Media: el *Tractatus de Morali Principis Institutione* de Vicente de Beauvais (1262/63). Una apuesta prehumanista de la política*, EUNSA, Pamplona, 140 pp.

Baixo o influxo da “historia social” e dos *Annales* e por causa de disponer, infelizmente, o conxunto dos investigadores da historia da educación en España durante as últimas décadas dunha insuficiente formación historiográfica, a historia educativa que, como produto de investigación e como construción cultural, se acertou a realizar veu estando moi concentrada nas problemáticas suscitadas pola contemporaneidade, e xusto e en efecto, son os problemas que acucian os que movilizan as enerxías para a resolución. Pero, hai máis mundo. O presente tamén está condicionado por unha historia de longa duración, sen necesidade de vernos abocados ao estruturalismo brau-

deliano. A “historia cultural”, como fructífera orientación para a investigación histórica invítanos a reconsiderar os nosos saberes históricos, cunha nova ollada aos tempos de longa duración. E aí quizaves volvamos a tomar en consideración e en alta consideración elaboracións históricas que, realizadas noutroa ou establecidas desde o rigor positivista, con algún apresuramento situamos á beira dos nosos percorridos e urxencias de hoxe.

Seguimos necesitando coñecer e comprender os vellos textos; por dicilo dun xeito simples, os que foron escritos en latín, pois neles aniñan ideas e valores que se forxaron, a miúdo como “exercicio racional”, con bimbios que aínda perduran nas “razonabilidades” do noso tempo. Por isto, son de saúdar a constitución e as tarefas de estudo e de edición crítica de textos, emprendidas polos investigaodres agrupados no GEMYR (Grupo de Estudios Medievales y Renacentistas), baixo a coordinación do profesor Javier Vergara da UNED.

Un deses traballos é o que aquí nos da pé a este comentario. Vicente de Beauvais é considerado como un grande pedagogo correspondente ao período da Baixa Idade Media. O autor de textos tan relevantes como *De eruditione filiorum regum* (1246), ou os *Speculum maius* e o *Speculum minor* (1244-1256). É tamén o autor de textos de pedagogía política, como este que aquí se cita. O *Tractatus* reflexiona sobre o oficio de reinar, que se impregna cun ton marcadamente clerical, relixioso e moralizante. Analizar pedagóxicamente a evolución desta visión é o que se pretende aquí, a partir da consideración central do texto de Vicente de Beauvais. Logo dunha presentación da vida e

da obra do de Beauvais, Javier Vergara proponnos un percorrido pola literatura cortesana medieval relacionada coa educación política, para de seguido abordar os sentidos e significados inscritos no *Tractatus* de Vicente de Beauvais, cerrando coa influencia destes escritos políticos na monarquía castelá.

Componse, deste modo, un texto valioso, que axuda á comprensión do que no Barroco sería á “educación de príncipes” (dos gobernantes, en definitiva), onde se concentran algunhas das claves para a comprensión do que por vía de negación, quereda ser logo un modelo educativo distinto, aberto sobre a consideración da cidadanía. E, por outra parte, unha aportación notable como exercicio de erudición e de rigor no tratamento e interpretación de fontes documentais, que son menos socorridas no presente.

Antón Costa Rico

GONZÁLEZ-AGÁPITO, J. (ed.) (2009), *Escultisme, autoformació i ciutadania activa. Un balanç de cara al futur*, Pallés ed. I Institut d’estudis Cataláns, Lleida, 210 pp.

A historiografía educativa dos países de lingua e cultura catalana veu anotando desde hai vinte ou máis anos a importancia dos fenómenos da educación no tempo libre, a través das colonias, dos campamentos, das bibliotecas, da acción convivencial parroquial católica, para o mellor entendemento do desenvolvemento educativo en tales contextos, e particularmente para explicar máis acaidamente o como e os porqueres da perdurabilidade e da renovación da catalización ambiental vivida polas novas xeracións durante o tempo do

franquismo. Unha desas mediacións de maior influencia ten sido e segue a ser o que significa o movemento dos *Scoutts*, en orixe unha iniciativa de Baden Powell, que se puido ensarillar hai cen anos con boa parte das expresións do movemento internacional das Escolas Novas.

A forza relativa desa manifestación de educación infantil e xuvenil nás áreas catalanas é moi probable que non atope un correlato similar en Galicia. Se ben, aquí tamén contamos con manifestacións prontas de *escultismo*, como unha expresión da educación social, todo parece indicar que tiveron entre nós unha pequena dimensión, aínda que compre salientar que é un asunto que non tivo aínda a precisa investigación. Deberá chegar, e se cadra, apañamos alguna feliz sorpresa. Por iso, máis que para valorar o presente texto de achegas, traemos aquí esta obra, que podería servir de punto de referencia para abrir na nosa casa a oportuna investigación.

Estamos ante un rico texto pola diversidade de achegas e comentarios que nel aparecen, que son consecuencia dun Seminario de traballo dirixido polo profesor González-Agápito. Analízase a evolución histórica do escultismo en Cataluña, Baleares e o País Valenciá a partir de 1912 e ata 1975; débátese os puntos de vista interpretativos sobre esta historia; analízanse as problemáticas do presente deste movemento ou conxunto de iniciativas nos contornos citados; sen faltar tampouco, unha achega ao escultismo na esfera internacional. Un territorio sobre o que facer luz no noso caso. Máis alá do que xa sabemos sobre os *Ultrays* impulsados polo galleguismo republicano.

Antón Costa Rico

NEGRÍN FAJARDO, Olegario, *Memoria histórica y educación en Canarias (1936-1942). Depuración y represión del Magisterio en la provincia de Las Palmas*, Cabildo de Gran Canaria, 2010.

Tal como se pon de manifesto no Prólogo desta obra, grazas á existencia dos Coloquios de Historia Canario-Americana da Casa de Colón, e das Xornadas de Estudos sobre Fuerteventura e Lanzarote, Olegario Negrín abriu novas liñas de investigación centradas na historia da educación canaria ou que teñen que ver coas illas. Relacionado coa Ilustración canaria, centrou o seu interese en personaxes de tanta importancia como Viera y Clavijo, ou en Clavijo y Fajardo, e outros posteriores arredor dos educadores canarios, en parte americanos, da talla de Fernández Ferraz ou de Teófilo Martínez Escobar. A eles seguiu unha serie de aportacións que teñen que ver coa depuración e represión franquista do profesorado durante a Guerra Civil e primeiro franquismo, ás veces en colaboración con Conchita Álvarez García, da Universidade de Oviedo. Grazas á invitación do doutor Negrín, eu mesmo ti ven a oportunidade de colaborar nalgunha destas actividades programadas, en distintos cursos de verán.

A obra que presentamos, froito dunha investigación de bastantes anos en arquivos canarios e, especialmente, peninsulares, foi galardoada co Premio “Viera y Clavijo” de Letras 2008. Foi unha investigación que xurdiu xunguida a outros traballos académicos, neste caso en relación co mestre lanzaroteño Federico Doreste Betancor. Posteriormente, nunha investigación sobre os becados da JAE, Negrín encontrou información que o levaría aos fondos de depuración franquista no AGA,

en Alcalá de Henares. Foi así como tomou conciencia da necesidade de rescatar do esquecemento aos profesionais canarios do maxisterio republicano que foron maltratados e marxidados polo réxime ditatorial franquista, que só tiña en conta os valores de “heroicidade” dos vencedores, mentres condenaba ao oprobio e ao esquecemento a moitos outros, que cometeran o “delicto” de ser cidadáns libres e democráticos durante a Segunda República española. O libro, ademais de levar a dedicatoria ao seu primeiro neto, Víctor Negrín, vai dedicado aos mestres e mestras canarios depurados por exercer a súa profesión con lealdade á legalidade democrática republicana.

Como se pon de manifesto, non hai ningún afán de vinganza, porén, moito de comprensión e complicidade para cos vencidos nunha loita desigual, entre os que tiñan a esperanza dunha España máis xusta e progresiva, e aos que se impuxo, pola forza brutal das armas, ideais autoritarios, violentando a legalidade constitucional establecida. É este un aspecto que, a miúdo, quere deixarse de lado na memoria sobre o sucedido.

A investigación abarca até 1942, data na que se consideran por finalizadas as actividades das comisións de depuración, se ben, algúns expedientes se mantiveron no tempo, debido as recursos presentados.

O traballo que aquí se presenta como libro está pensado, formando parte dunha investigación de conxunto que, co tempo, Olegario Negrín ten pensado abarcar, sobre a depuración franquista do profesorado canario pertencente a todos os niveis educativos, dende a ensinanza primaria á universidade, sen esquecerse, incluso, dos centros privados. É este un traballo que

queda por facer, mesmo no conxunto do Estado español.

A metodoloxía seguida foi a propia da Historia, cos criterios, principios e fases correspondentes, a partir das fontes primarias, da documentación inédita de arquivo. A primeira fase transcorreu, pois, en arquivos locais, rexionais e nacionais, na procura de documentación de soporte. A partir de aí, na fase denominada do “taller do historiador”, nun diálogo constante cos fondos documentais e bibliográficos, o autor foi creando unha estrutura básica que, co tempo, remataría neste produto.

Na súa estrutura, o libro presenta unha primeira parte con tres capítulos, centrados no contexto de investigación en sentido amplo, para concretar o lugar e as características nas que transcorre a acción: A educación española na II República, a Guerra Civil e o Fraquismo; a provincia das Palmas arredor da Guerra Civil, e o proceso normativo de creación da maquinaria depuradora.

A segunda parte, cos capítulos IV e V, ocúpase, respectivamente, da Comisión depuradora provincial e da análise cuantitativa da depuración do maxisterio na provincia de Las Palmas.

Finalmente, na terceira parte, lévase a cabo un estudo dos expedientes dos protagonistas: do proceso depurador aplicado aos mestres e mestras (cap. VI) e da dobre depuración dos alumnos e alumnas do Plano Profesional (cap. VII).

Remátase cunhas importantes conclusións, e 11 anexos documentais, amais dun índice onomástico.

Estamos, pois, diante dun estudo moi completo sobre esta problemática, con datos moi exhaustivos, co acerto sistemático

de presentar cadros por partidos xudiciais, que nós tamén temos seguido nas nosas investigacións.

Hai que resaltar igualmente o sentido de investigar esta temática, dentro do que se denomina a recuperación da memoria histórica da Guerra de 1936, que por razóns políticas pasou desapercibida durante tanto tempo, e sobre a que, aínda hoxe, seguen a presentarse dificultades máis ou menos visíbeis. Noraboa, mestre.

Anxo Serafín Porto Ucha

SANCHIDRIAN, C., RUIZ BERRIO, J. (coords.) (2010), *Historia y perspectiva actual de la educación infantil*, Editorial Graó, Barcelona, 431 pp.

A LOXSE foi o instrumento legal que con máis forza contribuíu a “normalizar” os procesos educativos públicos ligados á educación infantil, dando pleno protagonismo aos múltiples esforzos didácticos, reflexivos, experimentais e académicos realizados en pró da educación e o desenvolvemento da infancia primeira, coa súa soleira establecida entre os seis e os sete anos. Antes da LOXSE, pero sobre todo como consecuencia dela, foron extraordinarios os empeños desenvolvidos neste campo da educación por parte dos propios pais e nais de familia, polo profesorado, polas institucións e centros de formación e polas administración, ata presentar na actualidade un panorama con moitas máis luces ca sombras, tanto que falemos das instalacións, como dos recursos funcionais e didácticos e, en particular, da formación do profesorado.

Na actualidade, a posta en marcha dos novos graos universitarios ven certificar a

boa saúde pública dos estudos consolidados de Educación Infantil. Quere trazarse un percorrido formativo moi axustado en canto aos saberes, competencias e destrezas a acadar por parte do estudantado universitario desta titulación, co perigo mesmo do reduccionismo e a limitación, que será do caso escorrentar desde a perspectiva de formación do modelo de profesor reflexivo.

E desde esta perspectiva desde a que, creo eu, hai que captar a presenza deste texto novo. Un texto con nídio afán didáctico, pero que hai que entender moito máis como un instrumento de referencia formativa, ca un “libro de texto a ser estudado no período dun cuadrimestre de estudos”, que ademais, como formación de índole máis xeral está situada nada máis chegar á Universidade, como una das debilidades adoptadas entre nós para a posta en marcha do chamado “modelo (español) de Bolonia”. No texto, no que interveñen case unha vintena de profesoras e profesores de ciencias da educación de variadas universidades españolas, destacan os achegamentos histórico-comparados, os relacionados coa construción da intelixencia infantil, e os que aluden ás políticas gubernamentais para a expansión da educación infantil. Todos estes achegamentops son sectores de estudo precisos e a ser contemplados, como instrumento de referencia que é o libro, se ben pode observarse a ausencia ou o reducido tratamento das achegas actuais relacionadas cos tratamentos didácticos, a psicoloxía do desenvolvemento, e as cuestión sociolóxicas, o que, probabelmente elevaría a dous o número de volumes da obra, cunha reordenación do seu capitulado. Aínda se poderá facer nunha segunda edición.

Alén dunha adecuada introducción, o libro percorre moitas escenas e chanzos

históricos: unha visión histórica xxeral entre os séculos XVII e comezos do XIX (Comenio, Rousseau, Pestalozzi), a educación infantil inglesa (sobre todo durante o século XIX), a escola infantil francesa do mesmo período, a relevancia da figura de Pablo Montesino en España no século XIX, a grande figura que foi Froebel, as aportacións e realizacións españolas durante o tránsito entre os séculos XIX e XX (cunha destacada atención á Institución Libre de Enseñanza e a Pedro de Alcantara), o significado da obra de Dewey, o protagonismo de María Montessori, o método Decroly (recordemos a globalización e o método ideo-visual na aprendizaxe da lectura), o tempo auroral do século XX e a educación infantil en Cataluña, a psicopedagogía xenebrina e Piaget, construtivismo e psicoloxía cognitiva (Vigotsky, Ausubel, Bruner, Gardner), modelos actuais de educación infantil, a formación especializada do profesorado (entre o pasado e as condicións actuais), a actual política educativa española de educación infantil, o panorama europeo (orientacións e prácticas) e os organismos internacionais de educación infantil.

Dando por seguro que estamos ante unha obra de gran consulta e manexo nas aulas universitarias, quizaves sería conveniente a súa parcial reconfiguración, e mesmo unha observación de conxunto cos estudos similares que se realizan no caso do grao de Educación Primaria, dado que este mesmo texto de “educación infantil”, en boa parte das súas páxinas e apartados, ofrece contidos que son igualmente, ou aínda máis se cabe, acaídos para os estudos de educación primaria.

Antón Costa Rico

MAINER BAQUÉ, J. (2009), *La forja de un campo profesional. Pedagogía y didáctica de las Ciencias Sociales en España (1900-1970)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 927 pp., Madrid, e, MAINER BAQUÉ, J. (2009), *Inventores de sueños. Diccionario bioprofesional de pedagogos y didáctas de Geografía e Historia hacia 1936*, Institución Fernando el Católico (CSIC), Zaragoza.

Os currículos, todos os currículos, son artefactos humanos, construcións culturais, científicas e sociais, que son tamén exercicios de poder e de lexitimación, como nos ensinaron a ollar Max Weber e os neo.weberianos. Alén de calquera pretendida “neutralidade” e asepsia científica e académica (positivista e funcionalista?, en particular), e máis alá da “cegueira” que burdamente se propón desde o paradigma científico tecnocrático, hoxe comezamos a ser conscientes non só de canto hai de construción socio-histórica en cada un dos currículos, dos seus sentidos e significados, das “apropiacións” culturais e didácticas que neles se refrean, senon tamén de que a súa conformación ten claves primixenias (un “código disciplinar”, na conceptualización tan querida ao proxecto Nebraska, unha das expresións do grupo de estudos Fedicaria, onde se encadra o relevante autor destes dous textos que aquí se comentan), e é, ademais, manifestación efectiva da constitución, do peso e da presenza dun dado “campo profesional”, no senso dado por Bourdieu. E como campo profesional son os currículos indicios de prácticas académicas (isto é, prácticas sociais), como se dixo, que son exercicios de poder e de lexitimación cultural, e por tanto un ámbito

de posible conflictividade interna-externa entre os que participan na súa construción histórico-social e os seus contextos, establecéndose interrelacións dinámicas e dialécticas en varias direccións.

Lonxe de asepsias, pois. Estamos abrindo en toda a historiografía educativa internacional esta tan necesaria agra de investigación e estudos. Necesaria para un máis adecuado coñecemento e comprensión das razóns, claves, sentidos e significados dos problemas que na actualidade nos presentan as tomas de decisión curriculares, con súa elaboración de arquitecturas que implican priorizacións, seleccións, sinalamento de pesos, eliminacións, reducións, ou reorganización de contidos, asignaturas, e áreas. En todo isto hai razóns e fundamentos sociolóxicos, políticos, económicos, de carácter científico, de carácter pedagóxico (en relación cos modelos de formación do profesorado, cos modelos de aprendizaxe, coas innovacións e os recursos metodolóxicos), e outros vinculados ás propias corporacións profesionais (constitución, esenvolvemento, manifestacións da súa presenza). Todo un complexo de elementos de oportuno coñecemento moi en particular por parte do profesorado en exercicio e tamén de aqueles profesores noveles ou en formación que, con ausencia de conciencia crítica, están a miúdo máis predispostos a facer do seu oficio un oficio “artesanal” (aprendido en longos anos de estudo como discentes) provistos de “supostos libros de operación”, como se se tratase de guías-ikea.

A adecuada profesionalidade docente precisa de saberes e competencias críticas, de destrezas analíticas afinadas, co que promover a figura do profesor

reflexivo e investigador, consciente dos porqueres, dos modos de articulación, e das posibilidades de configuración dos saberes didácticos que constitúan o cerne da súa profesionalidade. Isto esixe levantar os veos das realidades e das configuración curriculares aparentes e máis externas; desentrañar as interioridades, podendo dispoñer de conceptos analíticos e interpretativos que, amodo de caixa de ferramentas, poden empregar a fin de re-construír enfoques e prácticas con autonomía e como exercicio crítico adecuado e situacional patra o focio docente.

Juan Mainer, con admirable equipamento intelectual crítico, aborda esta ruta de estudo no campo das ciencias sociais e a súa didáctica. “A forxa dun campo profesional”: indaga a socióxénese en España da didáctica das ciencias sociais, a través dos textos, contextos e axentes que, entre 1900 e 1970, o foron dotando de vida e significados. Di el mesmo, “desentrañar a forxa, algo así como o xenoma ou matriz práctico-discursiva, dunha profesión, desde unha ollada profundamente xenealóxica”. Constata a actual e tortuosa derrota dos “expertos” neste campo didáctico, que une aos procesos avanzados de actual desprofesionalización dos corpos docentes (como outros ensaístas veñen poñendo de relevo), progresivamente relegados da reflexión e da produción pedagóxica e didáctica, nuha dirección contradictoria con recorridos históricos previos.

Tres grandes apartados estruturan esta “forxa”: a invención dunha “tradición” (discursos, suxeitos e prácticas na didáctica das cc. Sociais entre 1900 e 1939), a embrioloxía deste campo profesional, e a etapa preconstituínte deste campo (entre 1939 e 1970). Apartados que son

desgranados nos seguintes capítulos: as axencias produtoras de discurso, as tradicións discursivas observadas a través dos seus textos “visibles e performativos” (textos de fundamentación teórica xeral, textos declarativos desta didáctica, e libros de texto, como ortopedia do coñecemento desexable), as primeiras tentativas de institucionalización dun campo profesional, a didáctica histórico-xeográfica como saber-poder emerxente durante a IIª República, o remozamento dun modelo de profesionalización docente logo da Guerra Civil, a reinvenición discursiva das didáctica das ciencias sociais, e o campo profesional durante a chamada “transición curta” (1960-1970).

Case mil páxinas de minuciosos textos, presididos de continuo pola ollada crítica, hermenéutica e interpretativa do autor para ofrecernos unha precisa luz sobre a configuración, alcances e variabilidade histórica da didáctica das ciencias sociais en España; unha historia profundamente dialéctica, de autores, axencias e prácticas, para a consciencia necesaria no noso presente.

De algún modo complementario, a obra *Inventores de sueños. Diccionario bioprofesional...compón* unha moi interesante galería sobre unha xeneración de docentes e pedagogos que sobre todo durante os anos vinte-trinta contribuíron a forxa e divulgación dunha (aínda recente) “tradición discursiva” sobre o ensino escolar da historia e a xeografía, facéndoo desde un otorgado valor valor(e inxénuo) taumatúrxico concedido á escola (endalí, o título *Inventores de sueños*), por ter apostado por situar a razón pedagóxica-escolar no punto de mira de todos os discursos emancipatorios e de todas as re-

formas sociais por vir: profesores normalistas, inspectores, catedráticos, mestres de escola primaria,...ata un total de 120 bio-bibliografías de constante interese, observadas desde criterios historiográficos como os sinalados para o caso do libro *A forxa dun campo profesional*.

Estamos antes textos que, en gran medida, marcan un antes e un despois no estudo da historia do currículo entre nós, dado o seu rigor historiográfico e a calidade das súas aportacións.

Antón Costa Rico

DE GABRIEL, N. (2010), *Elisa y Marcela. Más allá de los hombres*, Barcelona, Editorial Libros del Silencio, 477 pp.

Es bien sabido que el magisterio fue un colectivo controlado por la iglesia y por los caciques de cada época, y que las maestras estuvieron sometidas a la estricta vigilancia de la sociedad. Gran parte de los expedientes incoados a maestras estaban relacionados con su vida privada, con sus comportamientos extraescolares y no con cuestiones estrictamente derivados de su trabajo en las aulas. La vida de las maestras, sobre todo en los pequeños núcleos rurales como en los que trabajaron Elisa y Marcela, se reducía a la escuela y la iglesia. En este contexto de falta de horizontes, dos maestras reunieron el valor suficiente para enfrentarse a la sociedad y procuraron, por encima de cualquier otra cosa, su felicidad. Por eso se casaron —sirviéndose de mil argucias, mintiendo como mienten los enamorados— en la parroquia de San Jorge de Coruña el 8 de junio de 1901. Aquel fue, como se calificó en la prensa, un matrimonio sin hombre.

Marcela y Elisa hicieron cuanto estuvo en su mano para amarse. Por estar juntas renunciaron a su trabajo, a su familia, al país en el que habían vivido, se enfrentaron a burlas, censuras, insultos y acusaciones injustas. El malditismo de estas maestras fue una creación de los medios de comunicación de la época, tal y como demuestra Narciso de Gabriel en su búsqueda de datos sobre este episodio en las páginas de la prensa gallega, en la prensa de Madrid, de Portugal o de Buenos Aires. Los periódicos buscaban el sensacionalismo, publicitando los aspectos más escabrosos de la imagen de estas dos mujeres que decidieron amarse a costa del dolor, del desprecio, de la burla y de la condena pública. Y esta persecución mediática fue rentable. La revista *Nuevo Mundo* vendió en los días 3 y 4 de julio de 1901 cerca de veinte mil ejemplares, algo inusitado en la época. Cuando en 1904 los medios de comunicación dejaron de ocuparse ellas, se les pierde la pista, como si Elisa y Marcela hubieran desaparecido de la historia.

Aunque siempre se ha perseguido a quienes sueñan y a quienes son felices, estas maestras tuvieron el valor para enfrentarse consigo mismas, el valor de aceptar sus deseos y de luchar por sus sueños para no llevar una existencia hipócrita.

El profesor Narciso de Gabriel nos tiene acostumbrados a trabajos rigurosos, hechos sin ruido y sin prisa, estudios demorados, investigaciones a las que dedica el tiempo que cada proyecto le demanda. Así lo hizo, por ejemplo, en *Escolantes e escolas de ferrado* (2001), en *Ler e escribir en Galicia* (2006), o en una investigación particularmente cargada de valores éticos, origen del brillante artículo publicado en el año 2000 en esta misma revista: «Arximiro Rico. Vida e morte dun mestre republicano», y, ahora, con *Elisa e Marcela, Alén dos homes* (Nigratreia, 2008) ha demostrado que es posible esperar quince años para

completar todos los detalles de «una de las más extraordinarias historias de amor de todos los tiempos», como califica Manuel Rivas a la historia de Elisa y Marcela en el prólogo a la edición en castellano de la obra.

Afortunadamente Narciso de Gabriel es el historiador tranquilo que lee sin prisa, escribe acariciando cada palabra —esa pasión por la escritura bien hecha le ha valido premios tan prestigiosos como el María Barbeito, el Losada Diéguez, el de la Crítica y el Concepción Arenal—. El autor no ha caído en la tentación de querer publicar una exclusiva, una primicia sobre una historia tan apasionante. Para demostrar esta pasión por el trabajo bien hecho basta reparar en las 522 notas al final del texto, en el brillante análisis de las claves interpretativas que el profesor de Gabriel ha hecho en la segunda parte del libro —hermafroditismo, lesbianismo, travestismo y feminismo— o en el documentadísimo

anexo en el que se reproducen documentos esenciales para entender e interpretar este suceso.

No puedo escribir en *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* sobre este libro ni sobre su autor sin tener un recuerdo de admiración y de cariño para Herminio Barreiro, un profesor que hizo suya la promesa de Protágoras cuando invitó a Hipócrates a que fuera su alumno: «Si me acompañas te sucederá, cada día que estés conmigo, que regresarás a tu casa hecho mejor ». Y eso es lo que le ocurrió a Narciso de Gabriel y a un puñado de historiadores gallegos que proyectan de mil maneras en sus clases, en sus investigaciones y en cuanto escriben el poso que dejó en sus vidas el privilegio de haber conocido a Herminio Barreiro.

Víctor Juan Borroy

Universidad de Zaragoza

NORMAS DE PUBLICACION

1. Os autores enviarán os seus traballos á Secretaría de Redacción, quen acusará recibo dos mesmos. A súa publicación dependerá do criterio do Consello Editor e do resultado da avaliación externa á que serán sometidos.
2. Os orixinais deberán presentarse necesariamente en soporte informático, especificándose o programa e versión do procesador de texto (preferiblemente en formato RTF, aínda que excepcionalmente tamén se poden enviar en Microsof Word 97 ou versións anteriores). Deberá adxuntarse tamén unha copia impresa con letra New York tamaño 12, con interlineado de 1,5 debidamente numerada.
3. Os autores remitirán en folla aparte os seguintes datos: nome e apelidos, enderezo completo, teléfono e, no seu caso, correo electrónico.
4. Na cabeceira de cada traballo deberán figurar os seguintes datos: título, nome e apelidos do autor/a e centro de traballo. Cando se trate dun Estudio, figurará a continuación un resumo do traballo realizado no idioma en que se redacte o texto e outro en inglés, cunha extensión máxima de 150 palabras.
5. A extensión non excederá de trinta páxinas nos Estudos, quince nos Documentos e cinco nas Novas.
6. Normalmente utilizarase o sistema cita-nota, aínda que cando a natureza do traballo o requira poderá empregarse o de autor-data. No primeiro caso as notas serán correlativas e irán a pe de páxina.
7. As referencias bibliográficas, cando se utilice o sistema cita-nota, adoptarán a seguinte forma:

Libros: nome e apelidos do autor (por esta orde e en minúscula); título (cursiva); lugar de edición; editorial; ano de publicación; e, no seu caso, a páxina ou páxinas. Cada un destes datos separarase mediante comas.

Artigos: nome e apelidos do autor (por esta orde e en minúscula); título (entre comiñas); denominación da revista (cursiva); volume e/ou número; ano; e páxinas. Cada un destes datos separarase mediante comas.
8. Os cadros, gráficos e ilustracións presentaranse nun arquivo específico e numeraranse correlativamente, indicándo no texto o lugar onde deben inserirse.
9. A Revista publicarase preferentemente en lingua galega, aínda que tamén está aberta a colaboracións en castelán, catalán e portugués.
10. Cada autor recibirá un exemplar da Revista e no caso dos Estudos e Documentos entregaráselle ademais vinte separatas da súa colaboración.
11. Os orixinais remitiranse ao seguinte enderezo:

Revista Sarmiento

Departamento de Pedagogía e Didáctica das Ciencias Experimentais

Facultade de Ciencias da Educación

Campus de Elviña

15071 A Coruña

ESTUDIOS

Narciso De Gabriel	13	* Castelao, educador da nación.
Antón Costa Rico	27	* O Seminario de Estudos Galegos: laboratorio dun plan pedagógico para Galicia.
Xosé Fernández Fernández	51	* O problema da galeguización do ensino superior na Galicia de preguerra
Decio Gatti Junior	67	* Historia de la Enseñanza de la Historia de la Educación en Brasil: hermenéutica y heurística de una investigación (1930-2000)
Benjamín Rivaya	81	* Breve biografía de Veneranda Manzano (1893-1992)
Patricia Delgado Granados	89	* El proyecto de Universidad gironiano para la clase trabajadora y su sistema de estudios
Belén García Cabeza	109	* A educación das mulleres no pensamento feminista galego de finais do século XIX e comezos do XX: a perspectiva de Emilia Pardo Bazán
José Santos Puerto	125	* Acerca de la naturaleza y de la patria del Padre Sarmiento
Documentos		
Eugenio Otero Urtaza	135	* Unha ducia de cartas de Manuel B. Cossío a Francisco Giner dende San Victorio (Bergondo). Nadal de 1895.
Novas	157	

Sarmiento/14, 2010

Universidade de Vigo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación